



PARLAMENTO DE GALICIA

III Lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión plenaria núm. 104

Celebrada o martes, 10 de marzo de 1992

ORDE DO DÍA

Punto único: Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e corenta minutos da mañá.

0 señor presidente rógalle 6 señor secretario que dea lectura á orde do día. Así o fai o señor secretario (Iribarren Fernández-Rogina). Cuestións de orde dos señores Nogueira Román (G. P. Mixto), Beiras Torrado (G. P. do Bloque Nacionalista Galego) e Sánchez Castiñeiras (G. P. Mixto) en relación coa ordenación do debate. 0 señor presidente manifesta que quedan recollidas as protestas formuladas.

Entrase na orde do día.

-Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro páx. 521

0 señor presidente da Xunta de Galicia (Fraga Iribarne) fai uso da palabra para lle dar cumprimento a este punto da orde do día.

0 señor presidente suspende a sesión ata as cinco e media da tarde.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

Na rolda de posicións de grupos parlamentarios para fixar posicións en relación coa intervención do señor presidente da Xunta de Galicia (Fraga Iribarne), fan uso da palabra os señores Sánchez Castiñeiras (G.P. Mixto), Nogueira Román (G.P. Mixto), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Sánchez Presedo (G. P. dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G.P. Popular). Intervención do señor presidente da Xunta de Galicia (Fraga Iribarne). 0 señor presidente abre unha rolda de réplica. Nesta rolda fan uso da palabra os señores Sánchez Castiñeiras (G.P. Mixto), Nogueira Román (G. P. Mixto), Beiras Torrado (G. P. do Bloque Nacionalista Galego), Sánchez Presedo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G.P. Popular). Nova intervención do señor presidente da Xunta de Galicia (Fraga Iribarne).

0 señor presidente consulta á Cámara se o prazo de presentación das propostas de resolución, que estaba previsto ata as trece horas, se pode adiantar ás doce horas. A Cámara mostra a súa desconformidade. En consecuencia, ás trece horas remata o prazo de presentación das propostas de resolución.

0 señor presidente suspende a sesión ata mañá ás cinco da tarde.

Suspéndese a sesión.

Eran as dez e corenta e cinco minutos da noite.

Abrese a sesión ás dez e corenta minutos da mañá.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): O señor secretario da Mesa vai dar lectura á orde do día.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Rogina): Bos días, señoras e señores deputados.

"A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar sesión plenaria para o día de hoxe ás dez e media no pazo do Parlamento. De non se esgota--la orde do día continuará ó día seguinte.

De acordo coa Mesa--Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 5 de marzo, a orde do día é a seguinte:

Punto único.-- Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia, para expoñe--lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992."

O señor PRESIDENTE (García Leira): Gracias, señor secretario.

(Pide a palabra o señor Nogueira Román).

O señor PRESIDENTE: (García Leira): ¿Para que pide a palabra, señor Nogueira?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Para manifesta--la miña protesta, señor

presidente, porque o debate non teña en conta o dereito dos grupos parlamentarios.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Ten a palabra se é para formula--la cuestión de orde e se non recollémo--la súa protesta.

O señor NOGUEIRA ROMAN: A cuestión de orde, señor presidente, é a seguinte.

Eu, como membro do PSG--Esquerda Galega e membro do Grupo Mixto, reclamo que o debate comece polo discurso do señor presidente da Xunta e que haxa un aprazamento de vinte e catro horas para que os grupos parlamentarios teñan a posibilidade de analiza--las posicións do presidente e expoñe--las propias. Se non é así, señor presidente, eu considero que desde a Mesa se está manipulando este Parlamento e non respectando os antecedentes parlamentarios, concretamente o debate sobre o estado da nación galega do ano pasado. Neste sentido reclamo formalmente que se aprace o debate despois do discurso do presidente ata mañá á mesma hora.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Gracias, señor Nogueira. Esta Presidencia rexeita os termos de manipulación. A Mesa do Parlamento, á que esta Presidencia non puido asistir persoalmente, pero que asume totalmente, non fixo máis ca seguir--las indicacións e as opinións maioritarias da Xunta de Portavoces.

(Pide a palabra o señor Beiras Torrado).

O señor PRESIDENTE (García Leira): ¿Para que pide a palabra, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Expoña o artigo do Regulamento.

O señor BEIRAS TORRADO: O artigo que lle confire ó señor presidente da Cámara as facultades para altera-la orde do día e a ordenación do debate. O propio Regulamento, artigos 72.1 e 78.2, confírelle a potestade de elaborar. Neste caso foi usurpada pola Mesa, segundo o escrito da propia Mesa que di que deu a súa aprobación, cousa que significa que aproba a Mesa e, polo tanto, decide a Mesa.

Solicito que, polo tanto, se acomode ó precedente inmediato, nesta mesma lexislatura, nesta mesma Cámara e co mesmo presidente da Xunta, señor Fraga --polo tanto co mesmo Goberno--, celebrado o día 19 de febreiro de 1991, onde se interrompeu o debate despois do discurso do señor presidente e se reiniciou o día seguinte pola mañá. Isto é algo razoable, pero agora seica se pretende imita-lo que ocorre nas cortes das vacas sagradas do Estado español, é dicir, alá nas Cortes españolas, onde os debates ultimamente non son debates nin farrapos de gaita e onde se leva todo prefabricado. O mellor algúns portavoces teñen xa fabricado o seu discurso sen escoita--lo do señor presidente.

Polo tanto, requiro que o señor presidente da Cámara, en uso das súas facultades, modifique a ordenación do debate e a orde do día e que, polo tanto, despois do discurso do señor presidente se interrompa a sesión, como aconteceu o ano pasado, deica mañá pola mañá. Dese xeito poderemos ter un debate que sexa un diálogo e non un xogo de frontón con posturas prefabricadas, porque, desde logo, xa pasou a época das oposicións a cátedras e demais, dos encerros e de quedar ó medio día sen comer para estudia-lo discurso do presidente.

Se quere que non se teña en conta o que diga o señor Fraga, entón podemos continuar, nós somos

capaces de falar improvisando, mesmo dicindo o que temos reflexionado ó longo de moito tempo; pero se se quere un debate razoable, e non vexo motivos para que non sexa así, é que se proceda coma o ano pasado, ¿está claro?

Gracias.

(Pide a palabra o señor Sánchez Castiñeiras).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Señor Sánchez Castiñeiras, o Grupo Mixto xa falou por boca do señor Nogueira.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor presidente, o portavoz do Grupo Mixto neste mes son eu, por conseguinte quero facer uso da palabra.

(Risos).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moi ben, entón damos por non escoitado o que dixo o señor Nogueira.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Pois deáo vostede por non escoitado, pero xa o dixo.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Señor Sánchez Castiñeiras, a Xunta de Portavoces acaba de celebrar unha reunión e en representación do Grupo Mixto asistiu o portavoz suplente, señor Nogueira Román. Se o señor Nogueira Román, que acaba de asistir á reunión da Xunta de Portavoces, pide a palabra polo Grupo Mixto nesta sesión, o lóxico é que esta Presidencia lla dese.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Eu quero facer consta--la miña protesta pola ordenación dun debate dunha transcendencia tan importante como é o estado da Autonomía no momento actual. Nós sumámonos ás interven-

cións dos anteriores portavoces, no sentido de que o debate debe ser continuado mañá, cando teñamos tempo de estudia--lo discurso do señor presidente.

Por conseguinte, como é unha tradición deste Parlamento, e sempre se celebrou deste xeito, pedimos que figure a nosa protesta na acta da sesión.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Recollidas as protestas dos grupos, comezámo--lo desenvolvemento da orde do día da sesión.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta para expoñerlle o seu informe á Cámara.

--DEBATE DE POLITICA XERAL COA COM-PARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PARA EXPOÑE--LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMIA, A ACTUAL SITUACION DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA E A SUA ARTICULACION E DESENVOLVEMENTO FUTURO.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados.

Comparezo, no espírito dos artigos 15 e 17 do noso Estatuto, e do artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, para informar a esta Cámara sobre o estado da nosa Autonomía.

Se é razoable e conveniente un debate desta natureza a estas alturas de cada ano, resulta particularmente oportuno no momento presente. Atopámonos na metade da duración normal desta lexislatura; o Goberno someteu xa á aprobación do Parlamento os tres primeiros presu-

postos dela; a xestión da Administración galega culminou unha serie de importantes transferencias e de acordos con Madrid, con Bruxelas, con outras autonomías e coa rexión norte de Portugal; rematouse con notables melloras a negociación da primeira fase do financiamento autonómico; e puxéronse en marcha importantes plans que afectan ás nosas infraestructuras básicas e, polo mesmo, ó desenvolvemento real de Galicia.

E obvio que afrontamos con actitude igualmente realista e esixente as fases aínda pendentes do financiamento autonómico que por moitos motivos revisten innegable transcendencia para o futuro financeiro da Comunidade.

Por outra parte, a historia, no seu curso imparable, alterou elementos importantísimos do noso medio. Vivimos nun mundo cada vez máis interdependente; desde que este Goberno iniciou a súa andadura, unha nova orde internacional, unha unión europea máis estreita e un novo equilibrio político en España constitúen datos esenciais da conxuntura económico--social, da conciencia cultural e da realidade política. Trala derruba das fórmulas socialistas do Leste de Europa e da estrutura de poder militar que as apoiaba; despois da Guerra do Golfo, reflexo do afundimento da estrutura bipolar do poder mundial; tralos acordos de Maastricht e con isto a aproximación da unión política e monetaria de Europa, ó mesmo tempo que entra en vigor o seu Mercado Unico; e logrado, en medio de notables alteracións do mapa político español, un pacto autonómico que realza o desenvolvemento do Estado das autonomías, á vez que lles pon fin ós nostálxicos intentos de revisa--los equilibrios xurídico--políticos básicos da nosa Constitución, atopámonos, sen dúbida, nun momento interesante para face--lo punto da nosa situación, o balance das realizacións do Goberno galego e a exposición dos proxectos en curso, para os próximos meses e ata o final da presente lexislatura.

Non vou facer nin un discurso triunfalista, aínda que non faltaran motivos de lexítima satisfacción para os nosos esforzos, nin tampouco deses que tanto agradan a algúns, de frustracións e lamentacións --por certo ben inútiles--. O realismo e o sentido común serán a nosa agulla de marear. Só estamos satisfeitos dunha cousa: da nosa oportunidade de servi--lo pobo galego nun momento significativo da súa historia, e desde o noso labor aquí, e en contacto con tódolos galegos do ancho mundo, de servir a unha máis perfecta e esperanzadora unión europea, e, nesta fin do segundo milenio da nosa era, a un mellor entendemento e solidariedade de toda a humanidade.

Antes de entrar en consideracións de carácter sectorial, permítanme algunhas previas de base xeral. Galicia, pola confianza que en nós tivo a ben deposita--lo corpo electoral, tivo, ó longo dos últimos anos, un Goberno estable, capaz de lles facer fronte ás súas responsabilidades; unha Administración seria, sen improvisacións e capaz de acomete--las reformas necesarias; unha política e unha xestión ordenada, que lles fixo fronte ós problemas básicos do momento e preparou plans importantes para o futuro; démoslle credibilidade e esperanza ó desexo da maioría de lograr, en orde e paz, unha Galicia mellor.

Un Goberno estable e capaz de tomar decisións, apoiado nunha maioría firme e coherente nesta Cámara, e que as eleccións municipais e provinciais confirmaron como cada vez máis representativa dos galegos; maioría baseada, ó principio, nunha coalición sólida e homoxénea e desde hai uns meses pertencente ó refundado Partido Popular de Galicia. Ese Goberno foi capaz de afrontar tódolos problemas dun momento de recesión mundial xeneralizada e de transición complexa en relación coa integración europea; de continua--lo desenvolvemento estatutario e de asumir novas competencias; de gobernar, en suma, sen

eludir ningún tipo de responsabilidades.

Estableceuse unha Administración seria, que acometeu problemas importantes da súa propia organización e reforma, poñendo en marcha un espectacular proceso de consolidación e ordenación da función pública, de desconcentración e axilización dos servizos públicos, da comarcalización destes e da formación e promoción do persoal.

A coordinación a tódolos niveis foi unha constante, que se traduciu nunha indubidable mellora do servizo á sociedade.

Unha xestión económica eficaz e exemplar permitiu cumprir eficientemente dous presupostos, que houbo que aprobar en poucos meses e executar con tempo limitado; achegalos recursos precisos, chegando a duplicar practicamente o presuposto da nosa Autonomía; dotar de novos servizos e reforza--los investimentos en plans de importancia que logo se detallarán.

Galicia estivo gobernada e administrada. Dialogouse con todo o mundo e con tódolos sectores económicos, sociais e culturais, pero sen abdicar das nosas responsabilidades. Acometéronse os grandes problemas e preparáronse as solucións, co horizonte do ano 2000. Estivemos presentes en Bruxelas, en Madrid e nas comunidades autónomas irmás, e en tódolos lugares onde existen comunidades galegas no exterior. Galicia figura hoxe en tódolos mapas políticos e informativos do noso contorno, e non fixemos máis ca comezar. Queremos unha Galicia grande, esperanzada, motivada, sen complexos nin encollementos; e lográremola, seguindo o que xa é un bo camiño, cheo de ilusión e de responsabilidade.

O marco autonómico e o seu desenvolvemento.

Galicia está en plena consolidación e desenvolvemento da súa au-

tonomía. Hoxe somos unha Comunidade con tódalas competencias básicas, mesmo en temas como a sanidade e a Policía, con importantes avances noutros terreos, ou xa logrados ou en transo de inmediato logro, como as cámaras agrarias e a formación ocupacional.

Pero tamén sobre isto desexo facer unhas consideracións de principio. Como dixo Einstein en memorable ocasión, o descubrimento da enerxía nuclear cambiouno todo, menos o noso xeito de pensar. Nós establecemos esa importantísima reforma que é o Estado das autonomías pero ás veces seguimos pensando nos termos dos vellos conceptos dos estados centralizados do pasado. Os uns, pensando desde Madrid en fórmulas que reducirán as autonomías estatutarias a meras corporacións descentralizadas, suxeitas á tutela administrativa e económica; os outros, pensando en que as comunidades autónomas se converten agora en novos estados, por suposto tan centralistas coma os anteriores, e que tampouco acepten nin a comunidade nacional nin a integración europea.

Unha e outra desviación, máis frecuentes do que admite o sentido común, móvense fóra da realidade política e, por suposto, do ordenamento constitucional; e o que é peor, ignoran a complexidade inevitable da vida social e política.

A realidade é que a autonomía é outra cousa; é un sistema que busca non o illamento ou a confrontación senón fórmulas dunha perfecta unión, sen descoñece-la identidade e os lexítimos intereses da cada Comunidade nin dificulta-la necesaria integración e cooperación de todos.

Hoxe vivimos nun ordenamento xurídico complexo, non monista, senón pluralista, que integra concellos, comarcas, provincias, comunidades autónomas, estados nacionais, unións continentais e o ordenamento universal das Nacións Unidas. Non hai sitio aquí para o victimismo nin para a confrontación sistemáti-

ca; tampouco o hai para os resaibos centralistas, as desconfianzas, os obstruccionismos ou a duplicación de servizos.

O sistema autonómico, como todo sistema federalizante, débese basear en tres grandes principios: a autoidentificación, a lealdade e a cooperación. Autoidentificación, é dicir, aceptación da personalidade, continuidade cultural, autogoberno. Lealdade constitucional (a Bundes-treue dos alemáns), pois non se trata de enredar, senón de traballar xuntos. Cooperación e responsabilidade, cada un no seu terreo e no seu ámbito de competencia.

A Constitución española de 1978, nos traballos da cal me honrei en participar, non lles deu solucións estáticas ós problemas dunha sociedade en transición, senón que deixou oportunamente abertos dous grandes procesos: o das autonomías rexionais (artigo 2 e título VIII) e o da integración europea (que, por certo, na miña opinión foi o suficientemente prevista nos arts. 13 e 93, e non require polo tanto cambios constitucionais para a ratificación dos acordos de Maastricht). Isto require un esforzo constante para lograr progresivamente un novo equilibrio entre as tres instancias principais do poder: a Unión Europea, os estados nacionais e as comunidades autónomas. Penso que desde Galicia estamos contribuíndo seriamente a este proceso, con clara presenza en Bruxelas e Madrid e cunha rede crescente de relacións con outras comunidades rexionais, dentro e fóra de España. Quero destacar, a este respecto, a iniciación prometedora dos traballos da Comunidade de Galicia coa rexión norte de Portugal, así como as posicións adquiridas, por primeira vez, no Consello Consultivo das Rexións da Comisión Europea e nas principais organizacións especializadas destas rexións europeas.

Galicia, pola súa intervención eficaz nas negociacións sobre financiamento autonómico, no chamado

"pacto autonómico", e co seu propio exemplo de crecemento e aproveitamento do teito autonómico, encóntrase agora nunha situación exemplar nestas cuestións, e perseverará neste camiño.

Neste sentido, unha vez máis, teño que destaca--la necesidade de reforma da Constitución en canto ó papel que o Senado debe representar como garante e impulsor do Estado das autonomías e da solidariedade entre as rexións e nacionalidades.

A consideración do Senado como primeira Cámara en todo o que se refire a temas que afectan directamente ás comunidades autónomas e a ampliación do número de senadores establecendo un equilibrio numérico entre aqueles que representan directamente as provincias e os que serían elixidos polas respectivas cámaras autonómicas introducen unha nova dinámica que permitiría que o proceso autonómico se consolide e avance, sen mingua da necesaria capacidade de toma de decisión que lle corresponde ó Goberno central naqueles temas que transcenden dos aspectos territoriais.

Quizais estas propostas tarden tempo en aceptarse e ser asumidas, pero é a nosa obriga deseña--lo futuro e avanzar na dirección que demandan os ventos da historia, co fin de conxuga--los lexítimos dereitos dos pobos coa realidade europea e coa realidade que é España. Neste sentido congratúlome e fago miñas unhas recentes palabras do Sr. Arzallus:

"Estado e independencia forman xa parte da terminoloxía do pasado. Resistirse á desaparición das fronteiras internas, á moeda única ou a un futuro Exército europeo é loitar contra a historia".

Neste deseño de futuro teño de proclamar non só a miña satisfacción polo logro do pacto autonómico, como dicía antes, senón manifestar que a ampliación das competencias das comunidades autónomas do artigo 143, proceso que procurei

apoiar en todo momento, debe ser seguida nun inmediato futuro pola consideración de administracións únicas no territorio das comunidades do artigo 151, salvo aquelas materias que constitúen o núcleo da solidariedade e a definición do marco propio do Goberno central concretadas, a nivel periférico, substancialmente na Facenda, en canto recadadora dos grandes impostos e das cotizacións á Seguridade Social, sen prexuício da necesaria corresponsabilidade fiscal; o sistema básico de prestacións da Seguridade Social, en especial desemprego e pensións, ademais do ámbito xa consagrado no noso sistema constitucional da Administración de Xusticia, que lle corresponde ó poder xudicial, e a seguridade xeral.

As institucións galegas

O Goberno galego continuou a súa tarefa de afianzar, desenvolver e poñer en marcha as institucións básicas do noso Estatuto, dotándoas dos medios axeitados e facilitando a súa consolidación e eficaz funcionamento.

Non me toca a min referirme á actividade deste Parlamento, representación do pobo galego. Os feitos deben ser máis elocuentes; este Parlamento é dos que no ano 91 volveu realizar máis horas de traballo parlamentario, o mesmo nas súas tarefas lexislativas que nas demais que prevé o artigo 10 do noso Estatuto. Traballos como o realizado pola Comisión especial sobre drogas poden sen dúbida poñerse como exemplo de bo servizo, cun informe ó nivel dos mellores de Europa.

A Xunta continuou o seu traballo de reforma e dotación de medios da Administración galega. Atrévome a afirmar que ningunha das demais autonomías acometeu e está realizando en tan escaso tempo un labor de tanto fondo e importancia. Superámo--la tentación --e comprendo que algúns correligionarios nolo reprochen-- de aproveitarnos da si-

tuación, para emprega--los nosos amigos e deixar que o problema seguise agravándose. Galicia vai ter, en lugar da mera adición dos funcionarios transferidos e de diversos colectivos de designacións máis ou menos improvisadas --é a forma máis suave de describilo-- un sistema serio de servidores da autonomía galega, pasadas as probas de suficiencia e sen prioridades para ninguén.

Paralelamente, foi establecida unha seriea desconcentración provincial que agora está a piques de se completar co Plan de comarcalización, xa ben estudiado e testado en catro comarcas piloto, ás que pronto se lles engadirán oito máis, e que supón (á parte dun mero desenvolvemento, no seu espírito e na súa letra, do noso Estatuto) unha aplicación dos principios máis aceptados dunha verdadeira ordenación do territorio e a súa integración administrativa. Se toda Europa, menos España, dispón dese nivel de coordinación e administración comarcal (condados, círculos, cantóns, "arrondissements", etc.), en ningún sitio é máis necesario ca na realidade da nosa terra, coas súas famosas (pero reais) 32.000 unidades de poboación. Tamén aquí sabemos que non faltarán os inconvenientes nin as incompreensións, pero sabemos que ó final Galicia e o noso pobo estarán mellor servidos.

En materia de xusticia, o Goberno galego apostou clara e decididamente pola plena colaboración co poder xudicial, tanto a nivel do Ministerio de Xusticia coma co Consello Superior do Poder Xudicial, encontrándose, entre outros temas, moi avanzadas as conversas para o asinamento dun convenio para a mellora das instalacións dos tribunais, nos próximos anos. Entre outras contribucións, a Xunta cedeu unha parcela de terreo nunha das mellores zonas da Coruña, estremeira co edificio dos novos xulgados, para a construción da nova Audiencia, permitindo así a plena ocupación do edificio actual para unha digna instalación do Tribunal Supe-

rior de Xusticia de Galicia.

O Valedor do Pobo

Esta institución, prevista no artigo 14 do noso Estatuto, en relación co artigo 54 da Constitución, demorada moitos anos na súa entrada en funcionamento, está agora, polo decidido esforzo desta Administración, en plena actividade.

A recente memoria formulada polo Valedor do Pobo é expresión da utilidade desta institución que, unha vez nomeados os vicevaledores e dotados os cadros do persoal básico, entrará pronto en funcionamento normal coa entrega do novo edificio.

O Goberno galego, con total respecto a esta institución, quere expresa--lo seu total apoio ó Valedor do Pobo, ofrecéndolle toda a súa colaboración para o cumprimento da súa función.

Consello de Contas

Previsto no artigo 53, número 2, do noso Estatuto (en relación cos 136 e 153 da Constitución), regulado pola Lei de Galicia do 24 de xuño de 1985 (modificada o 26 de decembro de 1986), a presente Administración prestou o seu máximo apoio para lograr primeiro (e por fin) a súa constitución e despois para prestarlle os medios necesarios para o seu funcionamento.

A próxima inauguración da súa nova sede, deixando a provisional (pero perfectamente digna) situada no edificio da EGAP, constituirá a expresión do pleno funcionamento desta institución básica para garanti--lo correcto emprego dos fondos públicos, velando para que este emprego se axuste ó ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade determinado por criterios de eficiencia e economía, como sinala o artigo 4 da súa lei constitutiva.

Policía Autónoma e Policía Local

Os poucos meses transcorridos desde o inicio da actividade da unidade de Policía Nacional adscrita á Xunta de Galicia permitiron constata-la eficacia do acordo suscrito co Ministerio do Interior.

Aínda que neste período inicial concentraron a súa actuación nos aspectos básicos contemplados no dito acordo (vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma), prestou xa unha eficaz axuda e apoio á Consellería de Pesca, así como en materia de xogo, e pronto cooperarán nas accións precisas para loitar contra os que criminalmente pretenden incendiar--los nosos montes.

Pouco a pouco vaise así consolidando como a nosa Policía autonómica, como unha unidade profesional ó servizo de Galicia.

Teño de destacar ante as súas señorías a moi recente aprobación da Lei de coordinación de policía locais, peza clave, unida á anterior, para conseguir unha mellora substancial na seguridade das nosas cidades e vilas.

Profesionalización e mellora da capacitación profesional dos axentes, regulamentación precisa para cubrir tódalas posibles actuacións e coordinación entre as policía locais son as pezas básicas desta lei na que a Comisión de coordinación, onde teñen maioría os concellos de Galicia, desempeñará o papel fundamental.

A acción completárase coa que espero pronta aprobación da Lei de creación da Academia Galega de Seguridade, órgano ó que se lle confía a misión de formación e perfeccionamento das policía locais, Policía Autónoma e bombeiros.

Administración local

O esforzo que está a facer este Goberno para mellora-la eficacia da súa Administración, tanto no que se refire á formación e perfeccionamento do seu persoal coma á informatización dos seus servizos, quere facelo igualmente para colaborar coas corporacións locais no mesmo proceso de mellora da Administración municipal.

Quero destacar aquí o programa de apoio que dentro do Fondo de Cooperación Local se prevé para a informatización dos concellos, tanto en asistencia técnica á implantación coma en adquisición de equipos para os concellos rurais.

Debo salientar igualmente o avance substancial que en canto a transparencia e equidade representou a nova regulación do Fondo de Cooperación Local.

O Decreto 17/1992, do 19 de xaneiro, recentemente publicado, fixa a distribución do seu importe, que ascende este ano na súa configuración básica a case 4.000 millóns de pesetas, mediante módulos totalmente obxectivos, co cal se logrou un avance substancial sobre a situación anterior, tanto en transparencia e obxectividade coma en eficacia.

Por outra parte, tal como se prevé na Lei de presupostos, remitíraselle a esta Cámara o proxecto de lei que configure definitivamente este instrumento básico, despois destas experimentacións, para o reequilibrio territorial da nosa Comunidade. O novo fondo deberá estar necesariamente vinculado ás modernas técnicas de promoción do desenvolvemento local.

A economía, unha conxuntura chea de dificultades

E indubidable que vivimos uns momentos cheos de dificultades económicas e de tensións sociais. A maior potencia económica mundial, os Estados Unidos, a pesar do seu

gran triunfo militar no Oriente Medio e da súa hexemonía diplomática, nun mundo que deixou de ser bipolar, encóntrase en serias dificultades, cun alto endebedamento e caída de produción e do consumo. Alemaña, a pesar da súa aversión histórica á inflación, está aceptando solucións heterodoxas, a pesar do risco que supoñen, forzada pola necesidade de reconstruí-la zona leste e de evitar conflitos sociais. A situación non é mellor no Reino Unido, en Francia ou en Suecia. Non nos abraíemos, pois, de que determinadas dificultades nos afecten a todos. Galicia e toda a cornixa cantábrica de España e en realidade todo o arco atlántico coñécenas tamén.

A resposta non pode se-la desesperanza, xa que as dificultades poden e deben ser superadas. A defensa lexítima dos nosos intereses e dereitos non se pode reducir tampouco á mera queixa ou á exposición de agravios comparativos e menos a resentimentos. Non serán as manifestacións, os berros, os cortes de estradas, as folgas políticas, as que veñan sacarnos do atranco. A onda de incidentes das últimas semanas en toda España (algún dos cales, por certo, afectou á seguridade física do Parlamento irmán de Murcia) non dá a sensación dun nivel de desenvolvemento político senón máis ben, triste é dicilo, unha certa imaxe terceiromundista. O que temos que facer é enfrontarnos coa realidade, non intentar salva-lo que corresponde a outras etapas da vida económica e técnica e que hoxe está obsoleta, e facer plans para lograr outras fontes de traballo e de ingreso á altura dos tempos. Nin as minas esgotadas se recuperan, nin hoxe se requiren tantos petroleiros coma cando se pechou o canal de Suez, nin os consumidores van renunciar ás vantaxes do Mercado Unico.

O Goberno de Galicia, que extremou as súas xestións para un mellor financiamento, que está loitando por un incremento dos incentivos rexionais e unha maior parti-

cipación nos fondos estruturais comunitarios, que pronto van ser seis (un deles para pesca), que concertou coa Administración e coas empresas públicas correspondentes importantes plans de infraestructura, ratifica a súa vontade de diálogo con tódolos axentes económicos e sociais e tamén a de non abdicar de ningunha das responsabilidades. Oirá a todos e tomará as decisións adecuadas, dentro dos límites da lei, das súas competencias e do programa electoral que lle deu a confianza do pobo galego.

Ese programa baséase nun modelo non só coñecido senón que dispón do aval da súa aceptación pola maioría dos países desenvolvidos. E o sistema da economía social de mercado; é dicir, dunha economía mixta na cal a iniciativa e o mercado asumen as responsabilidades principais na asignación dos recursos, pero as autoridades públicas preparan as infraestructuras, coordinan os plans indicativos macroeconómicos e garanten un mínimo de servizos sociais, á vez que promoven os sectores menos atendidos e a concertación social.

Iso si que o fixemos e o imos seguir facendo. Galicia dispón xa, tras unha detallada descrición dos problemas e das posibles solucións nos libros brancos do Partido Popular, dun plan económico-social, cos seus equilibrios económicos e as súas prioridades, e desenvolvida nunha serie de programas sectoriais, como estradas, solo industrial, electrificación, gasificación, vivenda, etc.; da mesma maneira que asumimos plans de choque, en temas como os incendios forestais ou a crise pesqueira, sempre que iso foi necesario. Iso é gobernar facéndolles fronte ós problemas, e non limitarse a dar voces ou expresar lamentos que só serven para crear falsas esperanzas e deixalas cousas como están.

E cando xorden situacións límite, de marxinación social, creámola renda de integración social (RISGA) e as demais axudas extraor-

dinarias que permiten palia--las insuficiencias dos automatismos do mercado.

Os factores básicos do desenvolvemento

Unha economía sa debe basearse no traballo, no aforro e na previsión. Nós imos fomentar esas virtudes tradicionais, hoxe necesitadas de recordatorio como todo o evidente. Dise que non hai traballo, pero cada vez son máis os postos ofrecidos que non encontran candidatos preparados ou simplemente dispostos a aceptalos, o que inevitablemente forza ó abandono de sectores productivos ou a que veñan clandestinamente emigrantes exteriores. Imos continuar e intensifica--lo gran esforzo para mellora--la formación profesional e capacitación agraria, pero ninguén se debe enganar, todos podemos e debemos traballar máis e mellor.

Pronto Galicia vai completa--lo seu marco básico competencial coa inmediata transferencia da formación ocupacional do INEM.

Un país só pode saír a adiante se sabe onde vai e pon os medios precisos e sobre todo a súa vontade, a súa intelixencia, para conseguilo.

A formación adecuada ás esixencias dunha sociedade complexa, tecnificada, constitúe un dos piares básicos do desenvolvemento. Estamos dispostos a ofrecerlles ás grandes empresas que se queiran instalar en Galicia e a tódolos nosos empresarios unha formación "á carta" axustada ás necesidades de cada empresa e que faga efectivo o principio de competitividade que debe presidir--la actuación nun mercado aberto e no que a preparación técnica e a iniciativa individual son as armas básicas.

Unha vez máis hai que recordar que as solucións ós problemas da época son moitas veces as raíces

dos problemas do período seguinte. Necesario como era un bo sistema de seguridade económico--social, que se converteu nunha das pedras mestras da estabilidade social da Europa occidental, non é menos certo que esa mesma seguridade social produciu un certo influxo de desánimo ó esforzo e ó espírito de previsión persoal e familiar.

Isto foi amparado polo descoído total da institución familiar. Mentres se melloraban outros aspectos dos servizos sociais, en axudas familiares quedamos como o último país, repito, o último país da Europa comunitaria, por detrás de Irlanda e Portugal, con niveis inferiores á décima parte da media das axudas europeas. O resultado está á vista: todo se espera dos presupostos públicos, esquecendo que os demais piden o mesmo e convertendo a vida social en momentos de recesión, nunha serie de mobilizacións en cadea, que obviamente se neutralizan unhas a outras.

Temos que te--lo valor de atrevernos a unha actitude distinta, creando as condicións para unha sociedade con estímulo e motivación para o esforzo e a iniciativa. No caso contrario entraremos na espiral de tódalas decadencias e da disolución dunha sociedade incapaz de mante--la súa demografía, o seu ton vital e a súa iniciativa creadora.

Por iso os nosos plans de desenvolvemento económico--social concentran o investimento nos sectores de infraestrutura, de investigación e desenvolvemento, de formación profesional, de potenciación dos nosos recursos endóxenos e de industrias con futuro, renunciando a botar diñeiro nos pozos sen fondo das empresas públicas ou dos sectores obsoletos. Por iso tampouco imos utilizar, fóra de casos excepcionais, as subvencións a fondo perdido, senón as axudas á compensación de puntos de interese nos créditos destinados a investimentos; deste xeito adiántase a decisión e o risco empresarial nunha verdadeira corresponsabilidade, pe-

ro certamente con apoio. Calquera outro sistema nos parece ineficaz, inxusto e exposto a arbitrariedades e desigualdades. Todo isto sitúa tamén o sistema financeiro que actúa en Galicia ante as súas responsabilidades de participar no desenvolvemento dunha terra na que hoxe obteñen máis recursos dos que se reinvesten.

A vella estabilidade social que, con tódalas súas limitacións, se deduciu dun minifundio que facía moitos propietarios debe ser completada hoxe coa facilidade de crear empresas e participar nelas, pero esquecendo os tempos do patacón no calcetín e buscando para os fillos a única perspectiva compatible coa natureza das sociedades actuais, unha boa formación profesional e un marco empresarial autónomo, para o que hoxe se dan tantas oportunidades, e non só no terreo dos servizos.

Un futuro esperanzador

Vimos que a Comunidade Europea cruzou en Maastricht a soleira capital da súa historia. Fálase agora de políticas comúns, máis alá das políticas de mercado único. Fálase así mesmo da irreversibilidade dun proceso que culminará na moeda única. En fin, un fondo social de cohesión, un calendario para a unión monetaria, un marco de defensa pro-atlantista son fitos imprescindibles para entender a sólida aposta dos doce para a Europa do ano 2000. Unha Europa anterior ás súas rexións e nacións que están nela, coexistindo nos seus diferentes graos de maduración e na súa enriquecedora variedade.

Entre esas rexións, Galicia afronta un futuro esperanzador, debendo ser á vez tradicional e moderna, rigorosa e vigorosa á hora de defender as súas posturas de futuro. Entre esas posturas está, como prioridade, a aposta polo seu desenvolvemento socio-económico.

Nestes anos de Goberno a economía internacional e a nacional ingresaron na fase depresiva do ciclo económico. En 1991 produciuse a ruptura decrecente nas cifras de paro que viñan manténdose desde 1985. As nosas cifras de inflación, déficit exterior, infraestructuras, desemprego, están aínda afastadas das constantes vitais da economía comunitaria. Mentres tanto, dúas locomotoras, Alemaña, en plena dixestión unificadora, e Estados Unidos, case parada, aboan o pesimismo expresado por un recente informe do Fondo Monetario Internacional. Por outra banda, as necesidades de converxencia en Maastricht, imponen novos condicionantes para as políticas económicas, central e autonómica. Nese ambiente é máis imprescindible ca nunca o rigor nas seleccións de gasto e, en suma, a elección dunha estratexia de desenvolvemento que responda ó cabal diagnóstico da situación estrutural e conxuntural da nosa economía.

E confortador comprobar que a nosa opción estratéxica, anunciada en 1990 e posta en práctica do 1991 ó 1992, foi a acertada. E vanme permitir, señorías, unha breve referencia a tan importante cuestión.

O modelo de desenvolvemento para Galicia asumido pola Xunta encádrase, como non podía ser doutro xeito, nos condicionantes constitucionais, estatutarios e nas experiencias europeas das rexións con problemas de desenvolvemento socio-económico.

A circunstancia de ser Galicia rexión de obxectivo número 1, e esperamos que ben pronto do obxectivo número 6 para a aplicación da política pesqueira, impón tamén condicionantes financeiros e de concepción en tal modelo. Doutra parte, os obxectivos de eficacia territorial e sectorial que se derivan da Acta única dos recentes acordos sobre a Unión Europea, fan inevitable un deseño de desenvolvemento baseado na eficiencia e eficacia administrativa. Polo tanto, a expresión "modelo de desenvolvemento para Ga-

licia" non é moito máis pero tampouco moito menos ca un conxunto coherente e realista de medidas coordinadas sectorial, territorial e temporalmente para intentar desbloquear desde as administracións públicas e co concurso dos sectores socioe--conómicos os principais freos estruturais da nosa economía.

Segundo esta formulación, ás administracións públicas, debidamente coordinadas e dentro das súas competencias e restriccións financeiras, concírnelle--lo principal papel de prestación de servicios públicos e creación de infraestructuras físicas, técnicas e humanas para o desenvolvemento. E á iniciativa privada confíase a resposta conducente á creación de empresas viables con capacidade de sosterse por si mesmas nun futuro tan dinámico como o que se avexiña.

Mais, non obstante, convén sub--liñar que o valor "eficiencia" deberá matizarse tendo en conta o distinto punto de partida do desenvolvemento rexional. De aí que tamén as administracións públicas en xeral deban ser belixerantes, en termos de equidade, para acelerar--lo proceso de converxencia en que consiste á fin o proceso a medio prazo do noso desenvolvemento socioe--conómico.

No Plan económico--social, que resume tal estratexia e desenvolvemento, priorízanse as actuacións investidoras e infraestructuras de todo tipo --físicas, técnicas, sociais-- e prográmase unha nova forma de promoción económica baseada en actuacións horizontais --a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)-- e en accións sectoriais a través das respectivas consellerías.

En suma, foméntase indirectamente a reactivación de tódolos sectores por medio dunha acción intensa en infraestructuras --plan de estradas, de polígonos industriais, de electrificación, vivenda, gasificación, etc.-- e promóvese directa e indirectamente a creación de

empresas viables a través do IGAPE e das actuacións sectoriais incentivadoras, en especial nos sectores máis impactados pola adhesión á Comunidade Europea, ata onde sexa compatible coa normativa e dentro dos condicionantes competenciais e financeiros correspondentes.

Por outra parte, a necesidade de cooperación, coordinación e participación xustifica a creación dun Consello Económico e Social. Na actualidade o seu proxecto de lei está xa ultimado.

Enténdese deste xeito que os inevitables axustes que impoñerá o Mercado Unico serán menos custosos en termos sociais e económicos se se estimula un clima de participación e compromiso social.

Nese marco de referencia debe situarse a actual crise industrial ligada á empresa pública e ós sectores máis afectados pola adhesión á Comunidade Económica e ás novas tendencias da economía internacional. Porque, aínda que é clara a necesidade dunha actuación vigorosa neste específico campo, non se pode perder de vista o horizonte de medio prazo no que só é posible resolver--los problemas estruturais da nosa economía. Neste horizonte, de cinco a dez anos, encádranse os concretos plans consecuencia do modelo de desenvolvemento asumido polo Goberno desta Xunta, algúns xa feitos públicos e outros en vías de concreción e que en parte son obxecto dunha breve descrición neste documento, sen prexuício de medidas a curto prazo xa adoptadas. Nos catro volumes que lles remitirán á fin deste discurso poden ver isto con toda clase de datos e proxectos complementarios.

A nosa concepción do desenvolvemento prioriza determinadas áreas de actuación sobre as cales se concentran en "efecto choque" a maior parte das medidas investidoras e de promoción.

Convén salienta--las seguintes:

Mellora da mobilidade e accesibilidade para as empresas.

A mellora permanente da produtividade e competitividade das empresas galegas require o estímulo dun mercado rexional dinámico e o acceso fluído ós mercados nacionais e internacionais, tanto de mercados-rías coma de servicios e tecnoloxía. A dotación infraestructural en materia de transporte e comunicacións, aínda que non é por si mesma un factor xerador de desenvolvemento, é un instrumento previo fundamental para facilita-la mobilidade dos recursos empresariais --para a produtividade-- e a accesibilidade ós mercados --para a competitividade--. En todo caso, permite a incorporación das rexións periféricas como Galicia ó proceso de desenvolvemento económico máis dinámico doutras rexións máis avanzadas.

Nesta área prioritaria concéntrase un investimento de preto de 323.000 millóns de pesetas, resaltando o Plan de estradas do 1991 ó 2000, o Plan de portos do 1989 ó 1993, o Plan de telecomunicacións do 1991 ó 1994 e o Programa de transportes, entre outros.

Mellora do hábitat para producir e vivir.

Na actualidade, a calidade do hábitat é un factor estratéxico para o desenvolvemento baseado na actividade empresarial. A infraestructura e os equipamentos urbanos deben ser considerados como parte do hábitat, á vez que a cultura, a formación e o lecer como elementos productivos. Non é posible admitir-lo desenvolvemento económico apoiado na deteriorización do medio. Nesta área considéranse preto de 293.000 millóns de pesetas, incluíndo o Plan cuadrienal da vida 1991--93, Urbanismo 91--94, Plan de solo empresarial 91--96, Plan de saneamento das rías 91--94, Plan de obras hidráulicas, residuos sólidos, infraestructuras básicas rurais, electrificación rural, turismo, etc.

Innovación, cambio tecnolóxico e desenvolvemento empresarial.

Considérase que o éxito dun novo modelo de desenvolvemento para Galicia, baseado na mellora da produtividade e competitividade, depende fundamentalmente da introdución e difusión das innovacións empresariais. Neste sentido, os esforzos públicos e privados deberían centrarse na racionalización e modernización tecnolóxica --en termos de produtos, procesos, organización e xestión-- da estrutura productiva galega. Todo o cal implica un proceso paralelo de cambio da cultura empresarial, e en particular das relacións empresa--Administración en vigor.

Nesta área concéntranse preto de 180.500 millóns de pesetas, con variadas actuacións dirixidas á promoción do investimento productivo, tanto no IGAPE coma na acción sectorial, e as medidas convidadas no Centro de Empresas e Innovación (BIC) establecido en Santiago.

Quero destaca--las accións para o relanzamento da comarca de Ferrol, para a que se deseñou un plan especial onde, fixando actuacións das diversas administracións, se potenciará a oficina de promoción da comarca, fixándose xa incentivos superiores ós de calquera outra rexión obxectivo número 1, e terase dispoñible solo industrial fortemente subvencionado.

Melloras dos recursos humanos.

Supón facer realidade a idea da formación --superior, profesional e ocupacional-- como investimento estratéxico para o desenvolvemento baseado na actividade empresarial e entendendo a calidade dos recursos humanos como variable clave do proceso de desenvolvemento rexional. Neste eido enténdese crucial o papel das nosas universidades como centros para a investigación básica e a formación superior.

Nesta área, sen conta--lo financiamento das tres universidades,

inclúense preto de 15.000 millóns de pesetas no período medio de tres anos --92--94--.

O proceso de modernización de Galicia precisa de grandes investimentos e, en definitiva, da chegada de capital exterior.

Cómpre darlle a volta á situación actual, inverte--la tendencia que nos deixaba estancados no illamento e conectar Galicia co exterior.

1992 será o noso primeiro ano de apertura ó mundo. As xornadas empresariais que se desenvolveron na Casa de Galicia en Madrid, os días 25 e 26 de febreiro, con empresarios de tódolos sectores, agregados comerciais dos principais países e cos intermediarios de investimento; as reunións con empresarios xaponeses, os días 13 e 14 de febreiro en Santiago, e o próximo día 13 de marzo na Casa de Galicia en Madrid, e a que se celebrará en abril con empresarios de Estados Unidos constitúen mostras da expresión dunha política decidida da apertura de Galicia ó exterior.

O lema "Galicia: unha oportunidade para o investimento" sintetiza este espírito, esta nova imaxe de Galicia que rompe o seu illamento e que non lle ten medo a unha Europa competitiva. Como dicía un destacado home de finanzas: "Galicia é rendible".

A que espero próxima aprobación da Lei de creación do IGAPE permitirá contar con ese organismo que desempeñará un papel fundamental nesta función de conexión da Galicia no exterior, atraendo investimentos estranxeiros e abrindo novos mercados para os nosos produtos, ó mesmo tempo que se configurará como instrumento básico da promoción horizontal do sistema productivo galego. Para isto utilizaranse outros tres grandes grupos de programas: programa de servizos ás empresas, programa de formación especializada e programas financeiros, ós que xa desde agora chamamos a colaborar ó

sistema financeiro galego, que non dubido que saberá estar á altura do momento implicándose, aínda máis se cabe, na tarefa común do desenvolvemento da nosa Comunidade.

A próxima inauguración do Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense, o Parque Tecnolóxico de Vigo, do que é titular a Zona Franca, e a política de parques empresariais e parques ofimáticos irán convertendo en realidade esta nova imaxe e asentando o novo modelo económico.

A iniciación das obras para a construción de 12 parques empresariais no 91 e o obxectivo de 56 máis para iniciar neste 92 enmárcanse dentro do plan global de creación nun cuadrienio de 96 parques empresariais en toda Galicia, ademais dos parques ofimáticos da Coruña e Vigo.

O sector terciario ten unha participación singular no noso futuro e el debe ser un dos eixes da nosa política económica.

O Xacobeo--93 vai converter Galicia en centro de atracción de millóns de persoas e vai constituír unha oportunidade inmejorable para lanza--lo noso sector turístico. O apóstolo Santiago e a peregrinación xacobeá constitúen un dos factores básicos da nosa configuración como pobo, pero o fenómeno xacobeo é tamén un fenómeno económico.

O que para España representou o turismo nos albores dos anos 60 pode representalo para Galicia nos 90. Turismo relixioso, cultural, turismo rural, de deportes náuticos, etc. En definitiva, turismo especializado e selectivo, non só o que tódolos países tratan de proporcionar senón ese que ten Galicia como factor natural.

Os esforzos que Galicia está a realizar para facer realidade unhas infraestruturas dignas e uns servizos idóneos para atender--los nosos visitantes e que poñeremos en pé baixo a nosa responsabilidade e

coa cooperación coas demais administracións permitirannos sentar as bases dun futuro máis permanente e para, pola vía do coñecemento, asentar Galicia como unha das áreas clave do futuro turístico de Europa.

Xa crecemos nun ano en que os demais decrecían e o éxito de Galicia en Fitur demostra que estamos no bo camiño.

Dentro da política económica do Goberno galego quixera referirme especialmente ó sector primario, columna dorsal do noso sistema económico.

A reestructuración e potenciación do sector lácteo coa constitución, se é o caso, dun grupo lácteo galego, como parte dun amplo programa de modernización e lanzamento da nosa agroindustria; a base física da concentración, a electrificación rural e a política de diversificación así como de potenciación de produtos galegos de calidade, especialmente do sector cárnico, viños e producións selectivas como augardente, mel, flores, etc., precisa doutras pancas para o desenvolvemento equilibrado do medio rural dentro das que destacaremos--lo turismo rural e a artesanía, apoiadas nunha política ambiental de recuperación de espazos e de fomento da caza e da pesca.

O plan experimental de desenvolvemento do Courel, cun investimento de 1.000 millóns de ptas., e os futuros plans de Veiga na comarca de Valdeorras e da Ribeira Sagrada e de Arzúa, así como o programa de rehabilitación de pazos, constitúen pezas básicas iniciais deste proxecto integral.

Un novo programa forestal completa o proceso de reestructuración do noso sector primario interior.

O Plan forestal de Galicia, xa rematado, cos subpláns de mellora xenética e produción de planta forestal que permita a realización efectiva do proceso de repoboación

constitúen os plans básicos de desenvolvemento deste sector cun claro futuro e cunha enorme capacidade potencial para atraer--los excedentes do sector primario, en canto ós procesos de industrialización especialmente no sector de mobles e transformados en xeral da madeira.

As cifras aquí tamén comezan a ser significativas. Fronte a unha repoboación total media de 10.000 ha. durante 1988 e 1989 pasouse en 1990 a 16.000 ha. e en 1991 a 29.500 ha., o que supón un incremento do 195% con respecto á media 88/89. As previsións para 1992 fíxanse en 30.500 ha., o que supón continua--lo enorme esforzo de 1991. A combinación da diminución da superficie queimada co incremento de repoboación demostra a nosa capacidade de invertir--la tendencia e de romper--lo círculo infernal de desertización á que iamos abocados nos últimos anos.

Quixera determe no sector pesqueiro, un dos piares básicos da nosa economía. No que se refire á pesca, ó marisqueo e á acuicultura é necesario dicir que por fin un Goberno decidiu abordar con valentía o que os expertos veñen recomendando desde hai máis de trinta anos.

A política pesqueira da Xunta, encamiñada en primeiro lugar a enche--lo baleiro lexislativo existente, artículase sobre cinco grandes prioridades:

--A imprescindible recuperación dos recursos, preocupación máxima deste Goberno.

--A non menos urxente modernización da flota.

--A profesionalización e competitividade do marisqueo.

--A seguridade no mar.

--E a formación e capacitación profesional dos traballadores do mar.

As conversacións xa iniciadas co Goberno central permiten pensar nun futuro máis esperanzador.

Podemos e debemos lograr entre ámbalas administracións o adecuado consenso que lle garanta á nosa flota un futuro estable, con caladoiros suficientes, sen mingua da nosa preocupación básica de protección e recuperación dos recursos.

Cumprir e facer cumprir--la legalidade, ordena--lo sector pesqueiro e o de marisqueo, a potenciación das industrias de transformación, os paros temporais como medida urxente de recuperación de recursos, a diferenciación dos nosos produtos como produtos galegos de calidade e tantas outras medidas que as súas señorías atoparán detalladas na documentación que se lles distribuíu, permítenme dicir que nunca se fixo tanto neste sector en tan pouco tempo e que quizais no sector pesqueiro é onde se fixo máis evidente que unha política seria, clara e decidida é posible.

O mesmo empeño e a mesma enerxía estámolos poñendo na defensa dos intereses pesqueiros de Galicia ante a CEE e estamos seguros de que lograremos nas conversacións co MAPA que este asuma os nosos lexítimos intereses.

Como última medida dirixida á renovación da flota de pesca e cabotaxe financiaranse as novas construcións e a innovación tecnolóxica nos estaleiros e a adaptación profesional ás novas tecnoloxías.

Isto contribuirá --está contribuíndo xa-- a crear unha importante ocupación indirecta nos sectores metalúrxicos e de bens de equipamento, especialmente no contorno da ría de Vigo.

Galicia avanza.

Aínda que dous anos son un período curto para que poidamos avaliar--los efectos da nova dinámica que Galicia está experimentando, xa comezamos a ve--los primeiros re-

sultados da política de infraestructuras, concibida como a primeira punta de lanza para lle romper--los freos ó desenvolvemento económico.

Fronte ós agoireiros, fronte ós que parece que lles doe que Galicia avance, xa comezan a marca--la súa lei os números. O investimento en estradas autonómicas en 1991 supera o de 1988 nun 96% e o de 1989 nun 30%. O previsto para 1992 supera o de 1988 nun 176% e o de 1989 nun 83%. O investimento directo da Comunidade Autónoma en telefonía rural para 1992 supera o de 1989 nun 582%.

A posta en marcha do Plan de telecomunicacións rurais, anunciado hai un ano perante esta mesma Cámara, é así un feito, co investimento de máis de 2.200 millóns de pesetas en 1991, cifra que se multiplicará case por catro durante 1992. Ademais, en breves datas será ampliado o actual acordo coa compañía Telefónica para a cobertura da poboación que non estaba incluída no dito acordo mediante a instalación de radioteléfonos, chegando así ó 100% da cobertura.

Entre 1992 e 1993 completaremos--la rede Trunking de telefonía móbil, que permitirá contar con este servizo para protección civil, pesca, sanidade, agricultura, etc.

En 1992 poñeranse en funcionamento as redes de voz e datos a través dun convenio coa compañía Telefónica, o que permitirá á Xunta dispoñer dunha rede de uso propio en moi favorables condicións económicas e con substanciais melloras sobre a situación actual, en beneficio do público galego en xeral.

A electrificación rural que se vai realizar en 1992 supera a de 1989 nun 897%.

O Goberno central cumpre escrupulosamente os compromisos asinados con Galicia. Boa proba disto é a reunión celebrada o día 7 de febreiro pola Comisión de enlace para

a construción das autovías do noroeste (Benavente--A Coruña) e rías baixas (Benavente--Vigo) con máis de 600 quilómetros e un investimento próximo ós 300.000 millóns de pesetas, e no que se reafirma o compromiso do Goberno central da súa realización durante os anos 1993 e 1995, estando nestes momentos en información pública os tramos Benavente--Villafranca (autovía do noroeste) e Benavente--Requejo (autovía rías baixas), publicados no BOE os concursos para redactalos procesos de trazado e construción dos tramos de autovía de A--9 a Nadela e do Porriño a Ourense, respectivamente, e en estudio de trazado Villafranca--Lugo e Requejo--Villavieja, así como en inmediata información pública Villavieja--Ourense.

En definitiva, os 600 quilómetros de autovía que comunicarán Galicia coa Meseta están en marcha e en 1995 Galicia romperá definitivamente o seu illamento.

O mesmo podemos dicir do gas natural. O día 21 do pasado mes de febreiro a Xunta de Galicia asinou co Ministerio de Industria o "Protocolo de colaboración para o desenvolvemento do gas natural en Galicia", que foi seguido o 4 de marzo co asinamento con ENAGAS do acordo en virtude do cal esta empresa "llevará a cabo a distribución industrial e xestionará a concesión administrativa da Administración central do Estado para a creación da infraestrutura gasística de Galicia aprobada polo Goberno, que consiste nunha terminal de regasificación que se situará en Ferrol e unha rede básica de transporte cun eixe principal desde Tui ata o límite co Principado de Asturias e con ramais ás sete principais cidades galegas".

Neste acordo afírmase expresamente que "a Xunta de Galicia e ENAGAS realizarán os seus maiores esforzos para conseguir que a Comunidade Autónoma dispoña de gas natural dentro do ano 1995".

Con isto lograremos integrarnos na futura rede gasista europea, contribuíndo cunha instalación de regasificación a esta, facéndoa así menos vulnerable. Por outra parte, diversificarémo--lo noso consumo de enerxía primaria coa implantación dunha enerxía limpa, de calidade e económica.

A defensa do medio ambiente.

Ocupámonos seriamente da defensa do medio, o que equivale, como en tódalas partes, pero aínda máis na nosa terra, a salva--lo ser de Galicia. "A nosa terriña meiga" ardía, pura e simplemente, polos catro costados; os residuos sólidos e os fluxos líquidos e gasosos contaminaban as nosas rías e a nosa atmosfera de modo inaceptable; faltaban medidas serias de defensa fronte ás catástrofes e para a adecuada protección civil.

Isto cambiou xa e o pobo galego sabe que existe credibilidade na afirmación de que cambiará de todo. Este Goberno dixo que, coa axuda de Deus e do pobo, dominaría os incendios forestais e fíxoo. Algún membro desta Cámara, con graves responsabilidades na situación anterior, tachounos de demagóxicos e irresponsables. Pois ben, o ano 90, cunha seca e unhas temperaturas aínda peores cás do ano 89, reduciuse a superficie arborada destruída a unha cuarta parte; o ano 91, cunha climatoloxía certamente menos mala, pero recollendo os froitos dos esforzos realizados e dunha moral recuperada, nos traballadores e nos conxuntos da sociedade, reduciuse á sétima parte do ano anterior; é dicir, case á trixésima parte do ano 89. Da rexión peor de España en incendios pasamos a se--la menos mala, e iso é así e chega. Agora estamos empregados a fondo na repoboación e nun Plan forestal de altura, que xa conta cunha importante axuda europea, dentro do programa RECITE, que valora a fondo unha importante riqueza recuperada e unha paisaxe salvada da incuria duns, da malicia doutros e do fracaso dunha Administración in-

capaz.

O Plan de residuos sólidos, aprobado tecnicamente pola Xunta, despois de amplas investigacións e consultas, de acordo cos últimos desenvolvementos europeos, será pronto unha realidade operativa, co que conseguiremos evita-la degradación do medio físico minimizando o impacto ambiental producido polos residuos e a súa eliminación a través dunha acción efectiva, seria, con economía de recursos e coas máximas garantías.

No referente ós residuos industriais, hai que dicir que as industrias radicadas en Galicia xeran unha importante cantidade destes residuos, dos que case 70.000 toneladas presentan unhas características que os fan potencialmente prexudiciais, sendo necesario o seu tratamento e control, polo que a Xunta de Galicia puxo en marcha o proxecto de construción dunha instalación de tratamento físico--químico dos ditos residuos, así como dun depósito de seguridade que recibirá os residuos procedentes das industrias da Comunidade e da propia instalación de tratamento que estará situado no concello de Somozas.

Nesta acción de protección do medio debo referirme á protección e limpeza das nosas rías, respecto das cales están en marcha investimentos por máis de 5.000 millóns de pesetas. Pontevedra, Marín, a ría do Burgo, Vigo, A Coruña, Ferrol, Ares, Pontedeume, Betanzos, están a ser recuperadas nas súas augas nunha política seria e eficaz de protección ambiental.

En materia de protección civil déronse pasos moi importantes e, sobre todo, deixouse claro que a lei se vai cumprir, como o revela a actuación no caso de ELNOSA.

A cultura galega e a defensa e normalización da nosa lingua.

Galicia ten que responder non

só dunha acertada política rexional e dunha eficaz administración dos seus recursos, senón dunha cultura e dunha lingua que lle son propias. Por suposto que non existen culturas cerradas sobre si mesmas nin linguas alleas ós parentescos e contactos normais con outras do mesmo tronco facilitadas pola historia en común. A nosa cultura e a nosa lingua pertencen á familia ilustre do tronco latino ou románico e, dentro del, á excepcional categoría do mundo iberoamericano. España e Portugal e os países da súa estirpe, estendidos por Europa, Africa, América, Asia e Oceanía, integran unha das máis importantes constelacións culturais e lingüísticas, cunha gloriosa historia que inclúe "O Quixote" e "Os Lusíadas", "Tirant lo Blac" e "Martín Fierro", os cancioneros galaico--portugueses e a obra bilingüe de Cunqueiro e Cela, como tamén o foi a do marqués de Santillana, a de Gil Vicente e de Camoens, a de Rosalía de Castro e a de Pondal.

Sei que esta formulación realista non agradará a algúns, que non miran a evolución pasada, nin a realidade do presente, nin as posibilidades do porvir. O noso Goberno cre no futuro do galego, "fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués" como dixera Castelao; cre na súa convivencia pacífica e na súa colaboración fecunda co castelán e co portugués; defende a súa normalización e expansión pola vía da educación, o uso administrativo e xudicial e a súa potenciación na radio e na televisión, levándoo a tódolos sitios en que, de feito, se fala ou suscita interese; fomenta-la edición --xa superámo--los 500 títulos anuais-- e a distribución en amplas tiradas das nosas obras literarias; establecer mínimos nos medios de comunicación social que concede; organizar e patrocinar congresos e grandes certames como "Galicia no tempo" que sobrepasaron as fronteiras non só da Comunidade galega, senón tamén do Estado, sendo visitada por preto de medio millón de persoas; desenvolver programas que leven o seu uso a tódoo

los campos da vida social, así como resalta--los valores básicos do noso pobo e dos seus homes insignes.

O ano de Alvaro Cunqueiro serviu para que a palabra que nos legou chegase e se oíse en tódolos recunchos da nosa terra; exposicións, estudos, monografías, publicacións, congresos, a posta en escena de "O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca" constitúen a expresión dun único obxectivo: busca--lo reencontro e unha aproximación dos galegos a un dos seus fillos máis ilustres.

A Galicia do exterior.

O noso obxectivo vai ser sempre o mesmo: fortalecer unha galeguidade nunca esquecida identificadora dun vínculo e dunha orixe.

Galicia é unha Comunidade con características ben definidas, non só pola súa xeografía, a súa etnografía ou o seu folclore, como tamén e especialmente pola súa lingua e pola súa historia.

Galicia como comunidade estendida por todo o mundo foi e continuará a ser unha das nosas preocupacións esenciais. Alí onde haxa un galego que precise atención e apoio, alí estarei eu e o Goberno galego.

Estou disposto a reforza--los apoios do Goberno ás nosas comunidades do exterior, ampliando e mellorando as liñas actuais. Cómpre que os lazos espirituais se reforcen, que a solidariedade se faga máis activa, pero tamén que se establezan novos vínculos económicos que integren os galegos de dentro ou de fóra.

O Congreso mundial de empresarios galegos do exterior reuniu, en Río de Xaneiro, moitos galegos que teñen algo que dicir no mundo económico e sentou as bases para novos encontros que apoién esa apertura que Galicia precisa.

As políticas sociais

Un pobo san, culto e ben formado intelectualmente, e solidario cos seus semellantes, é o obxectivo que todo Goberno debe perseguir.

O primeiro ano de transferencia do INSALUD á nosa Comunidade Autónoma serviu para que o meu Goberno asumise con firmeza e sen vacilación o reto de regulariza--la caótica situación financeira de sanidade, e neste obxectivo queremos seguir progresando conscientes de que iso obrigará a unha esixente xestión da sanidade pública que faga compatibles os recursos, sempre escasos, coa mellora das prestacións.

O suplemento de crédito aprobado por esta Cámara, lonxe de se--la consecuencia dunha mala transferencia, como superficial e intencionadamente foi cualificada por diferentes grupos políticos, supuxo un intento serio de dota--lo SERGAS dun presuposto realista que fixese posible a regularización a que me acabo de referir, ó tempo que serviu para reducir substancialmente a débeda cos provedores dos centros sanitarios, herdada da Administración anterior.

As recentes conversacións dos conselleiros de Sanidade e Economía cos representantes sanitarios e económicos do Goberno central viñéronnos da--la razón.

As formulacións para o financiamento futuro do sistema nacional de saúde aséntanse sobre a base da equidade na distribución do gasto e dunha presupostación correcta e unha xestión eficiente dentro dese marco. Por outra banda, a recuperación dos fondos adicionais anticipados, que é xa practicamente segura, e as débedas de exercicios anteriores, que, xunto con desviacións de gasto incontroladas, eran verdadeiros cancros do sistema, poderán ser saneadas no marco do novo acordo que esperamos pechar.

Todo isto non nos fai esquecer que os "gaps" que o financiamento da nosa sanidade padece deberán estar necesariamente presentes para a súa corrección no máis breve prazo. Ningún acordo será posible sen que este extremo quede ben resolto.

Galicia asumiu xa e con plenitude as súas propias responsabilidades para poder así aplica--la súa propia política sanitaria, que irá dirixida ós seguintes obxectivos, dentro dos equilibrios financeiros ós que me referín:

Iniciar un conxunto de programas de saúde que afronten os problemas máis serios que padece a Comunidade.

Expandir e racionaliza--la estrutura asistencial.

Ofrecer novos e mellores servizos ós cidadáns e facilita--lo acceso rápido ós xa existentes.

Mellora--la capacidade docente e de investigación dos nosos hospitais con obxecto de facelos máis atractivos para profesionais en formación.

Existen problemas de saúde evidentes que deben ser atendidos sen espera. Está xa en execución un programa para mellora--la calidade de vida do paciente con asma bronquial.

En prazo de semanas estarán en execución programas para a vacinación contra a hepatite B, e para a prevención do cancro feminino e para o control daqueles factores de risco (hipertensión, consumo de tabaco) comúns a varias enfermidades da transcendencia das cardiovasculares ou o cancro de pulmón.

Estes mesmos días propoñémonos iniciar unha forte campaña para promove--la hemodoación, e aproveito para lles pedir a todos a súa altruísta colaboración.

A lacra da drogodependencia constitúe unha das miñas preocupa-

cións esenciais. Durante 1992 ampliaranse os recursos asistenciais, intensificaranse as campañas para informar, orientar e cambiar actitudes da poboación, aumentaranse os centros de día, pisos de reinserción, inicio efectivo do plan de intervención en prisión, etc. Este conxunto de accións ten que ser correspondido cun rearme moral da sociedade galega.

Só a través da integración familiar, da solidariedade e da xenerosidade poderemos ir erradicando esta praga que acaba cos nosos fillos e que destrúe as familias alí onde se introduce.

A atención primaria está a recibir, pola nosa parte, a atención que merece. Propoñémonos, para o efecto, completar en dous anos a dotación física da nosa rede de centros de saúde e consultorios. Pero, sobre todo, avanzamos no modelo organizativo. Estou en condicións de afirmar que no prazo de semanas imos ofrecer un proxecto de organización, consensuado con tódolos axentes afectados e que sintetiza o mellor do modelo tradicional do exercicio da medicina (retribución capitativa, libre elección, proximidade médico--paciente) e dos modernos modelos de traballo en equipo. Consideramos prioritario que a poboación teña acceso, neste nivel, a profesionais con coñecementos sólidos e permanentemente actualizados, así como ós procedementos diagnósticos e terapéuticos que permitan reducir ó mínimo a afluencia ós hospitais.

A expansión e racionalización da rede asistencial verase completada coa utilización dos hospitais das deputacións --tódolos cales están xa ocupados a niveis nunca coñecidos-- e do Concello de Vigo, mantendo coas súas corporacións titulares relación para a súa transferencia á Xunta ou para a súa utilización baixo calquera outra fórmula convida. Avanzamos, tamén, nun plan de promoción e estabilización dos hospitais comarcais aqueixados de carencias de especialistas e

equipamento que estamos a resolver.

O remate das obras do novo hospital de Verín, o inicio da construción, este mesmo ano, dun novo hospital en Santiago, a realización de importantes investimentos no Xeral--Cíes e no Meixoeiro de Vigo, e a posta en funcionamento dun novo centro rexional de hemoterapia en Santiago serán as realizacións máis importantes neste sector. Novas iniciativas como estas iranse desenvolvendo nos vindeiros anos ata alcanzar na nosa terra niveis similares ós medios de España.

Propoñémonos igualmente ofrecerlles novos e mellores servizos sanitarios ós cidadáns, e facilitar--lo acceso rápido ós xa existentes. Algunhas comarcas xa dispoñen, desde hai unhas semanas, de novos servizos de urxencias que inclúen a presenza física permanente de médicos nos centros de saúde fóra da xeira laboral e durante as fins de semana. No prazo de tres meses poderemos ofrecer unha organización estable que garanta a atención de urxencias no medio rural. Traballamos, así mesmo, nun plan de emerxencias para toda Galicia. Estableceremos un único centro de operacións atendido por profesionais sanitarios onde se dispoña de información permanentemente actualizada de dispoñibilidades hospitalarias e con acceso directo a tódalas alternativas de transporte urxente.

En novembro de 1991 chegouse ó compromiso de reduci--lo total da lista de espera nun 40%, para fin de maio de 1992, actuando sobre 16 patoloxías. Hoxe podo dicir que no primeiro mes de execución do programa se incrementou a actividade cirúrxica normal dos hospitais e interviñéronse, ademais, 1.757 pacientes dos que figuraban naquela lista de espera (1.269 en hospitais do Servicio Galego de Saúde e 488 en hospitais concertados). Isto supón unha actividade cirúrxica nunca coñecida e unha experiencia que está sendo seguida con atención no resto de España. Supón tamén o traballo e a dedicación exemplar de

miles de profesionais sanitarios ós que eu expreso a miña gratitude en nome dos pacientes atendidos e de Galicia enteira. Gracias a todos eles imos cumprir co obxectivo que marcamos.

A nosa preocupación polos servizos hospitalarios vaise traducir tamén na creación de unidades para hospitalización de pacientes crónicos e na integración da hospitalización psiquiátrica de agudos en hospitais xerais na Coruña e Ourense.

Por último, pero non menos importante, e sen facer nin moito menos unha enumeración completa dos nosos proxectos, propoñémonos mellora--la capacidade docente e de investigación dos nosos hospitais. Imos crear un centro de documentación biomédica de Galicia, que permita mellora--la calidade da actividade médica da Comunidade nos aspectos asistenciais.

A eliminación da marxinación social, a atención ós máis débiles, constitúen non só imperativos en por si senón que tamén constitúen os instrumentos básicos da integración social.

Como dicía ó comezo da miña intervención, o fomento do espírito de iniciativa, o libre mercado, a competitividade teñen que complementarse coa defensa dos débiles, dos marxinados, coa protección dos vellos, coa defensa da igualdade de oportunidades da muller e, en definitiva, co espírito e a práctica efectiva da solidariedade pola que estamos claramente traballando.

Para os galegos máis desprotegidos, estamos traballando no perfeccionamento e posta ó día dos seguintes instrumentos:

--Axudas individuais, dirixidas ós máis débiles e máis necesitados (RISGA, pensións non contributivas, FAS, LISMI, emerxencia social etc.), constitúen expresións deste tipo de instrumentos de protección.

--Programas para os menores que permitan o seu tratamento desinstitucionalizado e que lles proporcionen outra familia, cando isto sexa posible, garantindo, en todo caso, o seu acceso a unha conducta normalizada, mediante a súa escolarización e formación.

--Programas para minusválidos, dirixidos a facer posible a súa integración social e, cando sexa factible, a inserción laboral.

--Programas dirixidos ós vellos, que lles proporcionen os apoios necesarios que permitan unha vida en condicións dignas. Neste sentido, este Goberno fará máis en tres anos ca calquera dos seus antecesores. A finais deste ano tere-mos incrementado nun 60% o número de prazas públicas en residencias de anciáns; en idéntica porcentaxe o número de centros sociais e aínda en maior medida os servicios complementarios. Igualmente se creou un programa de acollemento familiar que cremos que pode evita--los internamentos.

--Duplicámo--las consignacións presupostarias do plan concertado dirixido fundamentalmente á creación e consolidación dos servicios sociais municipais.

--Finalmente, enviámoslle a esta Cámara un Proxecto de lei de servicios sociais, axustado á realidade galega e en liña coa mellor normativa comparada.

Na área da muller, desenvolveu-se a Lei do 14 de xaneiro de 1991, pola que se creou o Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, se configuraron os seus órganos e comezou a súa andaina. Temos confianza en que a súa actuación permita a superación das dificultades que en moitos ámbitos tiveron as mulleres da nosa terra.

Pero a solidariedade non só debe limitarse a Galicia senón que, polo menos simbolicamente, Galicia debe estar presente no mundo, seguindo o exemplo doutras comunida-

des autónomas.

Neste sentido iniciaremos este ano un programa de axuda ó terceiro mundo cunha consignación modesta pero que implique a nosa participación efectiva nos programas auspiciados pola Asemblea de Rexións de Europa e noutras accións directas de axuda.

O ensino

O novo modelo educativo debería constituír unha oportunidade para estender e profunda--la formación dos nosos mozos.

O noso profesorado estamos seguros de que saberá afrontar con éxito o proceso de actualización que implican as novas metodoloxías. O Goberno reforzará as accións de perfeccionamento do profesorado e neste sentido poñeranse en marcha novos centros con esta finalidade.

Pero somos conscientes de que non se poderá conseguir un profesorado disposto a ofrece--lo esforzo que estas novas metodoloxías lle esixen, se previamente non acadou o estatus socioe--conómico que lle corresponde. Por esta razón o Goberno que presido realizou un esforzo presupostario sen precedentes que sitúa o noso profesorado de niveis non universitarios como o mellor remunerado de España, talvez coa soa excepción de Canarias.

A educación está en plena transformación. A crise demográfica por unha parte e a modificación e extensión dos ciclos educativos básicos van esixir unha profunda readaptación, que afrontaremos con firmeza, contando tamén cos recursos que a nivel nacional se arbitren para a implantación da LOXSE.

A ningún se lle agacha que en Galicia se necesita un esforzo especial xa que temos que lle sumar ó dito anteriormente a nosa dispersión da poboación e a evolución demográfica. Todo iso esixirá entre

outras cousas unha gran capacidade de organización para evitar agravios comparativos, dentro da mellor administración dos recursos e sen que iso supoña mingua da calidade de ensino.

Non quixera remata--las miñas palabras sobre o ensino sen facer unha referencia a dous niveis que nos preocupan moi especialmente. Por unha parte a formación profesional, tan necesitada de recursos e de acreditación social. Cada vez máis, ratificámonos en que foi moi acertada a creación dunha Dirección Xeral específica que empeza a d--los seus froitos, tanto na mellora da calidade nos centros educativos coma na colaboración das empresas, sen a cal é imposible pensar nunha constante posta ó día.

Por outra banda, a Universidade. Entendemos que estamos a supera--las lóxicas dificultades da posta en marcha de dúas universidades novas xurdidas da histórica Universidade de Santiago. Superouse, non sen dificultades, o deseño do mapa de titulacións e centros ata o ano 92 e temos grandes esperanzas en que, unha vez rematado o estudio, xa empezado, do mapa correspondente ó quadrienio 92--96, o noso sistema educativo poida cumprir--las previsións da LOSUGA. Temos, así mesmo, grandes esperanzas no labor que está a desenvolver--la Comisión de seguimento do Plan de financiamento para evitar que volvan xurdir controversias na interpretación dalgún dos seus puntos.

A demografía

Farei unha mínima reflexión sobre a situación actual da evolución da nosa demografía.

O avellentamento demográfico da poboación galega é máis elevado ca no conxunto da CEE, dado que entre nós a poboación maior de 65 anos supera o 14% e a taxa comunitaria é do 13%. Este feito acentúase máis ó examinar por separado as áreas ru-

rais, as máis extensas de Galicia, onde o índice respectivo supón máis do 16%, é dicir, que na meior parte do territorio a renovación xeracional está nun momento crítico. Cambiar esta tendencia é un obxectivo preferente, pero de difícil consecución, porque os seus obxectivos se acadan necesariamente a longo prazo, pero se non se actúa a tempo, e agora o estamos, nun futuro próximo a situación será irreversible, tendo en conta que nos últimos cinco nos a nosa poboación empezou a descender en números absolutos.

Non nos podemos permitir unha Galicia avellentada, porque isto constitúe o principal obstáculo para a renovación dos nosos recursos humanos e unha seria ameaza para o noso futuro.

A discriminación da poboación potencialmente activa e o incremento de proporción de persoas de máis de 65 anos constitúen un dos principais factores de esganamento para o noso sistema económico. Para evitar que esta tendencia siga a súa traxectoria acelerada, que xa hoxe se observa, hai que lograr unha composición demográfica equilibrada e, así mesmo, arbitra--los plans de desenvolvemento territorial que permitan unha mellor distribución desa poboación no territorio.

Para iso --é máis fácil falar que facer cousas, desde logo-- hai que conciencia--la poboación e articular un conxunto de medidas que fagan atractivo para as familias ter máis fillos.

O gran obxectivo é incrementa--lo número de matrimonios con 3 ou máis fillos --hai quen non sabe nin pode, desde logo--.

(Risos).

Se ben os estímulos fiscais lle corresponden ó Goberno central e non son competencia do Goberno de Galicia, si podemos, debemos e imos facer unha política cos nosos medios:

Prioridade na adquisición de vivendas públicas para as familias que teñan 3 ou máis fillos.

En xeral, e sempre que non o impidan a normativa estatal básica ou principios de equidade, fixar como criterio prioritario para o aproveitamento de bens e servizos da Comunidade que afecten ás familias a pertenza a unha unidade familiar con 3 ou máis fillos.

Consideracións finais.

E remato, señor presidente, señoras e señores deputados.

Tentei presentar ante esta Cámara non só unha dación de contas da xestión da nosa Administración e unha exposición dos nosos proxectos máis inmediatos, senón un recordatorio dos grandes problemas que nos ocupan. Na metade do camiño da presente lexislatura, ás portas do 93 europeo e do 2000 histórico, quero lembrar cara a que Galicia queremos ir. Inútil é tentar concibi-la nosa terra dentro de liñas utópicas e sen facer ben as contas, temos que nos mover dentro do marco español, da Unión Europea e da nova orde internacional, que vai substituíndo o que nos deixara a Segunda guerra mundial.

Creo sinceramente que, nestes momentos, hai que facer retorna-lo discurso político e o proceso administrativo ó campo que lles é propio: o do ben común e tamén o do sentido común. A mala hora do fundamentalismo, que se ceba en países doutro nivel histórico, está superada entre as nacións do noso contorno; pasou o tempo das revolucións, e chegou o do traballo serio, a colaboración e a integración. O discurso socializante en tódalas súas variantes é abandonado en toda Europa, agora escoitámo-lo recoñecemento das virtudes do mercado, da iniciativa e do sector privado. Tamén parece que a dramática experiencia de Europa oriental non aboa o antollo das improvisacións nacionalistas e dos odios tribais. Imponse a reflexión, os

plans serios, o abandono do absoluto, a implantación do viable.

Sentámo--las bases dunha mello-ra substancial das nosas infraestructuras, que se completarán nos vindeiros dous anos, deixando o cuadrienio subseguinte para o desenvolvemento básico dos tres sectores económico--sociais de Galicia. O ano 93, último na lexislatura, e ano xacobeo por excelencia, marcará, sen dúbida, con claridade o noso despegue irreversible e tamén o cumprimento da tarefa dunha xeración --á que me honro en pertencer-- dedicada longo tempo a consolidar posibilidades, a abrir portas e ventás á nosa sociedade, a romper illamentos, a motivar ilusións.

Un segundo ano podo confirmalo meu informe e compromiso do anterior: Galicia segue a adiante, a pesar das dificultades, e sabe cara a onde vai. Coa confianza do noso gran pobo e seguindo a estrela xacobeá, chegaremos a porto.

(Aplausos).

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: A sesión reiniciarase ás cinco e media.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, reiníciase a sesión, teñan a bondade de ocupa--los seus escanos.

Na rolda de posicións de grupos parlamentarios, ten en primeiro lugar a palabra o Grupo Mixto, e dentro do Grupo Mixto o voceiro de Coalición Galega, señor Sánchez Castiñeiras.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS:

Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, na súa intervención esta mañá, ante o Pleno desta Cámara, vostede dixo que non ía facer un discurso triunfalista pero ó remate do mesmo parecía que nos atopabamos nun país cunha situación que era a mellor do mundo. Dixo tamén que Galicia avanza, o que non dixo foi cara a onde avanza.

Xa transcorreron dous anos do seu mandato como presidente da Xunta de Galicia, e consideramos que estamos en situación de facer unha análise desapasionada e obxectiva da xestión do seu Goberno, da xestión do Goberno Fraga. En verdade, teño que dicir que o que escoitamos esta mañá aquí non é un reflexo da realidade da sociedade galega. Cando o señor Fraga falaba destes dous anos eu pensaba que se esta Galicia que describe é a que eu coñezo, que o demo me leve.

Pero é chegado o momento de render contas, é chegado o momento de preguntarnos se Galicia está mellor ou peor que hai dous anos. Temos que preguntarnos se Galicia deu pasos cara a adiante no seu desenvolvemento económico--social, se foron superados os atrancos da nosa economía, se a muller galega mellorou ou segue discriminada laboralmente, se as nosas empresas e os nosos produtos son máis competitivos, se os galegos teñen unha mellor calidade de vida, se os nosos agricultores ven con esperanza o 93, se os nosos mozos, ti mozo que estás buscando traballo, ¿vas con seguridade e ilusión buscar e demandar este traballo?, se o noso tecido industrial está desenvolvendo toda a súa potencialidade, se a actuación do Goberno lle xera confianza ó investimento interior e exterior, se os cidadáns galegos teñen confianza na actuación obxectiva e imparcial do partido que goberna. En definitiva, se os galegos hoxe son máis felices que hai dous anos.

Sinceramente, señor Fraga, a min como nacionalista gustaríame

responder afirmativamente a estes interrogantes, pero lamento ter que recoñecer obxectivamente que foron moi poucos os pasos dados cara a adiante polo seu Goberno. E o problema é grave, porque vostede chegou á Presidencia da Xunta en condicións moi favorables, como son: gaña unhas eleccións con maioría absoluta, polo tanto pode cumprir, se sabe e quere, punto por punto o seu programa electoral; vén adornado por unha imaxe de autoridade; ábrenselle de par en par as portas da Moncloa, e atopa unha Galicia en vías de recuperación económica e social nas que quero destaca--la seguinte situación:

En primeiro lugar, un aumento do investimento estranxeiro, que fai que, de estar situada Galicia no undécimo lugar das 17 comunidades autónomas, en 1987, cunha porcentaxe do 0,6% do total, pase a ocupa--la oitava posición no ano 89, con 1,26%, hoxe o investimento estranxeiro representa o 0,50 do total do Estado. A primeira pregunta xorde: ¿para que serviron as súas viaxes por todo o mundo?, ¿non era un dos seus obxectivos lograr investimentos estranxeiros en Galicia? Pero como xa se ve a mostra, fracasou na súa xestión, e agora ensaia un novo experimento, compra un palacete en Madrid para ver se veñen os xaponeses. Galicia non está para experimentos, señor Fraga.

Atópase tamén cun crecemento do valor engadido bruto no sector industrial do 6,3%, na construción do 8,12% e nos servizos do 5%; hoxe o valor engadido bruto da industria perde 4,4 puntos, na construción 1,8 puntos e os servizos 1,3 puntos. Este é o reflexo da súa política industrial.

A taxa do paro do ano 89 era dun 15,35%, hoxe está por enriba do 15,9%, superando por primeira vez Galicia a taxa media de paro española, que traducido en poboación supón unha cifra que supera os 180.000 parados, cando vostede atopou Galicia cunha cifra de 143.000 parados. ¿Que pasou entón co seu

Plan económico e social exposto ante esta Cámara, onde dixo que se podían crear 28.000 postos de traballo máis no sector industrial, á parte de 40.000 máis no sector servizos? --isto díxose nesta Cámara--. Todo isto acompañado dun descenso significativo da poboación ocupada, coa perda de 25.000 postos de traballo. Esta é a súa política de emprego.

No ano 89, segundo a revista "Eco", por cada 1.000 millóns de pesetas, o custo da Administración autonómica foi de 9,43 millóns; hoxe é de 19,38 millóns de pesetas, é dicir, duplicáronse os gastos da Administración. ¿Onde está a política de austeridade que vostede definía no seu discurso como característica singular do seu Goberno?, ¿acaso deduciu o número de consellerías?, ¿onde está a redución dos gastos correntes, que, como xa se dixo nesta Cámara, de cada 3 pesetas, máis de 2 dedícanse a gastos non productivos, a gastos correntes?, ¿onde están cumpridos os obxectivos das súas viaxes por todo o mundo? --aínda que hai que preguntarse se as súas viaxes son a prol de Galicia ou a prol da súa propia imaxe, e o que lle importa é a foto co mandatario do país do momento--; ¿como xustifica a súa política de austeridade?, ¿como se explica que se destinen nos presupostos do 92 7.888 millóns de pesetas para investimentos de carácter inmaterial, é dicir, para propaganda, publicidade, campañas?, ¿como é posible que isto sexa austeridade?

No ano 89 os investimentos para incentivos rexionais ascendían a 62.000 millóns de pesetas, hoxe son tres veces inferiores.

O Grupo Popular, ó inicio da lexislatura, solicitou dos grupos desta Cámara apoio para que as autovías estivesen en funcionamento no ano 93, data transcendente porque é a entrada no Mercado Unico; hoxe, en principio, xa din no 95. Nun xornal do domingo os técnicos informaban de que completa--las autovías quedaría para despois de

1997, e posiblemente para o 2000, soamente os tramos da Coruña--Lugo e do Porriño--Ourense poderán estar no ano 96, e todo isto contando coa boa vontade do Goberno central --que xa fixeron algunhas declaracións tamén--, a mellor situación climatolóxica e descartando calquera imprevisto, que é frecuente neste tipo de obras.

O tema do gas, que xa estaba en marcha no ano 89, ¿cre vostede que vai estar, polo menos nas sete grandes cidades galegas, no ano 95? Por favor, señor Fraga, non nos queira facer comungar con pedras de muíño.

Estamos a ver un curioso caso de financiamento: a Xunta de Galicia subvenciona o Goberno central, no caso da Policía autonómica concretamente, con máis de 171 millóns de pesetas. Determinados efectivos da Policía Nacional, que estaban xa en Galicia, que non lle custaban un can á Xunta de Galicia, agora os mesmos efectivos pagámolos nós á metade; iso si, levan o distintivo da Xunta de Galicia. Señor Fraga, non temos para pan e compramos estampañas.

A transferencia do INSALUD, caso característico de negociación seria e diálogo, custoulle á nosa Comunidade Autónoma 20.000 millóns de pesetas, entón pregunto: ¿como aproveitou o señor Fraga a boa disposición de don Felipe González nas respectivas reunións que mantiveron?, porque vostede iría falar dos problemas de Galicia, supoño, aínda que sospeito que faláron de Cuba, pero quizais non da iniciativa dos galegos espoliados polo réxime castrista, falarían da política exterior, falarían do pacto autonómico --que así nos vai ir--, pero non faláron dos problemas reais de Galicia.

A débeda acumulada no ano 89 era de 83.000 millóns de pesetas; hoxe a débeda acumulada é superior a 241.000 millóns de pesetas, é dicir, tres veces superior á débeda do ano 89, multiplicouse por 3. Es-

ta situación os propios expertos económicos cualifícanos de moi delicada, e ademais todos sabemos que non toda a débeda deste Goberno vai a investimentos como era obrigatorio. ¿Que vai pasar no futuro con este endebedamento da Comunidade Autónoma?, porque a débeda hai que devolvela e os gastos financeiros hai que pagalos.

Esta situación xa está a producir certa inqueda e preocupación, en moitos empresarios galegos e en moitos cidadáns galegos. Esta preocupación vén dada porque todos sabémo--lo que di o artigo 44 do Estatuto: recargo sobre impostos estatais, impostos que poida establecer--la Comunidade Autónoma, contribucións especiais. E lóxica esta preocupación, porque xa se empeza a albiscar indicios de que a Xunta necesita cartos, o que se traduce nunha maior presión ó contribuínte. Poñamos un exemplo: ¿como é posible que as valoracións que fai a Xunta para aplica--lo imposto de transmisións patrimoniais están sempre por enriba do valor contratado e incluso dos cartos pagados?, a consecuencia é a chea de recursos que ten a Consellería de Economía e Fazenda, pero, claro, o que non recorre paga, e isto faino un Goberno, un partido, que di que vai reducir--los impostos.

A min paréceme que como sigamos por este vieiro vai facer bo ó señor Fernández Ordóñez e a don Felipe González.

¿Cal é a situación da muller galega? E preocupante a súa situación, como así se puxo de manifesto con motivo do Día internacional da muller traballadora. Neste colectivo é onde se nota máis o impacto da crise: a taxa de paro feminino acadada actualmente un 22%, incidindo fundamentalmente nas mozas en busca do seu primeiro emprego; as traballadoras cobran por termo medio un 31,5% menos cós homes. ¿Que fai o Goberno para corrixir esta situación cando de cada 10 parados que buscan o seu primeiro emprego 7 son mulleres? ¿Cre vostede, señor Fra-

ga, que isto se resolve con ese organismo descafeinado e sen presuposto que creou hai pouco tempo? Non esqueza, señor Fraga, que Galicia, como sociedade matriarcal, débelle moito ás mulleres.

¿Que vai pasar co noso sector primario?, ¿cal é o futuro que lles agarda ós nosos gandeiros vendo este presente? Aquí nesta Cámara díxose hai uns días que a única reivindicación que faría o Goberno galego ante a Administración central e a Comunidade Económica Europea sobre a cota láctea era que nos deixasen como estamos, que se discriminase positivamente a Galicia a fin de que a cota do leite final se a chegase o máis posible á produción real actual. ¿Iso resólven--lo problema? Claro que non, porque Galicia ten que desenvolver todo o seu potencial neste sector, comezando por achega--lo rendemento por vaca á media da Comunidade Económica Europea, que, como todo o mundo sabe, está por debaixo do 25%. Esta é a política que aquí foi cualificada de reasignación e nós cualificamos como política de resignación.

Señor Fraga, a súa contradición é chamativa. En París vostede, recentemente, fai gabanzas da agricultura galega dicindo que a produción agraria ten unha importancia relevante en Galicia, na súa contribución ó PIB galego en relación co Estado e na porcentaxe elevada de emprego agrario. A súa política en Galicia, sen embargo, é suprimir explotacións agrarias. Efectivamente, estamos no tempo das vacas fracas, ¿por que non recoñecen esta situación en Galicia? Indubidablemente non a recoñecen en Galicia porque dito en París parece unha cousa distinta. ¿Que vai pasar, señor Fraga, co excedente de emprego agrario, que se estima entre 240 e 300.000 persoas? Para paliar esta situación precisaríase crear novos postos de traballo na industria, na construción e nos servizos, e oscilaría o incremento do emprego entre un 36 e un 46%. Supoño que xa terá prevista esta situación.

¿Corrixíronse en algo os desequilibrios interterritoriais? ¿Acaso Lugo e Ourense non seguen sendo as últimas provincias no "ranking" do Estado? E dicir, que os pobres con este Goberno seguen sendo pobres porque non hai unha política definida sobre este punto.

¿Que pasou coa autoridade con que viña investido? Anunciou ante esta Cámara a inmediata constitución dunha Comisión de comarcalización e do Proxecto de lei de ordenación territorial de Galicia e incluso chegou a perfila--lo esquema comarcal dicindo que se aproximaría ó das deputacións provinciais. Recentemente anuncian que estes proxectos non chegarán á Cámara ata finais de 1993, se é que chegan, porque se chegan non se parecerán en nada ó que se dixera de como ían ser, ¿a que se debe este cambio?, ¿onde está a súa autoridade para poñela ó servizo de Galicia?, ¿como é posible que a opinión dun varón provincial cambie as formulacións do Goberno do noso país? Coído que estas preguntas se contestan por si soas, ¿onde está a súa palabra?

Realmente creo que este Goberno non xera credibilidade, non hai confianza na Administración pública, non hai transparencia na xestión dos cartos públicos. ¿Está acaso a Administración máis preto do administrado?, ¿simplificáronse os trámites burocráticos?, ¿hai unha maior rapidez no funcionamento da Administración?, ¿desconcentrouse a xestión ou hai máis centralismo? Eu preguntolle ó pobo, ós que están indo tódolos días ós portelos da Administración, se isto é así. Creo que todo segue igual.

A este Goberno non lle chega con utiliza--los medios de comunicación públicos galegos para a propaganda governamental senón que lle prohibe á oposición expoñe--los seus puntos de vista sobre a situación real de Galicia a través da Radio Autonómica e da Televisión Galega, só pode haber propaganda do Goberno única e exclusivamente.

¿Pode xerar confianza un Goberno que hoxe di branco e mañá di negro? Agora gustaríanos saber, señor Fraga, que é o que di a xente de a pé, a que anda pola rúa, destes dous anos de Goberno. O 75% dos galegos opinan que a situación é igual ou peor que hai un ano, e o máis sorprendente é que a cuarta parte dos simpatizantes do Partido Popular manifestan que as cousas empeoraron. Polo tanto, non se pode dicir que a oposición sempre ve todo mal. A min gustaríame que fose todo o contrario, pero as cousas son como son e aí témo--la consecuencia da situación, a primeira folga xeral convocada en Galicia para o día 2 de abril.

A súa intervención de hoxe volve incidir no noso desenvolvemento futuro. Levamos dous anos, señor Fraga, falando do futuro, levamos dous anos, señor Fraga, escoitando a cantilena "imos facer" e coído que xa é tempo de que nos fale do presente, que nos fale do momento actual, que nos diga sinceramente cales son os atrancos, que volva pedi--la colaboración que ofertou hai dous anos e que xamais solicitou desta Cámara, que baixe do seu pedestal e que traballe por Galicia, que non se aparte da realidade, que viva máis os problemas do noso pobo, que teña unha política agresiva e reivindicativa. Está a deixar pasa--lo tempo sen que se vexan realidades; pola contra, hai máis crispación, máis desilusión e máis desesperanza.

Señor Fraga, ten que recoñecer que nestes dous anos esta xestión non foi boa, non cumpriu a maior parte das súas promesas electorais. O país está triste porque ve e sente que Galicia non funciona, pero o país, señor Fraga, non está resignado.

Nós non queremos un país que soamente sexa de gaita e pandeiro, nós non queremos que en Galicia se volva crear aquela España de pandeireta que vostede levou a adiante cando era ministro de Información e Turismo, que ó mellor naquel momen-

to era oportuno, pero os tempos cambiaron. Hoxe queremos unha Galicia que ademais do seu folclore teña boas autovías, boas comunicacións, industrias competitivas, que se pechen en Galicia os ciclos productivos, que os novos homes e mulleres atopen aquí o seu traballo e non teñan que emigrar, que a nosa economía teña peso na economía española e que a sanidade funcione, que rematen as camas nos corredores, que se acaben as listas de espera, que os nosos vellos sexan atendidos, que os nosos produtos agrarios sexan competitivos.

Todo o que acabo de expoñer é a realidade do país, un país que non marcha nin avanza, pero falta a gallardía de recoñecelo, porque cando se recoñece pódese rectificar. Toda esta realidade podémola superar se hai vontade de traballar por Galicia, ese tempo perdido podémolo superar, o que si é irreversible é perde-la oportunidade que nos ofrece hoxe a historia, a oportunidade irrepetible, a oportunidade de estar no mesmo punto de partida co resto dos países comunitarios. Comezou a carreira para entrar no Mercado Común, non aproveitar esta ocasión será o que non lle perdoe a historia.

Para isto --remato, señor presidente-- precísase un bo temoneiro que saiba marca-lo rumbo, que saiba ser belixerante co Goberno central e coa Comunidade Económica Europea das nosas xustas reivindicacións, que cambie as actitudes con-temporizadoras por esixencias firmes e fundamentadas. Contan, señor Fraga, que cando morreu o xeneral Varela preguntáronlle ó xeneral Franco que valoración facía do personaxe e este respondeu: "fue un buen comandante". A nós non nos gustaría que o día de mañá digan de vostede que foi un bo ministro de Información e Turismo.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Sánchez Castiñeiras.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, moitas veces é vostede representado coma unha caricatura ou coma un personaxe pintoresco, alguén a quen non hai que tomar en serio ou alguén a quen hai que aturar con humor, pero eu non o creo así. Señorías, creo que o señor Fraga é un político astuto que sabe moi ben o que quere. Para vostede o fin xustifica os medios, o fin, naturalmente, é o seu interese persoal, aínda que ás veces disimula os seus obxectivos, como oculta as súas vergonzas, co rexionalismo reaccionario de Alfredo Brañas. Para min, señor Fraga, vostede é un político con graves responsabilidades e neste debate quero que responda por elas.

Esta mañá falou como se non levase dez anos gobernando Galicia, estrictamente oito anos, pero, efectivamente, vostede gobernou Galicia nos últimos anos desde o seu posto en Madrid como xefe da oposición, onde se dedicaba a defende-los garavanzos da dereita española mentres marxaban Galicia, e a través dos gobernos Albor--Barreiro, Albor--Romy, Albor--Raxoi. Voulle replicar, polo tanto, coa confianza que me dá saber que me están oíndo directamente desde a rúa, vouno facer cunha radicalidade tranquila, coa firmeza serena que sempre quixen que caracterizase as miñas propostas e a miña oposición crítica.

Señor Fraga, acúsoo de ser intolerante e autoritario, de comportarse coma un xíbaro e de querer reduci-la cabeza dos seus contrincantes, dos que utilizan o pensamento e a acción para o ben de Galicia, os nacionalistas galegos críticos, ata facelos desaparecer.

Acúsoo de quinta columnista do poder estatal de sempre, de estar en contra de Galicia como naciona-

lidade ata se--lo seu presidente. Acaba de negociar co Goberno central no pacto autonómico un acordo que reduce a autonomía galega; meteunos no canellón sen saída das rexións; fíxolle o traballo sucio ó PP e ó Goberno central usurpando a súa función de presidente de Galicia e esta mañá aínda presumiu diso. Vostede, coma os espías, traballa desde dentro das institucións galegas en contra delas. Non debe estrañarlle isto a ninguén, señorías, fixo o mesmo no momento da aprobación da Constitución e do Estatuto, defendía daquela só as autonomías de Alava e Guipúscoa, fixo o mesmo no momento da aprobación do Estatuto, sempre estivo en contra das nacionalidades históricas e a favor da España centralista e napoleónica.

Acúsoo, señor Fraga, de se--lo herdeiro dos que domaron e castraron Galicia, dos que decapitaron a Pardo de Cela, dos que descabezaron politicamente a nosa nación mentres mantiveron o poder señorial interno opresor de sempre.

Acúsoo, señor Fraga, de dilapidador, de mercar palacios na capital do Estado a custa do noso pobo, como sempre fixeron os nobres e a burguesía galega, coma os condes de Monterrei, xa que no seu palacio celebraba festas o conde de Olivares, o valido de el--rei, mentres mandaba os galegos a morrer na guerra contra a independencia de Portugal en 1640; de facer da dilapidación a súa política, señor Fraga, e transforma--lo presuposto galego nunha banca paralela, na banca Fraga, para traballar con ela arbitrariamente.

Acúsoo de fomenta--la cultura de sálvese quen poida.

Acúsoo, señor Fraga, de despre--cia--la política democrática e o Parlamento, camiño moi perigoso; de querer substituí--lo Parlamento por un populismo fácil, gastronómico, folclórico, sentimental, contra a imaxinación, a racionalidade e a seriedade necesaria para resolve-

-los problemas de Galicia e do noso tempo. Os populismos son unha receita nefasta, señor Fraga, e mire o que pasa no Estado próximo, en Francia, co señor Le Pen.

Digo isto, señorías, desde a autoridade moral e política que me dá ter defendido sempre a autonomía política como continuador dunha tradición política e cultural de séculos, un galeguismo modernizador, europeísta con vocación de soberanía, sen complexos nin dogmatismos, continuador de Bóveda e Castelao, levo por iso dez anos enfrontado co Partido Popular. A vostede, señor Fraga, gustaríalle un nacionalismo estrambótico, alporizado e pintoresco, pero non é este o nacionalismo que será o resultado da unión dos nacionalistas no próximo futuro.

Esta mañá, señor Fraga, a súa exposición foi unha farsa, podíamos dicir tamén que foi unha exposición fantasiosa, podíamos poñerlle o nome de "Antoñita la fantástica". Pero de todas formas, afortunadamente, e dado que estamos falando directamente, oíuno a xente que está nas listas de espera, os familiares da xente que morre dun infarto cando viaxa a un hospital que está a cen quilómetros de distancia, os médicos e as enfermeiras que non teñen medios, os propios enfermos.

Oírono as mulleres e os homes novos que non teñen fillos porque non teñen traballo nin piso, os vellos que viron como os seus fillos emigraron e así descendeu a poboación galega.

Oírono os traballadores --temos xa o 16% de paro--, os labregos que modernizaron as súas explotacións e que non terán quen lles recolla o leite. A súa política, señor Fraga, leva a matárlle--las vacas ós labregos, non hai outra solución se modernizan as súas explotacións, salvo que cambiemos de política como nós defendemos.

Oírono pola radio os conductores que pagan o seguro máis caro

porque as estradas galegas son máis perigosas.

Oírono os empresarios que non teñen infraestructuras, nin apoios, nin autovías, nin ferrocarril, coma no século XIX. Perdemos no século XIX vinte anos vitais en contra de Galicia. Perdémolo--los anos 80 e perderémolo--los 90 nas autovías e no ferrocarril. Vostede, señor Fraga, e o seu Goberno traicionaron este Parlamento e neste momento enganan o noso pobo porque non tivemos autovías no 91, nin as teremos no 93, nin no 95, nin no 97, ó horizonte dun lustro, non as teremos e están enganando o noso pobo.

Oírono os mestres e os profesores que teñen unha asignación presupostaria de gastos miserable. Os tres rectores da Universidade que non contan con medios nin centros de investigación. Os estudantes de FP que non encontrarán traballo. Tódolos que vivimos preocupados polo caos urbanístico, polo deterioro ambiental das nosas cidades, as rías e o campo.

Para toda a xente que o oíu, señor Fraga, o que dixo é unha farsa, unha pura fantasía.

Oíuno incluso, señorías, o señor Cacharro, e os presidentes das deputacións, sobre os cales vostede xa non exerce nin sequera a súa autoridade estatutaria.

Oírono os sindicatos, que convocan unha folga para que non se pechen máis empresas, unha folga, señorías, para que non se pechen máis empresas, non están convocando os sindicatos unha folga para ter un punto máis de incremento no seu salario no próximo ano, para que non se cerren máis empresas e para que se creen outras novas, como en Cataluña, como en toda Europa.

Oírono tamén as mulleres, que queren a igualdade.

Oímolo todos e sabemos que na negociación do financiamento autonómico non nos dixeron a verdade,

Galicia está na cola do financiamento por habitante, moi por debaixo de Cataluña na realidade, se temos en conta os impostos propios de Cataluña. Iso é o que vostede, e presumiu diso esta mañá, negociou con Felipe González, facendo oídos xordos ós razoamentos da oposición nacionalista neste Parlamento, da xente con sentido común e con amor a Galicia.

Señorías, faltan nove meses para o Xacobeo 93 e non hai nada feito.

Oírono por fin os emigrantes que non poden voltar, ós que lles custa o avión para vir a Galicia o dobre que para ir a Málaga, para voltar de Suíza, de Alemaña, de Francia, o dobre que para ir a Málaga, sen que aquí ninguén os defenda.

E escoitámolo nós, os que sabemos que hai uns fondos estruturais que veñen para Galicia e son desviados polo Goberno central fóra de Galicia, e vai haber un novo fondo de cohesión, do cal presumiu, e vai ser desviado para fóra de Galicia como non haxa un Goberno realista que defenda os nosos intereses.

¿Cal é a realidade fronte á fantasía? A realidade é que conseguimos que Galicia sexa recoñecida como nacionalidade e vostede a transforma en todo o contrario. Vostedes, o PP e o señor Fraga, son como o verme que se mete na mazá da autonomía para roela por dentro. Préganse ás nosas propostas pero as perverten, transforman os soños en pesadelos. Transforma o presuposto de Galicia na banca Fraga, ofrece garavanzos a cambio de dignidade, pero non teremos, se seguimos así, nin dignidade nin garavanzos. Vostede, señor Fraga, defende a castración política a cambio dun guiso de lentellas, e aténome ás súas palabras estrictras.

Señorías, chegou o tempo de cambiar, fai falta para iso a mobilización social, a sensibilización social. Galicia foi un exemplo dis-

to nos anos 80, os anos da marxina-
ción, a época Fraga. Pero non chega
con isto, é preciso unha alternati-
va política, porque é bo aprender
das leccións da nosa historia e hai
leccións abundas na nosa historia,
señorías. Sempre foron decisións
políticas as que condicionaron ne-
gativamente o noso futuro e o noso
presente.

A sociedade galega non está en
crise, a culpa da crise téñena as
decisións políticas. Por isto quero
expresar en nome do PSG--Esquerda
Galega a nosa sincera vontade de
entendemento na oposición, para su-
perar democraticamente o longo vi-
rreinado do señor Fraga. Non pode-
mos seguir cun presidente que non
cre máis que en si mesmo, solita-
rio, que non ten interlocutores no
seu propio partido, onde só conta
con subordinados. Un presidente au-
sente dos grandes problemas, que
enche os días de visitas para evi-
ta--la reflexión serena sobre os
problemas da nosa nación, esta mañá
acábao de demostrar.

Señorías, a maioría do PP é
precaria, un só deputado, pode de-
saparecer en 1993. Señor Fraga,
vostede reúne tódalas condicións
para ser derrotado. Eu son dos que
nego radicalmente a cativa teoría
defendida desde intereses moi dis-
tintos da espera ata 1997, ata o
ano 2000 mesmo. Que ninguén se en-
gane, hoxe a maior virtude de Fraga
é a falta de entendemento político
na oposición. E todos somos neces-
arios, ningún partido da oposición
será por si mesmo alternativa, nin
en 1993 nin en 1997, é preciso, po-
lo tanto, un acordo político. E de-
bemos te--la humildade da autocri-
ticarnos, cada un na súa medida,
pola nosa incapacidade ata o momen-
to para gobernar Galicia axeitada-
mente.

Se non tomamos leccións destes
anos de autonomía seguirán caéndo-
nos presidentes rebotados de Ma-
drid, levamos cometidos erros e é
hora de rectificar e reunir esfor-
zos por Galicia.

Creo que dez anos co señor Fra-
ga xa nos chegaron. Leva o señor
Fraga e o PP pairando sobre a auto-
nomía galega, sen poñe--los pés na
terra dos nosos problemas e aspira-
cións. Tiveron tempo de deixar unha
pegada constructiva e non o fixe-
ron, a xente empeza a abri--los
ollos.

Acabouse, señorías, o mito do
Fraga poderoso, eficaz, con autori-
dade en Madrid; o actual presidente
non vai facer nada que poña en
cuestión a comodidade do seu reti-
ro, para el Galicia non é máis cá
peaña na que sobe para falar con
Felipe González. Fraga agranda a
súa figura a custa de empequenecer
Galicia.

Señorías, é hora, polo tanto,
do galeguismo, do nacionalismo.
Vostede, señor Fraga, non sabe o
que se está cocendo, estase cocendo
o avance do nacionalismo unido de-
mocraticamente, estase cocendo unha
alianza de toda a oposición. Virán,
señorías, eu o espero, tempos me-
llores, e eu farei todo o posible
para que cante o merlo.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias,
señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Beiras
Torrado polo Grupo Parlamentario do
Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Saudá-
monos coma nos trens cando van mar-
char, e este é un tren sen destino,
ou aquel tren --non, perdón, non se
poña a contar que isto non forma
parte do discurso, señor presiden-
te, calo, calo--.

O señor PRESIDENTE: Pois se nos
evita o preámbulo volvémo--lo relo-
xo para atrás, cando vostede queira.

O señor BEIRAS TORRADO: E peri-
gósimo este tacómetro, tampouco

forma parte do...

Señor presidente, señorías.

O discurso ou informe, por chamo dalgún xeito, desta mañá, pronunciado precisamente hoxe, Día da clase obreira galega, aniversario dos obreiros mortos na ponte das Pías no 72, e precisamente aquí, nesta Cámara que disque é o Parlamento de Galicia, constituíu unha auténtica provocación, unha provocación que xa nin quero cualificar de fascista porque o cualificativo quedaría raquítico.

Relembro aquel lema do pensamento de esquerda que servira en ocasións de rótulo editorial: "Socialisme ou barbarie", "socialismo ou barbarie", é a alternativa. O discurso de hoxe foi expresamente, volitivamente a antítese de calquera socialismo, mesmo de calquera progresismo, foi polo tanto exactamente a expresión da barbarie na peor de tódalas súas formas, a da absoluta carencia de ideas, que se defende no poder negando o valor ás ideas precisamente, condenando os idearios progresistas para substituílos pola maxia, a relixión, o totem e o tabú e, a seguir, naturalmente, vén a censura e a represión. Só fai falla agardar.

Precisamente hoxe e precisamente aquí, nun Parlamento galego, un presidente dun Goberno galego refugou facer unha análise da situación deste país. Silenciou tódolos problemas. Negou a pura evidencia do conflito crecente da cidadanía coa súa política. Condenou os que non se deixan intimidar e atacou ou ameazou as forzas sociais que fan mesmamente o que el non fai: denuncia--la situación de crise, elaborar alternativas para saírmos delas e loitar para que se apliquen solucións ós problemas.

Atacou os traballadores condenando os sindicatos por realizaren folgas políticas; xa sabedes, obreiros e labregos, querer comer e traballar é un crime político para o señor Fraga. Escarneceu os para-

dos, "din que hai paro pero cada vez ofrécense máis postos de traballo que quedan desertos por falta de xente preparada". O paro está neste país no 16% en Galicia, 16% da poboación activa que, dada a proporción que hai en Galicia entre poboación asalariada que xera o paro e poboación activa, representa máis ou menos o 30% da poboación asalariada. Por certo, se antes de estaren no paro tiñan posto de traballo, ¿como facían sen estaren preparados?, ¿ou é que os botaron do choio por mantas?

Foi sexista e aldraxou as mulleres, púxoas a parir, a parir fillos para recupera--la demografía, é o seu papel social.

Foi racista cos emigrantes exteriores, os pobres paisas africanos da alfombra ó lombo, supoño. Podería perfectamente ser un discurso de Le Pen en Francia, non pode se--lo discurso dun presidente dun Goberno galego, menos aínda o informe sobre o estado da nación galega feito por un presidente que leva dous anos no Goberno, porque xa leva dous anos no Goberno. ¿E que fixo? ¿Cal é a situación? ¿Cal é o balance? Agora xa non vale dicir "imos facer", hai que render contas.

Señor Fraga, crese a virxe do perpetuo socorro, que a xente o invoca para que faga milagres, e non, só queren que se enfrente a quen sexa para servir a Galicia, no canto de --e isto díxoo el-- servir a España en Galicia; claro, naturalmente, así nos loce o pelo.

Hai dous anos que o actual presidente da Xunta de Galicia foi investido por este Parlamento, exclusivamente cos votos do seu grupo, o Popular. Con ocasión daquel debate o BNG fixo desde esta tribuna, mediante a miña voz, o seguinte diagnóstico político --que vou reproducir, máis ou menos--: "Os intereses económicos, sociais e ata culturais de boa parte da vosa propia base electoral son inconciliabiles cos dos centros de poder que dominan a

alternativa política europea a nivel do Estado e mais da CEE. Por iso mesmamente vostede, señor candidato, ten que acubillarse baixo o cobertor dese poder e para os efectos de imaxe arrouparse con vougas declaracións de intencións, abstractas profesións de principios alienantes, requilorios moralistas e confusas e desordenadas enumeracións casuísticas onde calquera principio sistematizador e calquera enunciación de prioridades congruentes brilla pola súa máis absoluta ausencia".

Hoxe, volvemos face--lo mesmo, dous anos despois. E logo, cando toca gobernar, mesmo nunha autonomía tan cativa coma esta, quedan vostedes reducidos á impotencia ou ó disimulo evasivo, é o que están a facer, laiarse --el que di que os que berramos simplemente nos laiamos--, laiarse do que acontece, por non teren competencias, seica, e evadirse, como direi despois, á fin é o cabo as viaxes non son máis cá mesma concreción física da pulsión evasiva que padece este presidente.

O subconsciente obrígaos a facer fincapé en anunciar que o seu Goberno practicará unha política nova, ou sexa, que non terá nada que ver coa política dos sete anos de Albor. Pero o malo é que cando se trata de precisar e perfila--lo contido desa nova política resulta que todo fica como antes, como cantara Luis Cilia, etc., e aquilo que engadía tan elocuente de as moscas mudan, só a tarará non varía, é dicir, a merda.

E proseguía ese diagnóstico --é absolutamente vixente, señor Fraga--: "Na presente conxuntura histórica e nos anos que pretende durar esta lexislatura esa contradición vaise agravar constantemente, máxime estando vostede no poder, e non dispoñendo polo tanto de escusas nin coartadas, vaille estoupar nas mans, señor candidato, e fronte a iso non valen gaitas" --das gaitas do comezo só lle quedan os farrapos, evidentemente--; "¿por que coida vostede que subiron de 50.000

a 105.000 votos os do BNG, dispoñendo nós como dispoñemos de cen veces menos recursos presupostarios ca vostedes para a campaña electoral?, ¿non sería porque o BNG é consciente diso todo e actúa en consecuencia e porque cada vez máis porción de sectores cidadáns, que en boa medida forman parte dos mesmos segmentos sociais que son bases electorais de vostedes todos, uns e outros, cobran á súa vez esa mesma consciencia e empezan a votar congruentemente con iso tamén, pola esquerda e pola dereita, para entendernos, desde o proletariado máis combativo ós pequenos comerciantes e empresarios industriais ou case industrias que están hoxe tan lonxe da era postindustrial, que vostede invocaba banalmente, coma o planeta Marte da nosa terra?"

E rematabamos: "Non lle imos da--los votos os deputados do BNG para tal cousa, á vista do seu discurso programático, non queremos sentirnos cómplices o día, ben próximo xa, que os cidadáns empecen a dicirlle: "señor presidente, déixenos de gaitas, precisamos que se governe efectivamente, a prol do proletariado, do campesiñado e dos demais sectores populares da nación galega. Precisamos que governe o Bloque Nacionalista". Xa estamos dispostos hoxe, ímolo demostrar nesta Cámara, estarémolo aínda mellor ese día que non vai tardar, é a ruda adversidade urxente que dixera Pondal --e que eu gusto de citar-- quen o impón, farémolo despois do seu inevetable fracaso".

O seu pseudodiscurso desta mañá foi o primeiro relatorio máis evidente dese inevitable fracaso. Pero ese fracaso non tardou nin un ano en facerse visible, xa ós seis meses de mandato empezaba o "strip--tease" do señor presidente, político claro, coa súa baixada de calzóns perante o Goberno español no asunto das autovías, deixando en entredito este Parlamento, que o arroupara para reclamar algo que vostede perdeu polas rúas da capital madrileña, e en cousa de un ano tivo que despacha--los titulares de

dúas consellerías, e non dúas calquera, nada menos que Sanidade e Agricultura, curioso paradoxo, porque disque eran dous triunfadores, un trouxera o INSALUD, outro levará os incendios forestais, de feito levounos o demo ós dous, só que ó señor Romay Abemaría levouno ó purgatorio dos hospitais no canto de ó inferno, porque a obra de Deus ten recomendación de escribanas alturas.

Mais á altura de hoxe, que é a altura que a Galicia lle importa agora, ese fracaso xa non só resulta patente, senón que ademais comeza a facer estrondo, desde a montaña da Fonsagrada deica a beiramar de Baiona, señor Fraga, estrondo. Relémbrolle e devólvolle, xa que fala de Malpica, relémbrolle e devólvolle as súas ríspidas palabras dun día neste mesmo salón, palabras que vostede cuspiu ó aire cara a min, a barlovento, mal mariñeiro, e que o vento lle acaba de guindar de volta na propia fronte en Baiona; dixo vostede: "un día o pobo faino saír a un protexido polas guapas mozas das forzas de ocupación", ¿lémbrese?, foi vostede, non fun eu quen lles virou o sexo ós gardas civís, ou cando menos o xénero gramatical, eu téñolles máis respecto, polo menos nas palabras. Xa dixen unha vez que eran máis demócratas ca vostedes actualmente, tiñan un sindicato clandestino e todo, os do PP non son capaces de facer tal cousa dentro do partido.

Pero, alén das anécdotas, ¿cal é o estado de felicidade dos seus súbditos na actualidade?, ¿cal é a situación actual de Galicia? O BNG sintetizouna hai cousa de un mes nun documento dirixido ás organizacións sindicais, obreiras e labregas, e mais ás forzas políticas; algunhas cousas que alí dicíamos vounas reproducir agora --hai que aproveitar cando os medios de comunicación públicos e autonómicos non están anémicos--.

A integración no Mercado Común Europeo veu agrava--la tradicional situación de dependencia e atraso de Galicia no Estado español, este

está a ve--la súa economía reestructurada e reacomodada ós intereses do gran capital internacional europeo e de alén de Europa. Para Galicia a Comunidade Europea significa a ruína e a destrución de sectores básicos da nosa economía: as restriccións á produción leiteira, a hecatombe das 150.000 vacas, vostede que estudiou o bacharelato de antes sabe perfectamente, lembrarase, que hecatombe en grego significaba matar bois, así, sacrificalos en honor ós deuses en grande cantidade, aquí tamén cambiaron o sexo, son vacas; a redución sistemática do noso potencial pesqueiro; o desmantelamento da nosa industria naval e siderúrxica e a substitución do pequeno comercio polos grandes monstros comerciais transnacionais, non deixan de se--la aplicación sistemática dun programa, dunha estratexia trazada con precisión nos despachos de Bruxelas, de Hamburgo ou de París, parece que queren converte--lo noso país nun vertedreiro de lixo de moi escasas industrias altamente contaminantes, e nun inmenso eucaliptal.

No momento actual as necesidades do acelerado proceso de converxencia ás economías periféricas da CEE vai significar novos trastornos no noso aparato productivo, quero dicir, a preocupación do sector público español vaise concentrar en logros nas partes máis adiantadas da economía do Estado, as medidas de política económica do Goberno central afondarán, á forza, a distancia entre a economía galega e a media española, o tratado de Maastricht consolida a dialéctica económica e, a maiores, neste preciso momento existen novas alternativas para investimentos nas posibles periferias comunitarias, extracomunitarias mesmo, concretamente nas economías do Leste europeo, lugar de chegada mesmo de capital especulativo galego, non sei se o sabe.

Por certo, dixo vostede que fracasaran eses modelos, non vou entrar nese debate pero direille que non está vostede ó día porque hoxe as noticias nos periódicos son

de que o que está a fracasar son as alternativas de Walesa, o plan Balzelski, o proceso de privatización da industria polaca, que segue sendo pública a un 80% porque son incapaces de privatizala, ou a aparición do paro ou o seu disparo, etc., etc., ou os esplendurosos triunfos do señor Yeltsin, que naturalmente xa ten que empezar a aplicar moi democraticamente a prohibición das manifestacións na capital de Rusia, Moscova. Logo vostede deseñou tamén un panorama negro en Alemaña, Gran Bretaña, USA, nas locomotoras... Xa me explicará se aquilo fracasou e o panorama é como é, como vostede di que é, como o Fondo Monetario di que é, nas locomotoras de Alemaña e de USA que é o que nos toca aquí "en el Far West peninsular celtibérico", cando aínda non nos puxeron as plumas que nos distinguan etnicamente. E non falou vostede naturalmente desa alternativa capitalista en Perú, en Bolivia, en Colombia, en Brasil, onde a economía de mercado é tal economía de mercado que se trafica cos nenos e coas nenas para a prostitución, naturalmente. Esas son as alternativas das que vostede fala, as que vostede asume, como principios dogmáticos, como se fose o Talmud dos sionistas.

Finalmente, a procura de axuda mediante a utilización dos fondos financeiros procedente da CEE non significa máis có espellismo dun suplemento. Da axuda subvencionadora non se pode esperar modificación das condicións de produción da estratexia de despegue económico, en todo caso está demostrado na historia da Comunidade que as axudas subvencionadoras beneficiaron maiormente aquelas zonas económicas que xa estaban en inmejorables condicións de produción, mentres fracasaron rotundamente no Mezzogiorno italiano, en Gales ou en Escocia, mesmo en Irlanda, con ser Irlanda un Estado e ter un poder político propio.

E ante esta situación na que se atopa hoxe Galicia, ¿cales son as alternativas? O señor Fraga non

enunciou unha soa esta mañá, o BNG anunciara xa hai tempo, enunciara alternativas cando fora o Proxecto de lei de medidas urxentes en setembro do 87, recén celebrada a moción de censura de marras, enunciounas cando se celebraron as eleccións autonómicas do 89, e acaba de volverlas enunciar hoxe con plena vixencia, e entramentres o BNG foi traendo a este Parlamento durante estes dous últimos anos iniciativas de fondo sobre problemas dos que nin un só foi tratado por iniciativas lexislativas deste Goberno. Quen fai o labor lexislativo a prol dos problemas candentes do país é a oposición, e logo o señor Fraga di non, demostrareillo:

Creación dun banco público galego e institución galega de crédito, proposición de lei do BNG 91, vostede dixo non, e non tiña alternativa propia.

Lei de patrimonio forestal de Galicia tendente á racionalización da explotación do monte, así como a garanti--lo seu papel básico no equilibrio ecolóxico do medio natural e no lecer da poboación, proposición de lei de iniciativa popular do 90, apoiada, e mesmo loxisticamente apoiada, polo BNG, vostede dixo non, sen ter alternativa propia. Agora hai unha nova Proposición de lei do BNG de ordenamento forestal, que acaba de entrar no rexistro da Cámara hai poucos días, polas trazas vostede dirá non, outra volta.

Esixi--la participación de Galicia na negociación e renegociación dos trazados pesqueiros. Hai poucos días, o BNG presentou unha proposición non de lei para a renegociación ou revisión dos aspectos do Tratado de adhesión á Comunidade lesivos para Galicia, vostede dixo non.

Programa de lanzamento da defensa e expansión da economía gandeira do sector lácteo, Proposición de lei do BNG de ordenamento da política gandeira debatida no outono do 91, vostede dixo non, sen ter

alternativa propia. Recuncamos agora, acabamos de metelo outra vez, porque ó que non quere caldo, sete cuncas, polas trazas vostede volverá dicir non.

Defensa e promoción das empresas galegas fronte á penetración do gran capital transnacional, sen renegociar--lo Tratado de adhesión, polo menos os flocos, por exemplo no sector pesqueiro; flocos que se consideraban como tales quedaron fóra da negociación, coma as empresas mixtas para os armadores, fundamental, peza de toque clave para o sector pesqueiro de gran altura e longa distancia, quedou fóra.

Vostedes néganse a acepta--la proposta de que se reclame a renegociación, vostedes din non.

No comercio, Proposición de lei de comercio interior do BNG, xa no 88 vostedes dixeron non, xa daquela. Ademais, están a incumpri--la vixente, sen teren alternativa, aínda acaban de botar a atrás unha moción de don Bautista Alvarez, denunciando o incumprimento da legalidade vixente por parte da Consellería de Industria, en prexuício do pequeno comercio propio do país.

Creación do Instituto Galego de Economía Pública, organismo empresarial público autónomo para a vertebración dun sector público no aparello productivo galego, a prol do desenvolvemento autocentrado na economía galega. Xa estaba proposto no proxecto de lei de bases de medidas urxentes que presentou o BNG en setembro do 87, que foi botado a abaixo cos seus votos, xa daquela. Agora vostedes elaboraron o sucedáneo, onde copiaron o nome, pero copiaron mal porque IGAPU convertérono en IGAPE --aquilo de economía pública non lles gusta, aquí todo ten que ser privado, incluso seguramente as casas de lenocinio-- e entón é "promoción económica", ben, moi ben, pois agora ás emendas ó sucedáneo do BNG vostede di non.

Execución dunha política de impulso real da normalización lin-

güística, dúcias de iniciativas lexislativas e non lexislativas, a maioría delas da deputada do BNG Pilar García Negro, vostedes din non a case todas. Mesmo desde 1986--87 hai unha proposición non de lei aprobada nesta Cámara sobre a normativa, sobre o consenso por unha normativa, sobre o diálogo, e a pesar de que a Lei de normalización lingüística puña cinco anos de experiencia para a normativa van dez, practicamente, e segue sen executarse ese acordo do Parlamento, señor Fraga.

Desenvolvemento dun plan de vías de comunicación rápida co Estado de Portugal, deixounas voar xa en 1990.

Compensación da débeda histórica en niveis de dotación e remodelación dun Mapa sanitario galego, deixounas voar en 1990 na transferencia do INSALUD e outra volta agora na negociación do modelo de financiamento ás comunidades autónomas. Seique non está ben iso de reivindicar--las débedas históricas, porque se cadra había que reivindicar algo que se nos debe desde que don Manuel era ministro de Franco.

Ordenación integral do territorio galego, comarcalización da Administración territorial de Galicia, Cacharro di que non, e como manda máis ca Fraga, todo parado, ¿non é iso? Mandan máis có patrón e mandan máis có Estatuto de Galicia, porque é anticonstitucional, por ser antiestatutaria, a posición do Partido Popular de Lugo; o señor Cacharro ademais apareceu fotografado rodeado dalgunhas persoas que ocupan escanos nesta Cámara, ben coñecidas. Están contra o Estatuto de Galicia e por riba de don Manuel.

E, finalmente, propugna--la elevación do nivel competencial autonómico na perspectiva dunha necesaria reforma constitucional, Fraga fai deixación da obriga que ten a ese respecto a prol de Aznar e do Partido Popular español para o pacto autonómico entre Aznar e Felipe González, é dicir, a nivel de par-

tidos PP--PSOE, no canto de tratalo a nivel institucional entre a Xunta de Galicia e o Partido Español. Este era o home forte con autoridade que viña por fin presidir con rango institucional suficiente, dignidade no cargo e enerxía no mando, o Goberno autonómico de Galicia, pero é Aznar quen negocia o pacto autonómico a nivel de partido e entre partidos, excluindo as institución do Parlamento de Galicia e do Goberno de Galicia, presidido este último por Fraga.

¡Ollo!, señor Fraga, xa ve, todas estas alternativas do BNG non eran parábolas, a maioría delas foron traídas a esta Cámara xa, vostede di que non a todas e iollo!, señor Fraga, porque así vostede vaise converter no espírito que sempre nega; vostede, que é culto --ou tal din--, sabe que era como Goethe definía o maligno, a Satán ou se queren Mefistófeles, o espírito que sempre nega, vaise vostede converter mesmamente naquilo que sempre di combater.

En dous anos de Goberno vostede non trouxo a este Parlamento nin un só proxecto de lei sobre ningún dos temas vitais ou cruciais para Galicia, tróuxoos o Bloque ou, se cadra, outros, noutros casos, e vostede rexeitounos.

Só trouxo reformas de leis elaboradas nos tempos de Albor, non sei se para emendarlle a plana e demostrar que era parvo ou para darlle a razón politicamente ó señor Barreiro cando montou o que montou en outubro de 1986, pola pusilanimidade do presidente Albor. Trouxo reformas castrantes de leis elaboradas nos tempos do presidente Laxe, para poñelas peor do que estaban, e trouxo proxectos de leis policiais: policía municipais, academias de policía, sancións ós mariñeiros, sancións ós hosteleiros e cousas polo estilo. Ese é o auténtico balance, señor Fraga, do seu labor, xa que non o fixo vostede tiñamos que facelo nós. O BNG está afeito a ter que traballar pola oposición e mais tamén polo Go-

berno.

Se esta é a situación, señor Fraga, se este é o balance, resulta evidente que o seu mandato é unha fraude política constante e descarada e que a súa permanencia no poder está baseada na mentira repetida mil veces, máxima de Goebbels que vostede aprendeu moi ben e que os seus medios de comunicación practican tódolos días do ano, desde o 1º de xaneiro deica o 31 de nadal, na censura dos medios de comunicación. Eu coido que debían pedir que lles compuxesen un himno para a Xunta distinto do himno de Galicia, e que o himno da Xunta debería ser aquel cantar español "vamos a contar mentiras, tralalá". ¿Parécelle ben?

A súa permanencia no poder está baseada tamén no cultivo de reflexos atávicos, reflexos de Pavlov en masas previamente narcotizadas coa mentira e coa censura; nun grupo parlamentario de deputados robots no canto de homes e mulleres libres que exerciten a capacidade de pensar; no estrago de cartos a moreas en gastos suntuarios, ostentación, pompas fúnebres e gorilas, incluídos mausoleos en Madrid; na compra en subhasta á baixa de todo quisque que poña en venda a súa alma, o fondo que eu chamei das "FAVAS", fondo para a adquisición de vontades e adhesións servís; na aposta pola estupidez desaprensiva como pauta de comportamento social; no arrombamento ou na paralización das institucións democráticas. Niso, estrictamente niso, baséase a súa permanencia no poder durante dous anos.

¿Frente a iso que acontece fóra de aquí?, fóra dos muros ou paredes de Raxoi ou San Caetano, fóra das paredes e dos muros ou da reixa desta Cámara, que foi cuartel durante medio século e aínda parece que iso imprime carácter, ¿que acontece fronte a iso?

Primeiro, un crecente divorcio entre as institucións políticas e a sociedade. As institucións convér-

tense en ovnis, é dicir, xa se sabe, obxectos voadores non identificados pola xente do común.

Segundo, unha progresiva toma de iniciativa pola cidadanía mesma, as forzas e sectores sociais e cidadáns máis lúcidos xa están a facerlle ó Goberno as mocións de censura que o PSOE non ousa traer a esta Cámara porque para traer unha moción a esta Cámara hai que xogar a xogo resolto por adiantado, te-la lebre amarrada, non face--la censura. Ata as bandas de música lle montan cornetadas no Obradoiro, señor Fraga.

Mentres tanto, a Xunta e o Partido Popular seguen impávidos na pusilanimidade e no delirio de grandeza, e moito temo que se continúan coas queimadas acabarán no "delirium tremens".

Vostede dixo hoxe, señor Fraga, con esa actitude despectiva que tanto o caracteriza respecto dos creadores de ideas, que non cre nas utopías, iso xa o sabíamos, podía aforrar de perxuralo, Thomas Moore e Campanella nunca foron da súa devoción. Vostede interpreta a historia da mesma maneira que a interpretaban os manuais que á miña xeración se lle impoñían nos centros escolares, "La historia del imperio español y la leyenda negra", as verdades eran lendas negras e o resto, evidentemente, non valía para gran cousa.

Pero vostede, que dixo que non cría nas utopías, sen embargo, aínda que non o dixo, resulta que vostede cre na inopia ou polo menos está nela. O cabo de dous anos de mandato chega a esta Cámara --nunha das rarísimas ocasións en que témo--la oportunidade de escoitalo falar e dicir algo como presidente da Xunta dentro dun recinto parlamentario-- e fai un recital de descoñecemento absoluto de cal é a realidade social, da súa incapacidade para face--lo máis mínimo diagnóstico e da súa constante evasión. Isto reflíctese nos discursos que lle fan, por cachos --cada cacho

fíxollo alguén diferente--; quen lle fixo o discurso sobre o idioma merecería algún premio destes estraios que vostedes institúen, porque iso de que os galegos idiomáticamente pertencemos ó glorioso tronco lingüístico iberoamericano é un "achádego de cadeirádego" xa non só en filoloxía senón en socio--lingüística merecente dun premio antitético do Nobel.

¿Vostede sabe por que viaxa tanto? Porque non pode reprimi--lo seu devezo de fuxir --é moi doado chegar a esa conclusión-- e como non ten para onde fuxir, como non ten a onde ir e quedar, vai e volve unha e outra vez a sucesivos lugares distintos para acabar sempre no mesmo punto de partida, o mesmo que fixo vostede na súa traxectoria política persoal, foi e voltou a cantidade de lugares ideolóxicos diferentes para acabar no mesmo punto de partida, como acaba de demostrar co seu discurso de hoxe, que, ideoloxicamente --reitero--, sería asumible por Le Pen.

Vostede é un estatista frustrado, un ideólogo obsoleto, un dirixente autoritario sen autoridade e nin sequera dispón de alguén de valía que veña detrás para colle--lo relevo, porque vostede é como un vello eucalipto, onde está chantado nin a herba medra arredor, esterilízaio todo; se cadra a base de ensaiar fuxidas atrás e adiante, ó leste e ó oeste, acabará vostede en Salou, como vostede e mais eu sabemos.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo polo Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Onte tiveron a oportunidade de manter unha longa conversa co ministro de Economía, Carlos Solchaga, e nesa conversa expresábame que el tiña unha fonda confianza no futuro deste país, e existía unha coincidencia de que Galicia é un país que ten grandes oportunidades; hai un horizonte optimista para Galicia pero o futuro non está absolutamente garantido neste país.

Eu creo que o futuro de Galicia vai depender da capacidade de resposta que exista por parte de todos os que teñen responsabilidades na evolución de Galicia: as institucións públicas, o Goberno do Estado --vostede esta mañá referiuse ó Goberno do Estado--; vai depender tamén da capacidade de resposta da Xunta de Galicia, dos concellos, das deputacións; da capacidade de articular unha resposta común de todas as institucións de Galicia; e vai depender tamén da capacidade de resposta dos axentes sociais e económicos.

Pois ben, señor presidente, vostede esta mañá non lles dirixiu ningún discurso ós axentes sociais e económicos deste país, eles estarían preguntando que quería dicílo presidente, creo que esta mañá perdeu a oportunidade de facer un discurso para este país, non soamente un discurso para esta Cámara. A sensación que eu tiña era que esas luces que deben alumear--lo avance deste país esta mañá non se acenderon, esas iniciativas que debían saír deste debate parlamentario non se presentaron por parte do presidente da Xunta; en resumo, despois do discurso, ¿que?, pois nada novo neste país, todo vello.

Eu pódolle dicir que nós preferiríamos algo novo neste país, nós quixeríamos que as cousas fosen ben, non somos unha oposición que queira traballar sobre o fracaso neste país, queremos que as cousas vaian ben para nós ser capaces de ofrecer un proxecto mellor, para ser capaces de mellorar un país que vai ben.

Eu teño unha dobre sensación, unha sensación, por unha parte, de confusión, esa confusión que tiña aquel pai que recibe o seu neno despois de facer unha avaliación e o neno dille: "papá, teño que darche dúas novas unha boa e unha mala", e preguntalle: "¿cal é a boa?", e o rapaz di: "que aprobei todo", "¿e a mala?" "que non é verdade". Loxicamente, esa é a sensación que eu teño agora, a vostede non se lle pode poñer unha cualificación de aprobado, non progresa correctamente, eu creo que a cualificación é que hai que mellorar, hai que esforzarse máis porque este país necesita de maior esforzo. A outra sensación que tiña esta mañá, e que contrastaba con ese ton quebrado que en ocasión utiliza o presidente, é que o seu discurso foi extraordinariamente frío, foi un discurso moi frío, un discurso dun observador que vén aquí a botar unha peza oratoria, non dunha persoa que está traballando na entraña mesma deste país.

Nós pensamos que o debate sobre o estado da Autonomía é un debate de política xeral, é un debate sobre a situación de Galicia, non é nin sequera un debate para falar do Goberno, é un debate para falar do país e para que cada grupo parlamentario poida expoñer cales son as súas ideas e as súas propostas para este país nun momento determinado. Ese debate, loxicamente, parte de analizar dous datos: en primeiro lugar, onde estamos hoxe e, en segundo lugar, a onde nos diriximos a partir de agora. Hai que realizar un balance da situación, sinalar un horizonte de referencia e realizar unha reflexión política a fondo que sexa a que xustifique unha resposta institucional.

Pois ben, hai que preguntarse onde está Galicia hoxe; e eu estou de acordo en que non se pode analizar--la situación de Galicia se poñémo--los ollos mirando soamente o noso país, é necesario ampliar--la perspectiva porque vivimos nun mundo cada máis máis interdependente, nunha sociedade cada vez máis aber-

ta. Nun mundo interdependente hai dous discursos que non son válidos: o primeiro é considerar que nada depende de nós, se nada depende de nós ¿para que queremos--lo autogoberno?, ¿para que queremos liberdade?; tamén sería un gran erro considerar que nunha sociedade independente todo depende de nós, que nada do que ocorra fóra do noso país inflúe aquí, sería un grave erro. Eu dicía que, se non nos comportamos mirando o que ocorre fóra, virán os de fóra e gañarán posicións dentro do noso país.

E necesario realizar unha política baseada nese sentido, estamos nunha sociedade interdependente na que hai factores que nos condicionan, pero tamén hai factores que dependen da nosa propia vontade.

Por iso creo que non se pode chegar aquí como chegou o presidente da Xunta de Galicia e dicir que o problema é a recesión internacional. ¡Oia!, existirá recesión, unha certa recesión internacional, pero, loxicamente, hai unha capacidade tamén para moverse neste país. Bertrand Russell dicía que non hai vento favorable cando non se coñece o rumbo, ó mellor non hai moito vento pero o problema sería que non coñecesémo--lo rumbo, o problema sería que se non hai vento, polo menos, sexamos capaces de poñer--los remos, bota--lo motor ou facer algo para non quedar no mesmo sitio, señor presidente. A situación internacional non xustifica todo, e a situación internacional non se pode avaliar soamente con xeneralidades.

Vostede falaba da caída dos sistemas do Leste. Eu faría unha reflexión: a caída dos sistemas do Leste forma parte dunha dinámica máis ampla, que é o triunfo da democracia, pero un triunfo da democracia que hai que explicar desde que comeza, coas caídas das dictaduras no sur de Europa, e que a continuación se estende por Iberoamérica e hoxe polo Leste europeo. Este é un proceso importante co que nós nos sentimos plenamente identificados.

Vostede fala de que a bipolaridade finaliza na Guerra do Golfo, nós simplemente dicimos que a bipolaridade onde finaliza é na caída do Muro de Berlín. A Guerra do Golfo o que pon de manifesto é que, na sociedade internacional precisamente, se se quere intervir, o que se necesita é un compromiso internacional. Ningún país pode intervir libre, entre outras cousas porque carecería de apoio loxístico. Pero a Guerra do Golfo, desde logo, non é o que fala da bipolaridade, senón a que esixe unha nova orde de relacións internacionais.

Vostede falaba de recesión. Mire, para este ano, para 1992, España vai ser, de tódolos países da OCDE, o segundo país con máis capacidade de crecemento. E dicir, estamos efectivamente nunha sociedade en recesión a nivel internacional, pero dentro desa recesión o noso país vai crecer máis cós exemplos que vostede sempre poñía nos seus debates. Así, vai crecer máis ca Estados Unidos, vai crecer máis ca Xapón, vai crecer máis ca Inglaterra e vai crecer máis ca Alemaña. España vai crecer máis ca eses países segundo as previsións da OCDE e do Fondo Monetario Internacional.

O que a min me preocupa é que, se é tan importante a situación internacional, se realice unha afirmación que para min é tremenda porque revela o grao de compromiso que ten o Goberno coas súas propias responsabilidades. Así, vostede afirmaba esta mañá que 1992 será o noso primeiro ano de apertura ó mundo. Oia, pero é que vostede leva tres anos neste país. Este é o terceiro ano e os dous anteriores non foron anos de apertura ó mundo en Galicia. Iso está no seu discurso, señor presidente.

Vostede estivo vivindo dous anos de costas ó que pasaba no mundo, e hoxe vén aquí dicindo iso e queda tan campante e tan satisfeito. Pois loxicamente son dous anos perdidos, e vostede aquí tivo un depósito de confianza. Despois dos dous primeiros prazos, o que nós

temos que preguntarlle é: ¿como se pode admitir que vostede diga: comezarei o ano que vén a cumprir?

Creo tamén que falar de Galicia é imposible sen falar de Europa. Europa non é algo alleo, Europa é unha das dimensións vitais do noso país. Galicia tamén é Europa. E digo máis: sen unha Europa potente, perderemos non soamente as nosas perspectivas de futuro, que é moi importante, perderemos tamén a nosa propia identidade como país, a nosa propia identidade tamén depende de Europa. Porque pasaríamos a ser unha especie de sociedade declinante, de sociedade subordinada, ou, se se quere utilizar unha linguaxe máis gorda, pasaríamos a ser unha colonia.

E eu creo que ninguén debe equivocarse, Europa é necesaria como proxecto de país, como proxecto dun país que quere ter unha identidade e gaña--lo seu futuro. Porque detrás da competencia económica que existe a nivel internacional, que nos esixe participar nun proxecto europeo, non soamente están os produtos económicos. Detrás dos produtos, hai sistemas de convivencia, hai culturas, hai estilos de vida. Detrás dos produtos hai sistemas de valores, relacións industriais, proteccións do Estado, réximes de impostos, vacacións. Todas esas cousas están detrás da competencia e detrás dos produtos.

Por iso, eu digo que defende--la unión europea hoxe é defende--la nosa personalidade. Para Galicia é vital participar nun proxecto europeo que simultaneamente sexa capaz de asumir--los desafíos que nos presenta a sociedade internacional e que, ó mesmo tempo que os asume, é capaz de facelo con cohesión. Esta é unha palabra que esta mañá non se escoitou nesta Cámara, non se escoitou a palabra cohesión. É unha desgracia porque a cohesión interna dentro de Europa significa que os avances da construción europea beneficien a tódolos europeos, beneficien a tódolos pobos de Europa.

E, polo tanto, eu creo que Europa non é un problema para este país, senón que é a solución. Ademais, síntome satisfeito do avance que se está realizando dentro de Europa. Probablemente, o noso grupo parlamentario quereda que fosemos aínda máis rápido, pero desde logo hoxe non se pode dicir, como se dicía hai uns anos, que estamos vivindo a euroesclerose. Eu creo que hoxe Europa non ten síntomas de euroesclerose.

Pois ben, se miramos para Europa, hai unha data fundamental en Europa, hai un obxectivo europeo inmediato, que é o de 1993, un paso importante, que é a posta en marcha da Acta única e do Mercado Unico, a libre circulación de persoas, de bens e de servizos, a eliminación dos aranceis. E o momento de ir creando ese Mercado Unico potente, que debe contribuír á expansión da economía europea. Pois ben, esta debía se--la lexislatura do 93.

Esta mañá aquí tampouco se falou para nada do Mercado Unico. Esa é hoxe unha materia suspensa e hoxe vostede creo que debería falar aquí do Mercado Unico, e ó mesmo tempo debía xa presentar realidades. Realmente, interésanos que vai facer aínda vostede cara ó 93. Tamén nos interesa que vai face--lo Estado por Galicia para o 95, pero o que faga o Estado por Galicia para o 95 vai se--la responsabilidade que o Estado ten cos galegos, pero o que faga o Estado por Galicia non é o que vostede teña que facer na súa responsabilidade como presidente da Xunta de Galicia.

Pois mire, se vostede fala do papel do Estado, que nós compartimos que é un papel importante para este país, a min xa me agradaría poder dicir que Galicia se comporta exactamente igual có Estado, que a Comunidade Autónoma se comporta igual que o está facendo o Estado. O problema nin sequera é que exista unha evolución diferencial de moitos anos, porque realmente hai moitos anos que temos unha diferenza respecto da riqueza que hai no con-

xunto do Estado, senón que o problema é que esa diferenza está aumentando, señor presidente da Xunta.

A devandita diferenza está aumentando en paro, está aumentando en crecemento, está aumentando, como dicía algún dos anteriores intervinientes, en investimento estranxeiro. Ese é o problema: Galicia nunca tivo unha taxa de paro superior á media do Estado, de paro rexistrado. Sen embargo, desde que está vostede como presidente da Xunta de Galicia, este país ten unha taxa de paro por riba da que ten o Estado. Ese é o problema número un que haberá que abordar en Galicia, é dicir, a solución do problema de emprego.

Eu leo con bastante frecuencia a prensa europea, e normalmente díse na mesma: "España é un bo alumno en Europa". Eu creo que vostede é un alumno desvantaxado en España. Considero que debería estar facendo dúas cousas: render balance, marcar ese obxectivo final que nos queda ata o 93, pero ó mesmo tempo ir marcando a perspectiva para o ano 97. Esa converxencia que existe en Europa é necesaria para construír unha unión real, sería un paso máis nesa unión, pero ó mesmo tempo é necesaria por razóns de conxuntura. Así, vai servir para fortalece--las economías europeas, que están, actualmente, en situacións máis difíciles das que poden ter Xapón globalmente ou incluso Estados Unidos.

Eu creo que hai que recuperar enerxías en Europa para volver esforzarse. E, polo tanto, a min agradaríame que vostede falase aquí de que perspectivas temos nós no plan de converxencia, porque nos vai afectar realmente dentro de Galicia. Hai previsións que poden ser moi favorables, desde o punto de vista dos tipos de interese, pero logo tamén hai previsións que van significar novos retos para a nosa Comunidade Autónoma. Por exemplo, estamos diante dunha situación na que o Goberno do Estado se está inclinando por unha política que consista en non aumenta--la presión

fiscal. Esa política de non aumenta--la presión fiscal, ou incluso esa política de ir reducindo o déficit público, vai significar unha evolución dos recursos que non se vai caracterizar pola evolución que mantivo durante estes últimos anos.

E a min gustaríame coñece--las súas previsións, gustaríame que hoxe aquí aproveitase para falar das súas previsións diante deste reto, e incluso que aproveitase este debate xa que vostede realmente neste Parlamento poucas veces intervén. Esta é das poucas veces que vén a este Parlamento para presentar ese plan económico e social.

Eu teño unha sensación que creo que debo dicir; a sensación que teño é que vostedes meteron ese plan no caixón, e metérono no caixón porque vostedes consideran que hai unha folga convocada e non é o momento de saca--lo plan. Despois da folga, veremos se sacámo--lo plan. Creo que o que iso demostra é a capacidade que pode ter ese plan para ilusiona--la sociedade galega. Así, un plan que queda no caixón, un plan que non se presenta neste Parlamento nun debate como o debate do estado da Autonomía, tanto tempo esperado, realmente é un plan que non vai merecer moita viabilidade.

Eu coido que hai necesidade de construír neste país un proxecto de futuro, debe ter un gran obxectivo estratéxico, un só pero moi claro. Creo que todo o que nos aproximemos a ese obxectivo sería importante. O obxectivo é situar Galicia na media europea. Ese creo que é o que debería se--lo gran obxectivo do noso plan estratéxico, e a partir de aí hai que ter claras tres grandes liñas de reflexión. A primeira é que ese proxecto vai requirir esforzo. Segundo, vai requirir ritmo. E terceiro, que é necesario realizar unha política de auténticas prioridades.

Pois ben, eu creo que hai que convocar este país a realizar ese gran esforzo. Hoxe vostede veu a esta tribuna e non falou para a so-

cidade galega, porque, mire, o esforzo debe existir, un esforzo sostido. Se non nos esforzamos, non quedamos igual, perdemos posicións; temos que esforzarnos para estar onde estamos, e se queremos ir máis alá, aínda temos que esforzarnos máis. Para manter posicións, hai que esforzarse e tamén para ir máis alá. E ninguén vai poder face--lo esforzo por nós, que ninguén se engane, ninguén vai poder face--lo esforzo que teñamos que face--los galegos.

Podemos contar con axudas e nós estaremos dispostos a cooperar para que Galicia teña as máximas axudas, pero cun país que quere ser robusto non pode presentarse, permanentemente, a idea transmitida á sociedade galega de que é un enfermo convalecente ó que hai que poñerlle permanentemente o gota a gota. Hai que vivir tamén polos nosos medios e polos nosos propios recursos. Non se pode, permanentemente, tratar de vivir coa respiración asistida e esa idea hai que trasladarlle a este país, reclamando tódolos compromisos e tamén un esforzo da sociedade galega.

Mire, estando Galicia tal e como está, mentres o presidente da Xunta de Galicia, en lugar de se--lo responsable político a quen lle reivindicán tódolos axentes sociais e económicos, non sexa o que reivindique tamén esforzos dos axentes sociais e económicos, este país non vai avanzar, señor Fraga Iribarne. E ademais dígolle que vostede pode facelo e ademais pode contar con colaboración, porque un país con retos como Galicia, cando ten posibilidades de conseguir colaboracións, non debe desprecialas porque son retos moi importantes.

Esta mañá viña aquí co afán de asumir--la parte que nos corresponde nos compromisos que o presidente da Xunta de Galicia fose propoñer en defensa dos intereses reais do noso país, pero o presidente non expuxo tampouco a necesidade de que nesta Cámara se chegase a acordos en ningunha materia, non

o expuxo o presidente. Se o presidente considera que esta é a mellor táctica, ten a súa plena responsabilidade. Non ten que ver con que sexan 27 deputados, non é iso; é o colectivo da sociedade galega que está detrás, e que non ten ningún problema en arrima--lo ombro e colaborar. Non hai pola nosa parte ningún problema. Pero hoxe vostede veu aquí e amosou que era un tema que non lle interesaba.

Miren vostedes, con respecto ó ritmo, eu creo que debe quedar claro que é necesario avanzar ó maior ritmo posible, pero hai que dicirlle a este país que non nos podemos guiar por movementos episódicos; ten que ser un esforzo constante, e tamén de longo prazo. Galicia está neste momento a 35 puntos da media europea, aproximadamente. O que a nós nos gustaría saber é: se para chegar á media europea se necesitan 35 puntos, ¿cantos anos se necesitan, señor presidente?, ¿cantos anos se necesitan? Desde logo, bastantes anos. Pero, sobre todo, ¿que espírito se necesita para chegar alá?

Vostede hai pouco facía unhas declaracións que, desde logo, a min me chamaron a atención. Nesas declaracións falaba de cando se xubíle definitivamente. Eu creo que non podemos estar coa mentalidade da primeira fase da xubilación, hai que estar totalmente dado e entregado a un país que ten que acelerar--lo paso. Como dicía Delors, se a historia se acelera, hai tamén que acelerar. Eu creo que vostede non está tampouco coa mentalidade de empuxar por este país.

Coido que sería necesario propoñer--lo problema das prioridades e o ritmo, que son problemas que gardan relación. Se seleccionamos ben os obxectivos, poderemos avanzar máis rapidamente. Se pretendemos abarcalo todo ó mesmo tempo, imos fracasar. Quen moito abarca pouco apreta. Iso din os nosos paisanos e eu creo que é un reflexo da sabedoría popular.

Nós recoñecemos que os recursos son limitados. Así, o necesario é facer que o gasto sexa o máis productivo posible, dentro dos escasos recursos dos que dispoñemos. Vostedes, nestes tres anos, o que fixeron foi aumenta--los gastos correntes deste país nun 50%, que non son precisamente os gastos máis productivos. Vostedes, que ían controlar o gasto público, a burocracia, os gastos correntes, son os que non están aplicando os gastos ás necesidades máis productivas.

Pensamos tamén que deben ser gastos máis acordes coas necesidades. Sabemos que, se existen distintas necesidades, teremos que tratar de elixir cal é a acción que reporta unha satisfacción a máis beneficiarios, e cal é a dimensión axeitada. Con respecto a esta última idea, cómpre dicir que aquí existen infraestructuras en parroquias que podían servir para municipios, e iso é un exceso de recursos que aplicar neste país. Sabemos tamén que, cando non se toma a decisión correcta, hai un custo, e é un custo de oportunidade. Así, por tratar de resolver iso para uns poucos, non se resolve iso para un número superior de habitantes.

Por iso, pensamos que é necesario tamén concentrarse nas decisións, xerarquizar. Non se pode facer un país plano, dicindo a todo que si. Así, hai uns días, falaba dos parques industriais e dicía que para o 95 ían ter 90 parques industriais. Vostede pensa que se pode facer unha política seria, facendo 90 parques industriais para o ano 95. Haberá que facer parques industriais con tódalas dotacións, con tódolos servicios, nos emprazamentos necesarios e de acordo coas dimensións precisas para concentrar un esforzo en beneficio de Galicia. O que non se pode facer é a política da regadeira.

Vostede, en moitas ocasións, é vítima do seu propio partido, que ten malos costumes. Isto estase vendo no tema da comarcalización; están tirando da chaqueta permanen-

temente. Eu reclámolle que teña autoridade cando debe ter autoridade e que non deixe que lle tiren da chaqueta, senón que tome as decisións que o país necesita. Tiña que abordar máis cuestións, quedame realmente moi pouco tempo. Logo terei a oportunidade de facer outra intervención.

Eu creo que o contido fundamental, o eixe dun proxecto de futuro, é un país próspero, con maior calidade de vida, con maior benestar social, con mellor medio ambiente. Estas son dimensións inseparables, que non se diga que é un problema crear riqueza e o benestar social. O benestar social é un requisito para crear riqueza neste país, é un requisito fundamental e a calidade ambiental tamén. Agora a todo iso denomínase infraestructuras brandas, fronte ás infraestructuras duras tradicionais, como son a calidade de vida, cultura, vivenda, o ocio. Son todo un conxunto de actividades fundamentais que é necesario impulsar neste país. Todo vai totalmente trabado e non se pode, simplemente, dicir que queremos un país próspero, deixando á parte que sexa un país con benestar social, un país con maior xusticia entre os seus homes e as súas mulleres. Pois ben, existe inquietude en moitos sectores sobre o futuro de Galicia.

Hai empresas con problemas, e hai empresas con problemas tamén en sociedades moito máis potentes cás nosas, iso non debera preocuparnos. Loxicamente deberá ocuparnos, pero, nunha sociedade competitiva, as empresas teñen máis desafíos que nunha sociedade que non é competitiva. Polo tanto, temos que acostumarnos a que vai haber problemas, e que imos ter que solucionarlos. A política deste país non pode, soamente, estar neses problemas que se propoñen, porque a política deste país ten que aspirar a algo máis.

A política deste país ten que aspirar non soamente a lles dar solucións ós traballadores que están en empresas con problemas, senón ós traballadores que non teñen empre-

go, ou traballadores que teñen un emprego en situacións moi precarias. Polo tanto, hai que ampliar a perspectiva, e pasar de considerar Galicia como un problema a adoptar unha estratexia de auténtico crecemento dentro do noso país. Isto provoca, realmente, entrar nun debate de fondo, e nun debate de fondo non se entra soamente dicindo: imos crear un instrumento como pode se--lo EGAP, un Instituto para dar incentivos. Ese non é o problema de fondo.

¿Cales son os problemas reais que teñen actualmente as empresas galegas para competir? Normalmente, citan dúas dificultades. Primeiro, o custo diferencial de créditos respecto de Europa. Iso na perspectiva de futuro ten unha evolución favorable, precisamente pola propia unión monetaria. Por outra parte, a falta de garantías. Hai persoas que teñen proxectos ou ideas, pero que carecen do respaldo financeiro. Pois ben, ¿por que non tomamos decisións para aproxima--lo custo dos créditos ós custos medios que están dentro de Europa? Eu creo que sería razoable. Para establece--lo sistema de garantías de capital--risco, creo que tamén sería moi importante; e sobre todo para novos empresarios, que aínda non tiveron oportunidade de conseguir un patrimonio.

¿Cales son as ideas que deberíamos transmitir, os sinais que deberíamos trasladarlles ós empresarios galegos? Creo que fundamentalmente dúas. A primeira, que traten de innovar, que traten de realiza--lo maior desenvolvemento tecnolóxico posible, que fomenten a investigación, e tamén que realicen proxección ó exterior. Así, non soamente nos preocuparemos de dicir que podemos producir, senón tamén que podemos vender.

Debemos preocuparnos de vincula--las empresas cos consumidores, porque unha empresa soamente vai progresar nesta sociedade se considera que a súa finalidade se satisfai desde un punto de vista externo, é dicir, non considerando o be-

neficio como final, senón a satisfacción do consumidor. O beneficio será a consecuencia de satisfacerlos consumidores, e polo tanto o Goberno non propón unha iniciativa. O Grupo Parlamentario Socialista presentará nesta sesión unha proposición de lei sobre estes temas.

Eu creo tamén que outro tema importante que existe en Galicia é o problema do leite xa que ten unha porcentaxe moi importante de produtores no noso país. Galicia ten unha clara vocación leiteira á que non debe renunciar e incluso pode propoñerse manter unha actitude de liderato no problema do leite dentro de España. Para isto, loxicamente, son necesarias tres cuestións.

En primeiro lugar, hai que elimina--las incertezas que existen actualmente sobre a evolución na produción leiteira. E necesario tamén moderniza--lo sector para poder competir, para lle garantir ós produtores rendas suficientes nunha situación permanente de estreiteza. Tamén hai que ter en conta os nosos consumidores, que o que queren é a eficiencia e calidade no noso sector, porque se non tamén os consumidores galegos abandonarán os produtos galegos.

Polo tanto, é necesaria unha resposta, e hai que falar claro, hai que falar claro. Vanse distribuí--las cantidades de produción á que teñen dereito os produtores galegos, que terán dereito a unha determinada cantidade de produción. Nós pensamos que establecer unha cantidade de produción que se aproxime e que iguale o nivel de produción actual é razoable para Galicia. O dereito a esa cantidade de produción ía significar que o día de mañá existirán produtores ós que de repente lles deixarían de recolle--lo produto, e quedarían fóra do mercado. Agora teñen dereito a producir unha cantidade de produto, e polo tanto ese dereito poden vendelo. Van ter unha seguridade.

Loxicamente, esa cantidade que se dea non é o teito da produción leiteira de Galicia, non é a foto final da produción leiteira de Galicia, senón que é o punto de partida. A partir dese momento, poderemos gañar toda a capacidade de produción que os nosos produtores sexan capaces de gañar, facendo explotacións máis competitivas. E por iso que aquí se fala da reordenación do mercado e se está facendo unha colaboración da Xunta co Goberno do Estado.

O que falta é a outra pata desa política: a pata da modernización. Esa é responsabilidade súa, señor presidente. Con respecto a esa política, eu creo que o balance é moi negativo, porque, mire, no momento en que se está realizando a reordenación leiteira en España, os recursos en investimentos diminúen e os presupostos da Consellería de Agricultura empézanse a descolgar da evolución dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

Se temos en conta as iniciativas lexislativas, non aparece ningún tipo das mesmas que contribúan, desde o punto de vista estrutural, a ir máis rápido. Nós pensamos que é necesario ir máis rápido. Por iso, imos presentar unha proposición de lei de reforma do sistema de concentración parcelaria, para que non sexa só un sistema de concentración parcelaria e sexa tamén o sistema de reordenación de explotacións, e para axiliza--los seus trámites e axudarnos a ir máis rápido nun momento en que o ritmo se está acelerando.

No sector primario, hai moitas máis cuestións das que se podería falar. Por exemplo, ¿por que non se presenta aquí o Plan forestal, que chega con retraso? Xa están feitas as invitacións para presentalo no Hostal dos Reis Católicos e ¿por que non neste Parlamento? ¿Non é unha política forestal de longo prazo, que debe madurar nun período de tempo moi amplo, e que necesita dun gran acordo político?

Loxicamente, é absurdo que non se traía este tema a esta Cámara, ou ¿preocúpanno--las declaracións do conselleiro de Agricultura, cando, falando da horta, dos viños e demais funcións, di que non teñen unha transcendencia fundamental en Galicia? ¿Este é un país en que exista algún tipo de cultivo que non teña transcendencia? Existen grupos importantes deste país que se están esforzando por mellora--la calidade e por saír a adiante. Entón, ¿pódese dicir que non ten unha importancia fundamental? A min páreceme, señor presidente, que iso é un erro.

En política pesqueira, creo que existe unha contradicción. Así, fá-lase da necesidade de que a reforma da política pesqueira común se realice e teña en conta os nosos intereses. Nós pensamos que a liña pola que debemos evolucionar é a da comunitarización da política pesqueira. Iso significa revisar principios, como por exemplo o de estabilidade relativa, que supoñen unha nacionalización encuberta da política comunitaria. Significa tamén acadar, para as nosas embarcacións, os mesmos requisitos e o mesmo trato que teñen outras, porque loxicamente estámonos integrando en Europa.

A dita integración debémola facer plenamente, non revisando o Tratado de adhesión, xa que sería o procedemento máis tortuoso e complicado. De facerse así, tería que ratificarse por tódolos estados membros. Polo tanto, basta con revisa--la política pesqueira común. ¿Para que cuestiona--lo Tratado de adhesión, se transmitimos ademais a sensación de que cuestionámo--la adhesión? Temos que ir polo procedemento máis curto. O mesmo tempo, é necesario incrementa--la atención comunitaria na política pesqueira. Eu creo que é ese o camiño polo que se debe evolucionar.

Se queremos unha comunitarización e un maior compromiso de Europa na pesca deste país, ¿por que aquí se está propoñendo unha polí-

tica, non nas augas da nosa competencia, nas augas interiores, senón nas das doce millas de rexionalización para acá? Eu simplemente expoño a seguinte reflexión: se Galicia ten o 82% dos barcos da cornixa, se ten o 45% dos barcos de España, a rexionalización a quen máis vai afectar vai ser a Galicia, loxicamente, porque é a que ten maior flota. Isto tamén vai afectar noutra dimensión, xa que Galicia é a que ten máis traballadores fóra.

Ademais diso, o que nós pretendemos é que, na política pesqueira, o Estado tamén se comprometa, teña responsabilidades e teña que aplicar recursos. Non nos parece lóxico tratar que o Estado se desentenda dos problemas pesqueiros, senón que nos parece absurdo. Se en Europa queremos un maior compromiso comunitario e en Galicia queremos un menor compromiso do Estado, a min paréceme que o único que se está facendo é un proxecto sen coherencia.

O problema de todo iso é que o que suscitan son diverxencias nas accións, e iso crea malestar e confusión no sector. Eu creo que é necesario realizar esforzos de coordinación e de cooperación. O importante é facer un proxecto pesqueiro integral para Galicia, que o compartamos todos, e que cada un faga o que lle corresponda nas súas responsabilidades, pero o sector non pode estar contemplando como rifan as administracións. Iso non é lóxico e a min paréceme que non é o mellor exemplo.

En materia pesqueira, hai un tema moi importante e mentres non se aclare sempre existirá un interrogante sobre a evolución do sector. O problema da pesca esixe un equilibrio, entre, por unha parte, a capacidade de extracción e, por outra parte, os recursos, moi ben. ¿Cal vai se--la dimensión que vai te--la nosa flota? Esa é unha cuestión que nos gustaría saber. Desde o punto de vista comunitario, existe unha dimensión para a flota comunitaria; pero, desde o punto de

vista dos nosos propios recursos, os que administramos nós, ¿cal debe se--la dimensión ideal da nosa flota? Mentres esa cuestión non se responda, estaremos gañando tempo, pero non solucionando problemas.

Ademais, no sector, hai síntomas claros de abandono, caída importante dos investimentos portuarios respecto dos que estaban programados. Por outra banda, hai unha falta de reacción diante das axudas que concede o Goberno vasco para adquirir barcos na Coruña, barcos galegos que se van cos seus dereitos para o País Vasco sen que a Consellería reaccione. Iso parécenos, loxicamente, que é unha política de abandono. Iso vese na redución dos recursos que se lle dedican ó marisqueo, un dos colectivos máis débiles deste país diante das súas necesidades. Nós pensamos que esa é unha política que ten que cambiar claramente se queremos aborda--lo problema.

Con respecto á política do turismo, aquí fálase do modelo dos 60, que está entrando en crise. O que teremos é que buscar un modelo do turismo para o 2000, pero non para os 60. Non podemos facer unha política de turismo mirando co retrovisor, temos que facer unha política mirando para adiante. Eu quérólles dicir que, igual que presentámo--la competitividade das empresas, a concentración parcelaria ou unha proposición de lei de recursos en pesca, en turismo tamén temos unha iniciativa.

O turismo pode se--lo sector que mova maior creación de riqueza a nivel mundial no futuro. A lei que está aprobada é simplemente a Lei de disciplina turística presentada. Ese é o problema deste país: poñer disciplina. Nós pensamos que o que se necesita é unha iniciativa para a promoción e ordenación turística e por iso imos presentar tamén unha proposición de lei.

Hai moitas cuestións que a min me gustaría abordar, pero, en lugar de facer toda a reflexión previa,

vou anuncia--las iniciativas que vai presenta--lo Grupo Parlamentario Socialista.

En materia de sanidade, señor presidente, o conselleiro foise, o problema queda, e Galicia é a que debe afrontalo. Unha sanidade deficitaria e a transferencia de sanidade na fórmula actual é importalo déficit a custa da Facenda autonómica. Había fórmulas de xestióna--la sanidade sen asumir--lo déficit. Vostede quixo apuntarse un tanto e ó final imos pagalo tódolos galegos.

En materia de sanidade non queremos política de imaxe, queremos marcar tres obxectivos claros:

1.-- Que exista cartilla individual.

2.-- Que exista atención continuada durante as 24 horas do día en Galicia.

3.-- Se realmente queremos combater--lo problema das listas de espera, debemos comprometer nos, primeiro, a que os usuarios teñan dereito a un diagnóstico escrito e, segundo, a que a Xunta marque un prazo de intervención. Se non se realiza esa intervención, debe existir unha prestación substitutoria, para que o usuario poida acudir a outro centro. Iso vai ser unha proposición de lei que presentaremos mañá. Vostedes poñerán os prazos sempre que, loxicamente, sexan razoables e imos ver se esas políticas son palabras ou se asumen compromisos no Parlamento e diante da sociedade galega.

En materia de droga, o presidente da Xunta dixo na campaña das eleccións municipais que non tiñan competencias en materia de droga. Afortunadamente, a continuación, demostrouse que esas frases non se correspondían coa realidade. Existe unha Comisión de droga traballando, debe remata--lo seu traballo, e nós pensamos que sería bo comezar a desenvolver un tema fundamental que é que exista un marco que defina o

compromiso da Xunta de Galicia en tódalas súas responsabilidades en materia de droga. Este é un problema que preocupa intensamente á sociedade galega.

Desde o punto de vista da política educativa, falaremos da reforma da LOXSE, do problema das universidades para ver se imos seguir coas tendencias inerciais do sistema ou imos marcar un sistema que se anticipe ós problemas. E dicir, ¿imos simplemente ir a remolque ou imos deseñar cal debe se--lo futuro da Universidade galega?

Imos trata--lo problema de colectivos importantes deste país como os minusválidos, persoas con limitacións físicas ou psíquicas. Non existe en todo o organigrama da Xunta de Galicia, en materia de educación, ningún responsable de educación especial. A min agrada--ríame que estas cuestións se contemplasen, como me agradaría tamén que, en materia de servizos sociais, vostede cumprise simplemente os seus compromisos.

Vostede dixo que os servizos sociais deberían ser transferencias ás administracións máis próximas ós cidadáns, pero acompañadas da correspondente dotación económica. O proxecto que presentaron fala da responsabilidade das corporacións, non fala de dotacións económicas e é necesario cumprilo.

En materia de vivenda, hai problemas importantes e nós presentaremos unha proposición de lei neste sentido. A intención da mesma é que permita responder máis satisfactoriamente ós problemas de dispoñibilidade do solo, de modificación do urbanismo. Así, se as grandes cidades teñen o 80% das necesidades de Galicia, non se lles pode dedicar soamente o 30% dos recursos porque se non sempre se vai agranda--la distancia entre as necesidades e a actuación pública.

Por outra banda, hai cuestións de medio ambiente que eu vou omitir. Señor presidente, vou culmi-

na--la miña intervención dicindo que o Partido Socialista veu a esta Cámara disposto a entrar pola vía ancha de compromisos para traballar por Galicia, disposto tamén a manter--las súas posicións nas cuestións nas que tivese criterios diferenciais, disposto a darlle a Galicia a iniciativa política que este Goberno está amosando que lle falta, disposto a manter un importante debate no noso país, pero tamén disposto a expresa--las súas diferencias co Goberno e tamén a reprobación.

Debo anunciar, en nome do Grupo Socialista, que imos presentar dúas reprobacións a dous membros deste Goberno, ó conselleiro de Traballo e ó conselleiro de Industria. Parécenos que non se pode dicir en Galicia, cando o primeiro problema é o emprego, que a Xunta non ten nada que facer, incluso cando vostede, señor presidente, se comprometeu a que existiría un plan de emprego xuvenil neste país.

A política de emprego é unha política diamante e, desde o noso punto de vista, seguimos traballando no punto a punto, ofrecendo cuestións que logo non se cumpren, pero, sobre todo, non entrando nunha perspectiva global de crecemento neste país. Eu creo que estes son conselleiros que, se realmente deixasen de estar neste Goberno, podían posibilitar unha maior capacidade de resposta diante das demandas sociais.

Señor presidente, non se esqueza de que a cima é sempre o máis próximo ó precipicio, non se esqueza. Vostede sempre está xogando á beira do precipicio e vostede debe concentra--las súas enerxías, gobernar, non dispersarse. Octavio Paz dicía que a dispersión remata coa disipación. Eu a sensación que teño é que, unha vez que se disipe a néboa, este país terá os horizontes máis claros.

Moitas gracias.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Sánchez Presedo.

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Si, señor presidente, señorías, quero comezar pola oposición minoritaria. Así, dígolles ós señores Castiñeiras, Nogueira e Beiras que nós non lles somos desa parroquia que vostedes pintaron, e eu o que lles pregunto é: ¿de que parroquia falaban vostedes? Tráfico de nenos, fame, miseria, paro, etc., iso, señorías, se non lles enfraquece a memoria, foron as bandeiras que levantaron nesta tribuna. Eu négome a crer que esteamos nun país tercermundista como vostedes pintan e no que intentan, coa razón exclusiva, que estea sempre da parte dos mesmos, do nacionalismo, pero do nacionalismo de esquerdas, non se equivoque, señor Castiñeiras e compañeiro de fatigas.

Máis lles quero dicir: son vostedes uns fiscais sañudos, negatistas sen horizontes nin alternativa, certamente así é. Toda a súa alternativa consistiu na cita, certamente aburrida, feita polo señor Beiras dunha serie de iniciativas presentadas ante o Parlamento e, desde logo, con notable fraqueza de memoria.

Señor Beiras, a súa famosa iniciativa na que fundamentaron, ó parecer, as expectativas de redención de Galicia e que contiña as bases de modificación do noso proceso económico e a vía de dinamizar esta terra formulouna vostede, non durante o mandato deste Goberno, nin durante o mandato de ningún Goberno popular, senón no ano 1987 e obtivo 4 votos solitarios desta Cámara, o do señor Nogueira e compañeiros e mailo de vostede, que entón militaba na soidade da oposición.

En consecuencia, nada lle ten que ver cos seus males este grupo parlamentario. Así, ó atoparmos al-

go de positivo naquilo no ano 1987 --teñan en conta as súas señorías que en novembro non eramos Goberno-- pronunciámos un voto de abstención. Desta forma é bo que modifique a súa memoria e busque alternativas. Fíxense na parroquia en que viven, que non lles é a nosa, píntena conforme é debido e non inventen un país co que frustrigar un Goberno que, por certo, está fabricando outro ben distinto.

En canto a vostede, señor Sánchez Presedo, o seu talante é absolutamente distinto, vostede asumiu, heino de recoñecer desde esta tribuna, o estatus de líder da oposición que este grupo lle recoñece, pero dáme a impresión de que tamén tivo unha linguaxe dual. Por unha banda, hai que destaca--la moderación evidente, a oferta de consenso e maila oferta de esforzo en común, probablemente tomando exemplo deste Goberno que sobrados exemplos disto leva dado respecto do Goberno da nación e respecto do diálogo con tódalas institucións e forzas políticas. Iso agradéceselle desde este grupo parlamentario.

Pero, en canto vostede exacerba as críticas, eu o único que quero dicirlle simplemente e sinxelamente é que teña coidado porque no seu partido, nin a nivel interno de Galicia nin a nivel externo, é posible que o sigan con ese monolitismo con que vostede predicou desde esta tribuna.

Sen meternos en cita de ningunha clase, porque, evidentemente, os seus problemas internos son seus, eu si lle quero dicir que o señor Solchaga, pontífice máximo da economía deste país, que vostede citou como se fose unha especie de dogma nas palabras do cal haxa que crer sempre, dixo literalmente: "Solchaga afirmou que Galicia tiene el futuro relativamente asegurado si, como ya está haciendo, va mejorando sus infraestructuras y va administrando mejor sus recursos públicos a través del avance en el autogobierno como ya está haciendo".

Señor Sánchez Presedo, eu teño que predicar tamén desde esta tribuna, con toda a sinceridade do mundo, a miña gratitude ó señor Solchaga e aplaudi--la súa fonda sinceridade. Cando eu falaba de fraca memoria por parte da oposición, tiña razón. Así, probablemente remate a oposición admitindo os meus asertos de xeito absolutamente literal, porque literalmente vou ler algo de alguén que vai recoñecer--las súas propias palabras sen que tan sequera o cite, pero tamén o vou citar. As ditas palabras son: "A mellor virtude neste momento son as carencias da oposición, o feito de que a oposición non conseguise aínda presentar unha proposta que teña credibilidade e que a xente vexa como viable".

Insisto, señorías, estas non son as palabras do Grupo Popular, son as palabras de don Camilo Nogueira, vertidas un fatal, e direi por que, 4 de febreiro de 1992 --hai ben pouco tempo, por certo-- nun xornal de gran tirada. Significou, simplemente e sinxelamente, o señor Nogueira, traducido a termos vulgares, que a oposición é unha suma de carencias, falta de credibilidade e falta de viabilidade. Certamente, o Grupo Popular, cando a oposición fala de si mesma, así non ten por que desconfiar das súas palabras, é unha autoconfesión moi valorable. As sinceridades no campo político son algo sempre digno de aplauso.

O único que saca o Grupo Popular son consecuencias. Se desde o 4 de febreiro ata hoxe transcorreu tan só un mes aproximadamente, o Grupo Popular pensa que non houbo tempo para gañar nin credibilidade nin viabilidade. Isto vese nas intervencións nesta tribuna, carentes dun verdadeiro sentido de alternativa e moitísimo máis na oposición minoritaria. Polo tanto, as ditas intervencións carecen de credibilidade e de viabilidade. Non o dixo o Grupo Popular, tomamos unha moi valiosa testemuña.

Por exemplo, o propio señor No-

gueira subiu aquí en son de iluminado, e case lle diría como un home que está outorgando en voz moi alta, desde logo, o seu testamento político. Pero o certo é que o señor Nogueira, por exemplo, o 25 de xullo pasado compartiu manifestación con HB. Despois, dixo que ía relanza--lo nacionalismo galego pero con Esquerda Unida, ou sexa, cun partido estatalista, o cal significa a cuadratura do círculo. Pero non parou aí e engadiu que tamén lle apetecía o concurso e o esforzo en común de Coalición Galega --velaqué que Coalición Galega, señor Castiñeiras e señor Santos, son de esquerdas de toda a vida--.

A continuación, fabrica un terceiro xénero no cal teñan de convivir, ideoloxicamente cómodos, vostedes, Esquerda Galega, mailo señor Anxel Guerreiro, de bo recordo nesta Cámara, pero as súas coincidencias ideolóxicas con vostedes explicaranmas cando poidan. E non para aí o señor Nogueira nas súas orixinalidades xa que afirma tallantemente que na práctica se pode coincidir co Bloque --e isto vai por vostede, señor Beiras-- pero na teoría non porque son unha fronte. Eu quero que mo traduza o señor Nogueira porque isto sóame a chinés.

Con estes precedentes, habida conta do espírito de eterna confrontación que animou ó señor Nogueira nesta tribuna e en xeral na súa actividade parlamentaria, habida conta da súa falta de credibilidade, autoconfesada, señor Nogueira, comprenderá que as súas palabras non as tomemos máis que como beneficio de inventario e a partir desta propia circunstancia non lle fagamos máis mención cá de testemuña. Iso non o esquecemos.

En canto ó Bloque, é necesario, señor Beiras, íai o Bloque!, sentar con moita claridade cales son os planos nos que se moven vostedes os frontistas, e cales son os planos en que nos movemos nós, Goberno e Grupo Popular. E eu afirmolle tallantemente que son planos absolutamente diverxentes. E diverxentes

en tres campos absolutamente esenciais da convivencia dos galegos. Vostedes non son deste mundo, nin deste marco.

O marco constitucional e estatutario, que nós aceptamos e vostedes non, o conseguinte concepto da autonomía, que nós entendemos como expresión política constitucional e estatutaria da personalidade de Galicia e vostedes xulgan como un estadio inútil no que se milita por pura estratexia política pero que hai que ab--rogar porque a súa tendencia é a autodeterminación ou a formación dun Estado galego que non teña máis horizontes cás súas propias fronteiras.

E o sistema de economía, que para nós é un sistema de economía libre de mercado --e xa lles direi, señores do Bloque, por que teño para vostedes este exordio doutrinal-- e para nós insisto en que é un sistema social de economía de mercado, ou sexa, a mixta, que cre na iniciativa do home e que cre na iniciativa social, pero tamén cre nas necesarias correccións para a protección dos débiles. Vostedes cren na economía absolutamente planificada e estatalizada, na que había do outro lado do muro de Berlín, á que constantemente fan loas. Aqueles que a soportaron varréróna do mapa de Europa --quédelles absolutamente claro-- por constituír en si mesma o máis flagrante fracaso a toda iniciativa humana, ó seu progreso e á creatividade dos homes.

Certamente, nós pensamos, no Grupo Popular, que os últimos resistentes do marxismo que vostede, Beiras, predica constante e sempiternamente ofrecen a silueta política de quen vive entre a paleontoloxía política e a nostalxia. E, como di Karl Popper, apréndao se lle parece: "o marxismo morreu de si mesmo, morreu de marxismo". Isto foi o que ocorreu aínda que aquí pretenda erixirse unha reserva para nadar contra toda a corrente de toda Europa occidental, a nosa Europa da Comunidade Económica, na que inevitablemente --e apréndano, se-

ñores do Bloque-- estamos física, económica, cultural e politicamente.

Talvez o ata aquí exposto sexa explicación do terrible xuício do señor Nogueira, da falta de credibilidade da oposición que vostedes exercen. ¿Por que? Porque militan en planos disonantes ou planos absolutamente diverxentes. Non se pode, como se pretende, debater ou formular propostas dentro dun marco que se trata de destruír, que non se acepta; ou dito doutra forma, non se poden introducir solucións socioeconómicas dentro dunha economía de sistema social de mercado por quen o que pretende non é basearse nese sistema senón destruírlo sistema.

Señores do Bloque, vostedes pretenden construír un iglú no deserto de Kalahari, non teñen credibilidade. Non me resisto a citar, como expresión da súa falta de credibilidade, o indisimulado afán de moción de censura, que aquí volveu repeti-lo señor Beiras, cando predicou que toda a oposición madura votaría con el e coa súa iniciativa, donosa afirmación. O día seguinte a verdadeira oposición saíulle dicindo publicamente e en grandes titulares que certamente, señor Beiras, non o querían de compañeiro de viaxe, que eles gobernarían as súas propias iniciativas e non se deixarían arrastrar por tal inmadura proposta, ou tan atrevida, arriscada ou temeraria proposta.

Eu o que non podo, de ningún xeito nin forma, é consentir que nesta tribuna se faga alusión a Le Pen referido a determinada área daqueles que ocupamos escanos democraticamente. Dígolle abertamente, señor Beiras, que Le Pen ou a Liga Lombarda, ou os fundamentalistas, parécense infinitamente máis a vostede ca a ningún nesta Cámara.

Isto dígollo aberta e decididamente así, ¿sabe por que? Porque a linguaxe é común xa desde os ataques arrebatados ás institucións, a satanización dos adversarios que nunca teñen razón, ou os choscares

de ollo --aínda falou aquí de estoupar-- que se fan a determinadas conductas dentro da sociedade, ou o dogmatismo de creerse sempre posuidor exclusivo e excluínte da verdade. Todo iso acércao a cantos acabo de citar pero afástao infinitamente das demais forzas políticas desta Cámara e, desde logo, do sentir xeneralizado dos galegos.

E sígolle dicindo, señor Beiras, que estamos nun país enormemente intelixente, nun país con gran tino político, que xa non aplaude os ataques, os dogmatismos, nin os chistes nin os sainetes, que sabe que son para Arniches ou para os irmáns Quintero pero non para os políticos. A linguaxe "cheli" ou "camp" élle algo que na rúa pode merecer aplausos, nas tribunas dificilmente. E chegado aquí, paréce-me bastante o que lle levo dito para non tomar nin minimamente en serio a súa relación de fracasadas propostas neste Parlamento que ningún aceptou, e que en solitario lidou durante longos anos. E, desde logo, que Deus lle conserve o espírito pero que Deus lle poña moderación.

En canto a vostedes, señores do PSOE, eu non vou acudir ó testemuño do señor Nogueira, que, certamente, xa sei que non é o seu amigo nin compañeiro de viaxe. Polo tanto, o testemuño do señor Nogueira, para referirse ós nacionalistas, si é un testemuño enormemente estimable como levo glosado. Pero non me resisto a acudir ó testemuño do meu amigo persoal, secretario de política institucional, ata hai unha concordanza no nome, cando en rolda de prensa o mesmo día 4 de febreiro de 1992, ditoso e desditado 4 de febreiro do 92, dixo tallante e clarisimamente: "Chegou a hora da presentación das iniciativas positivas".

Por iso, señor portavoz do Grupo Socialista, eu aplaudín tanto a súa postura constructiva nesta tribuna. O certo é que a expresión do señor secretario de relacións ou política institucional do Partido

Socialista de Galicia significa, sinxelamente, que ata ese momento --4 de febreiro de 1992-- non houbera iniciativas positivas, ou sexa, iniciativas útiles para Galicia. Dito isto do grupo maioritario da oposición, da verdadeira oposición desta Cámara, é moito dicir, e é unha terrible confesión da súa propia acción e da súa propia liña seguida.

De aí vén a dificultade da credibilidade que poidan emitir neste momento vostedes cando en ton constructivo, en ton de esforzo común, en ton de traballo con tódolos grupos da Cámara pretenden revertir--lo que ata agora foi a súa posición fronte a un Goberno que si ten ideas contra todo o que cren e que, evidentemente, elaborou proxectos e comezou a súa execución. Isto é obvio e sénteo a rúa, señor portavoz da oposición.

Admitindo en definitiva que a crítica florece nesta Cámara coma os campos na primavera, é dicir, con ou sen coherencia, o certo é --e paréceme moi importante recalcar-- que en determinadas situacións, que a súa señoría denunciou desde esta tribuna, ten unha fondísima responsabilidade o seu grupo político e eu sei que non a oculta nin a vai furtar. Sei, polo tanto, que as miñas palabras van ser como un recordo ó propio Grupo Parlamentario Socialista e desde logo tamén como recordo ós demais grupos da Cámara.

Aínda que as ditas palabras sexan conceptos, ideas e historia de feitos recentes ben coñecidos, non se pode pasar por esta Cámara impoluto e crea--la sensación de que non se rompeu nin un prato porque certamente, cando se foi testemuña muda ou espectador de pedra ante unha negociación que puxo en dificultades os nosos labregos e os nosos mariñeiros, logo non se pode resucitar aquí ese tema coma se fose algo para botarlle en cara ó Goberno actual de Galicia, que non tivo arte nin parte na xestión daquela circunstancia.

Todo isto sábeo perfectamente, sen dúbida, a súa señoría, e sábeo por boca incluso de destacados líderes do seu partido ou altos cargos da Administración. Permítome citar a don Carlos Westendorp, que foi membro da representación permanente de España en Bruxelas e actualmente, se non me equivoco, é secretario de Estado para as relacións coa CEE. Dixo, tallante e clarisimamente, que hai que ter en conta que un agricultor español --polo tanto tamén os nosos agricultores galegos-- reciben dos presupostos comunitarios dez veces menos ca un irlandés, sete veces menos ca un holandés e catro veces menos ca un alemán ou un francés. Isto está publicado nunha revista francesa do 29 de novembro de 1991 e polo tanto non estou, señor portavoz, desenterrando algo absolutamente imaxinario. E unha triste realidade.

Tamén é unha triste realidade a reconversión industrial, que foi algo decretado desde outras esferas que non se nos pode botar en cara agora, ela como si mesma ou como crise. E certo que este Goberno participou do optimismo, pero non se poden desenterrar posicións que a nós non se nos poden imputar. Eu diríalle á súa señoría que os galegos, a través daquelas medidas, perderon o traballo; e destruíuse, sen dúbida, cando menos parcialmente, o urdido industrial máis serio que tiña esta terra. En substitución do dito urdido e intentando reindustrializar, inventaron siglas, ZID e ZUR, pero nada máis ca siglas, sen ningunha realidade detrás das mesmas, e inventaron empresas fantasmas coma a SIV, a Sociedade Italiana do Vidro, que nunca viu a luz.

E, desde logo, tivo que ser este Goberno o que dese luz verde, mediante acordos que aplaude co Goberno da nación, ó tema das autovías e da comunicación exterior de Galicia. Aínda na actualidade o noso esforzo non venceu, nin moito menos, todas estas circunstancias e en común temos que vencer iso que

hoxe citamos. A súa oferta de boa disposición naturalmente que a aceptamos.

Pero unha cousa quero dicir, sen rancor nin resaibos que, constante e sempiternamente en todos estes lances que acabo de reflectir, os perdedores somos sempre os mesmos, e os ganadores tamén os mesmos. O eixe Barcelona--Madrid--Sevilla non foi escolleito por casualidade, porque foi escolleito durante moitos anos. Reitéroo, e dígoo desde unhas magníficas relacións co Goberno central, desde unha pretensión de mutuo apoio e desde a aceptación da colaboración que vostede aquí ofertou.

Pero insisto en que non se pode pasar por esta tribuna dando a sensación de que non se rompeu un prato ou dando a sensación de que non se ten historia e que agora mesmo se empeza a predicar unha alternativa. A historia aféctanos en común absolutamente a todos, e especificamente a un partido grande coma o seu, señor portavoz da oposición. Pero, en todo caso, reitero unha vez máis, benvido sexa a este terreiro que ofertou do esforzo en común.

E, señor presidente, a min quédanme dous aspectos antes de remata--la miña intervención. Un deles é xustamente a dicotomía absoluta que existe entre a valoración da rúa e a valoración negativista, absolutamente negativista, que exhibiron aquí determinados portavoces. Eu diría que as enquisas publicadas por medios de comunicación de alta difusión revelan unha aquiescencia entre a rúa, os cidadáns galegos e este Goberno.

E, sobre todo, señor presidente, se non se quere fiar un desas enquisas, xa que cada un lle pode da--la lectura que crea máis oportuna, eu diría que houbo unha enquisa absolutamente fiel, absolutamente irrefragable, que foi a que naceu da acción directa dos propios cidadáns cando puxeron as súas paletas nas urnas, a finais de maio

de 1991. Cando este Goberno levaba preto de ano e medio en exercicio das súas responsabilidades, foron os galegos a dicirlle, señor presidente, ó seu partido e á acción do seu Goberno, que si estaban de acordo con el.

Así, de 513.000 votos que obtivemos nas eleccións anteriores de 1987, pasamos a 618.000, que supuxo máis dun 20% de incremento; e de 1.668 concelleiros, acadámo--los 1.917; e de 148 concellos que confiaron os galegos ó goberno do Partido Popular, foron 175, o cal reborda con moito a metade dos que Galicia ten. Este si que é o test e a verdadeira enquisa que lle di a vostede, señor presidente, que as valoracións negativistas que aquí se escoitaron nesta tribuna, sen alternativa posible, sen máis afán có de deostar, teñen por razóns e fundamentos os convencementos subxectivos que eu respecto de tódolos señores portavoces, pero nada máis. O pobo galego dixo outra cousa, que por certo, para nós, nada máis significa que esta alza na confianza, quere dicir un maior esforzo, se nos é posible, no mellor e no máis eficaz servizo a Galicia.

Quero dici--la última das observacións. Cando nós escoitámo--lo discurso do presidente pola mañá, eu preguntome tamén que discurso glosarían os señores da oposición desde esta tribuna, porque calquera dos sentados nestes bancos, e calquera dos que reflexivamente tamén se sentan nestoutros bancos, son incapaces de coñecer a que discurso se podían referi--los tres líderes nacionalistas.

Pero, en definitiva, ó escoitámo--lo discurso do presidente, o Grupo Parlamentario Popular chegou á convicción, pero non por pura coherencia política --aínda que esa tamén, evidentemente--, á convicción moral de que había de prestar, integramente, o seu apoio a unha peza oratoria que compendia o sentir dos galegos, propón os problemas álxidos desta terra, busca solucións e horizontes, pinta unha

Galicia que loita por si mesma, que intenta unir á súa sociedade nese esforzo común, e en definitiva unha Galicia fiel á súa personalidade.

Eu diríalle, señor presidente, que o seu discurso foi absolutamente globalizador, no sentido de ver completamente o valioso compoñente humano desta terra, e ver cales son os seus problemas de infraestrutura, ou os seus problemas nos sectores económicos ou productivos. Hai unha visión certa e reafirmada do papel de Galicia no concerto das autonomías e no concerto das rexións. Hai unha idea clara do que é a autonomía, á que antes me referín.

Por outra banda, hai un diagnóstico acabado da acción económica e social da nosa terra, inserta nunha área de crise, e que ninguén se equivoque. Negar isto sería o mesmo que negar que, fronte a esa crise e fronte a un progreso que paulatinamente se está imprimindo sen desmaio a Galicia, hai un Goberno firme que asume as súas responsabilidades, un Goberno que descoñece os desalentos --e as súas señorías sábano, os dun bando e os doutro bando-- e un Goberno que tenta de mobiliza--la totalidade dos seus recursos, os propios mailos recursos estruturais da CEE.

Alguén aludiu ós devanditos recursos intentando o seu incremento, intentando unha maior participación e especificamente no Fondo de cohesión que logrou a presión do Goberno da nación --e eu recoñezollo publicamente desde esta tribuna-- ou no Fondo de pesca, que terá unha próxima e posible creación, sen que isto implique fixar prazo de ningunha clase, que probablemente se deba ás boas xestións de Galicia, e do Goberno galego en definitiva.

Eu diría que, no discurso, o deseño que se fixo da política de estradas, ou da política de portos, de infraestruturas de telecomunicacións e transporte, significa nin máis nin menos ca un acerto absoluto. Tamén foi importante o destino de gran parte dos fondos, que se

fixo e que se fará, a vivenda, urbanismo, solo industrial, saneamento das rías, obras hidráulicas, tratamento de residuos sólidos, electrificación rural e turismo. Todo isto foi moi racional.

O destino doutra substancial parte de fondos á promoción do investimento productivo é igualmente racional. A promoción de Galicia, identificando algo tan certo e de vella historia como é a idea da unidade de Europa, o Camiño de Santiago e esta vella terra, que se me diga se non é un acerto. Por outra parte, que se converta todo isto en proxecto de Estado, igual ca outros temas de Galicia como son o das autovías, ou o da gasificación de Galicia, cando ninguén o sospeitaba, que se me diga se non é un acerto, e en definitiva, se non é racional, señor presidente.

Conveño por iso en que, realmente, por este camiño os galegos seguirán prestándolle apoio a unha causa que asumiu as súas arelas, que é capaz de traducila en realidades e que é capaz de transformar unha terra. Iso é algo tan visible en si mesmo que a simple afirmación xa nos sobra. Digo, señor presidente, que o Grupo Parlamentario Popular non só o apoia, séntese orgulloso.

Moitas gracias.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

Para a resposta, ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, é evidente que as realizacións dun Goberno non se miden polo conxunto dos problemas dunha sociedade acumulados nunha lon-

ga historia, nin tampouco pola capacidade dos membros dun Parlamento de pintar como queiran, ou describi--lo paraíso no cal quixeran vivir. Mídense pola eficacia na utilización dos recursos realmente dispoñibles para facerlles fronte, e por suposto pola comparación do realizado por outros en tempos equivalentes.

Penso que, sendo tódalas comparacións odiosas, calquera comparación co bienio equivalente ó do Goberno tripartito, naturalmente supoñería poucas dúbidas do que quero dicir. Pero, en canto á comparación de "lo que pudo haber sido y no fue", como no famoso tango, dun Goberno eventual do señor Nogueira --co que penso que poucos soñan, mesmo el-- ou do señor Beiras, imos deixalo no terreo do pintoresco, ou do ridículo--ficción. O que é evidente é que, neste momento, falamos de realidades.

Este Goberno actuou en pleno respecto ás institucións, en pleno respecto ós programas que presentou e en pleno respecto ás decisións deste Parlamento. Convén recordar que os parlamentos chegan a te--la maioría, novidade importante no noso Parlamento, pero é onde acaban tódolos parlamentos que non desaparecen. Algúns confunden a súa convicción de que eles teñan razón, pero que está representada por un voto ou dous. Naturalmente, a maioría, como en tódolos gobernos parlamentarios, é a que finalmente adopta as decisións do parlamento, que nós respectamos como é natural. Do mesmo modo, a maioría, e a maioría do pobo, sabe que ter un Goberno estable é un dos seus recursos máis importantes.

Eu teño para min que, neste debate, os que o visen nas pantallas das súas televisións --por certo, quedarían moi sorprendidos de canto se ten dito aquí sobre o abuso das pantallas, ou a censura que se exerce sobre as mesmas-- a conclusión que terán que sacar é que non hai alternativa. Nin separados, o que é obvio, nin revoltos, os gru-

pos parlamentarios que se acaban de pronunciar teñen posibilidade de crear unha alternativa ó serio e eficaz Goberno que ten Galicia neste momento.

E claro que Galicia témola que facer entre todos, pero naturalmente actuando de boa fe e dicindo a verdade. Eu non coñezo fórmulas alternativas, neste momento, nin creo que ninguén recoñeza, a ningún grupo dos que están na Cámara, a capacidade para conseguir maiores recursos nin para administralos mellor. O demais son lerias, como é natural e como todo o mundo sabe cando chega o momento de face--las contas.

Galicia non vai ser gobernada polos violentos, e hai moitas formas de violencia. Así, aquí alguén falaba hoxe da Fonsagrada, ou de Baiona. Por certo que eu son home que non confunde facilmente un home cunha muller, si había unha señora da garda civil entre os protectores do profeta señor Beiras en Malpica. Eu non creo nesas tempestades, pero outros que as crean terán que responder delas. Eu, naturalmente, o que acabo por pensar é que Galicia as vai rexeitar.

Polo tanto, non imos pensar que, neste momento, se poida facer outra cousa que o que se está a facer: traballar con eficacia, conseguir--lo posible, administrar ben e con sentidiño. Como é natural, os demais terán, supoño, algún día a posibilidade de facer outras cousas. Non a terán, certamente, as dialécticas que xa teñen demostrado que son imposibles. Cando escoitei algunha das intervencións de hoxe, acordeime dunha pintada que hai á entrada da Coruña, preto dos xulgados, onde di: "Galicia como Nagorno Karabaj". Moi ben, os que queiran que se apunten a iso.

Os que pensan que nós e os demais gobernos autónomos de España son parvos; os que din que poden conseguir, non 15.000, que son moitos millóns novos do financiamento, fronte a 30 a última vez, senón

100.000 como o señor Nogueira, que me expliquen como van facer. ¿Van facelo chegando alí cunha brigada, ou cunha folga de fame, ou como o van conseguir?

Se falamos doutros discursos, eses discursos socialistas --aquí falouse de utopías filosóficas de Platón, humanistas como as de Moro, de xéneros románticos e pseudocientíficos de Marx--, ¿onde quedan cando se chega ó Goberno? Así, ¿que quedou do legado de China, de Rusia ou de Suecia, pero que quedou dos legados socialistas en nós? Non hai máis dialéctica cá do sentido común, que nós intentamos practicar.

E, despois de dicir isto, naturalmente agradézolles a tódolos intervinientes os temas que propuxeron. Felicito a Coalición Galega polas experiencias espiritistas de reencarnación ou metempsicose a que se dedican nestes días, e que naturalmente parecen impedirlles estudar a fondo o noso discurso.

Pero eu penso que, en efecto, o menos que se lle pode pedir, señor Castiñeiras, é que se fale en serio. Vostede falou de investimento estranxeiro e sabe perfectamente que houbo un ano de investimento da Citroen. Non houbo antes outro investimento semellante, pero este investimento demostrarei con cifras que está a crecer, e vai ós sectores que convén.

Con respecto á Policía Autónoma, non se pode dicir, porque é rigorosamente falso, que esa unidade estaba xa aquí, porque se formaron unha a unha, viñeron de toda España, escolléronse os máis axeitados, a maior parte galegos. Naturalmente, é ó contrario, nós pagámo--lo 50%, xa que se fose seguridade autonómica, como a que vostede propón, teríamos que paga--lo 100%.

Polo tanto, imos falar en serio e imos, naturalmente, dicir que da España da pandeireta, ou da Galicia do pandeiro, nada. Pero é que non imos renunciar nin ás nosas gaitas nin ós nosos pandeiros porque o pi-

dan certos falsos galeguistas. Eu alégrome moito de que vostede pense que fun un bo ministro de Información e Turismo; tamén penso ser, coa axuda de Deus e dos galegos, moito mellor presidente.

Con respecto ó tema do gas, tamén quero dicirlle que a nivel nacional non estaba nin en estudio, pero que as ofertas que se consideraron no tempo en que vostedes formaban parte do Goberno tripartito falaban de gas natural implantado no ano 2000; agora falamos de facelo no 95. O custo para Galicia era superior a 25.000 millóns dos seus propios recursos. Nós agora fixemos un verdadeiro esforzo por conseguir gas en condicións razoables, e no caso máximo, para que chegue a cidades como Lugo ou Ourense, que ENAGAS non considera rendible, cun máximo custo para Galicia que será de 3.000 millóns.

O señor Nogueira, quero dicirlle que eu teño a miúdo a impresión de que, a forza de escoitarse a si mesmo, ve elefantes onde soamente hai ratos, ou confunde as sardiñas coas baleas. Pero non acaba de decatarse de que o seu disco raiado non o escoita ninguén máis ca el. Faloume de político "taimado", pero eu son político teimudo, que é cousa moi diferente, chamoume "xíbaro" e verme, por certo, vermes é como chamaban os peronistas en certo tempo ós seus adversarios.

Por outra banda, hai que dicir que falou mal de Brañas e atribuírme dez anos de Goberno. Cando eu fun ponente da Constitución e cando o meu grupo se retirou, o único que se retirou da Comisión do Estatuto, foi posible o único caso na historia dos estatutos que consistía en revisa--lo texto inicial, porque eu e outro deputado nos retiramos.

Naturalmente, como el está no eloxio de Pardo de Cela, teño que supoñer que tódalas ideas do romanticismo feudal é o que atraen. Pero non se debe confundi--lo populismo, unha das máis nobres palabras da historia do pensamento político,

aquela que pensa que é o pobo, non só votando, senón participando, non só a través dos seus representantes senón en contacto directo cos gobernantes, o verdadeiro titular non dunha abstracta soberanía senón da verdadeira acción política que admite a transformación profunda das sociedades. Naturalmente, se estamos confundindo estas cousas, evidentemente é moitísimo mellor que deixemos todos a política.

Eu fun e son populista porque veño do pobo e ó pobo volvo, Iribarne quere dicir no medio do pobo. E quérolle dicir que se poña de acordo consigo mesmo, porque unhas veces dime que son un solitario, outras recibo demasiadas visitas, unhas veces son un autoritario, outras resulta que me manda un presidente da Deputación. Amigo, o que se está cocendo, como di vostede, é unha cousa. O seu discurso foi o discurso dun político acabado, dun partido acabado e todos tomamos moi boa nota del.

Teño que engadir que naturalmente é moi divertido escoitar aquí, de parte do ilustre profesor Beiras, que o meu discurso sexa unha provocación. Eu pido, igualmente, que se fale en serio. Segundo el, como o que non é socialismo é barbarie, tódolos demais somos bárbaros, moi ben, é unha definición.

Eu quero dicir que é rigorosamente falso, e sábeo o que o di, que eu non critiquei os parados. Eu dixen que tiñamos que melloral-la formación profesional. E rigorosamente falso que eu dixese nada que fose en contra da promoción das mulleres, aí teñen as nosas deputadas para demostralo. Pero, por certo, xa que o ilustre compañeiro é tan afeccionado a ampliar-la cultura dos demais, que espere e non se moleste se lle recordo que acaba de saír un grande libro sobre a muller de Marx. O libro é de Madame Girou, ilustre ex--ministra francesa, e chámase "A muller do demo". Resulta que Karl Marx non foi un xenio utópico, foi un grande explotador, em-

pezando pola súa muller e por tantos que o rodeaban.

E, finalmente, chamarme a min racista, eu que escribín o primeiro artigo en contra do racismo alemán nos anos 40, e o meu primeiro libro que se chama "Razas e racismo en Norteamérica", onde expresamente e en todo momento tomei posicións contrarias, paréceme pouco serio. Pero que eu desexe que os galegos non se acaben, entre outras razóns porque se acabaría Galicia e o galego, e que naturalmente se é posible enchan canto sexa necesario os nosos postos de traballo non me parece que sexa unha doutrina contraria ó que debe defende--lo presidente de Galicia.

Pero, en fin, sigamos coas provocacións. Antes era queimar, agora é estoupar, é dicir, por ruído que non quede. O que lle podo dicir é que me gustaría sabe--lo que pretende o señor portavoz do BNG: notoriedade de cómico, primacía na provocación ou na inxuria, preparar unha futura carreira de cantante, xa o escoitamos outra vez aquí. Non sabémo--lo que pretende pero o que non podemos pensar é que aspire a que o tomemos en serio. E quero recorda--la frase coa que Ortega me releva doutras responsabilidades, adaptándoa ós tempos. O Parlamento de Galicia non vimos facer nin o esteta, nin o pallaso nin o xabaril, senón que vimos presentarlles ós galegos os seus problemas e a traballar para resolvelos.

En todo caso, cando as inxurias substitúen os argumentos é que non os hai. O que nun discurso manexa moitas dúbidas é un filósofo, o que acumula interrogantes é un indeciso, o que sedimenta exclamacións ou exabruptos é un fanático ou un desequilibrado ou ámbalas cousas. O fracaso dos modelos do Leste é tan grande que é imposible saír facilmente deles.

Deixémonos de tópicos de eucaliptais, de celulosas, de proposicións de lei. Pero, ¿como van se--las mesmas as súas cás nosas? Cal-

quera o comprende. En materia forestal, estudiámo--lo problema ben seriamente nun plan que virá ó Parlamento, xa está pedida a comparecencia do señor conselleiro correspondente.

Xa que está crescendo tanto o BNG, o que en definitiva é un dereito dos electores escollelo, recorde que o incremento de votos --ó que se refería o noso portavoz no seu brillante discurso-- nas últimas eleccións municipais indica que acadamos máis votos ca tódolos acadados polo BNG neses comicios. Polo tanto, eu teño que dicir que, se hai algo que me impresionou, foi o desprecio que el demostrou polos galegos, supoñendo que se deixan manexar con subvencións ou con manipulacións da televisión. Agora si que lle digo a el: deixémonos de gaitas.

O señor Sánchez Presedo, como é natural porque ten máis responsabilidade e máis representación, utilizou outro ton. De tódalas maneiras, creo que non se pode dicir, con maior precisión, o contrario á realidade e ó sentido común. Porque ademais entrouse nese terreo fácil das medias verdades, onde saen sempre as maiores mentiras.

Así, dise que eu non falei hoxe do futuro de Galicia, e que non fixen ningún discurso para os axentes económicos e sociais, cando precisamente nós asumímo--las responsabilidades do marco pero invocámo--lo de tódolos galegos para inserir aí o seu esforzo. Evidentemente, isto non parece que sexa interpretación correcta das miñas palabras.

Eu creo que todos queremos que as cousas vaian ben, pero ¿por que lle ía negar que o seu discurso, á parte de confuso, pesado e aburrido, me pareceu frío e triste? Comprendo a tristura dos socialistas nun momento no que non se pode ser socialista nin presumir diso, pero que se chegue a ser un home novo triste paréceme moi grave. Eu correspondo como é natural coa mesma verdade que outros me quixeron de-

dicar. A análise da situación no fondo non é tan diferente. Claro está que depende moito de nós. Por certo, non foi Bertrand Russell senón Platón o que dixo que "non hai vento favorable para o que non sabe onde vai". Vaia se nós sabemos a onde imos.

Dise que España está en recesión, pois é verdade, que tamén o está Europa, pois é verdade, e que nós temos que esforzarnos máis, sen dúbida de ningunha clase. Pero que se diga que nós non empezamos a da--la apertura ó exterior, se resulta que algún día se me critica por viaxar demasiado e outro día porque non me decato de que existe o exterior. Hai que ter un pouco de seriedade. Por outra banda, díseme que non falei da cohesión do Mercado Común, pero entón, ¿de que falei eu?.

O que faga o Estado, naturalmente que o agradecemos e o respectamos, pero hai que saber movelo, hai que saber provocalo e hai que saber negocialo. Penso que algún mérito lle corresponderá a este Goberno, comparado con calquera dos anteriores. Eu comprendo que, neste momento en máis dunha ocasión, ó Partido Socialista, por outra parte, lle pareza que nos movemos demasiado.

Teño que dicir que o seu discurso, en materia de pesca --estes días unha vez máis e volvemos escoitalo hoxe--, é dicir que non nos metamos demasiado en terreos que exceden a nosa competencia. Pois non é verdade, e por certo, quero anunciar con antelación á Cámara que a petición de suspensión do decreto de pesca sobre os descansos semanais acaba de ser rexeitada hoxe mesmo polo Tribunal Constitucional. Logo, sabemos por onde andamos.

Quero dicir que, en efecto, como é natural, nós neste momento de cada unha destas observacións que se fixeron estamos moi agradecidos e tamén de que haxa anunciadas mocións e proposicións de lei sobre

moitas cousas. Penso que van dicirlos galegos: "tarde piaches", porque moitas desas cousas evidentemente que se puideron facer hai ben pouco tempo cando tiñan tódalas responsabilidades. Nós estudiarémoslas con moito gusto.

Pero quero dicir que, na maior parte dos casos mencionados, evidentemente nós estamos xa niso con créditos, garantías, etc. Vai esta--lo IGAP, que non é o EGAP, por certo, que é a Escola Galega de Administración Pública, como se sabe. Por outra banda, na política de crédito xustamente hai garantías e é a que está a segui--la Consellería de Economía. Con respecto ó leite, non imos examinar como quedou LARSA e como a recibimos. Imos falar con toda claridade: nós neste momento agradeceríamos moito que esa axuda en Madrid chegase con tódalas súas consecuencias porque nós estamos seguindo exactamente esa política, como a estamos seguindo en concentración parcelaria, e como a estamos seguindo en tódalas demais dentro dos recursos que temos, pero nunca se fixo nada comparable.

Quero dicir que en materia de pesca, como xa mencionei antes, nós estamos nesa dobre política de comunitarización e rexionalización. Xustamente foi Galicia a que levou a adiante esta idea, despois dunha importante reunión en Santiago do Arco Atlántico, que neste momento está sendo aceptada pola Comisión. O que fai falta é que neste momento nos poñamos todos a colaborar para que sexa así e non con actitudes como ás que aquí eu antes me refería.

Polo que se refire á dimensión da flota, ese si que foi un tema noutro tempo, cos conxeladores. Neste momento, tódalas axudas da Xunta van no sentido de lle dar unha dimensión á flota de modo axeitado, renovándoa naturalmente. ¿Como van ser seguros os barcos se non se fan outros novos? Pero quero engadir, a este respecto, que non é a redución total do tamaño da flota senón xustamente o uso con des-

cansos biolóxicos axeitados o que nos pode permitir ter, ó mesmo tempo, as capacidades e usalas dun modo razoable.

Con respecto ó turismo, señor Presedo, eu sinto ter que dicirlle que é un dos temas nos que creo que a min non se me pode nega--la autoridade. Resulta que os modelos do 60 non valen para o 90, naturalmente, ¿por que cre que está a crece--lo turismo en Galicia mentres crece a oferta? ¿Por que crecemos un 6% mentres outros baixan notablemente? ¿Por que tivémo--los premios en FITUR? ¿Por que veñen aquí as asembleas de turismo? Porque, neste momento, estase facendo o que hai que facer.

En canto á droga, eu nunca dixen que Galicia non tivese competencias en materia de droga, é outra falsidade. Eu dixen que non as ten na represión, efectivamente non as ten. Utiliza os seus recursos para colaborar coa competencia perfectamente respectada do Estado. Pero gastamos mil millóns en relación coa droga, temos todo xénero de programas.

Por certo, xa que foi mencionado no Parlamento, sería moi interesante que, xa que hai un acordo neste caso de tódolos grupos parlamentarios, o Grupo Socialista, rexeitando certas indicacións centralistas, aceptase dunha vez o informe tal como foi feito e como foi preparado nesta Cámara. En canto ó recordatorio de que a roca Tarpeia está cerca do Capitolio, que me vai contar vostede. Vostede xa pasou polo Capitolio e pola roca Tarpeia.

Deuse a entender que que o pacto autonómico fose a adiante era prexudicial para a nosa autonomía, falso. Canto máis se ensancha a base e máis se sobe por debaixo, máis soben os que están na cabeza. Non era posible continuar unha política en materia autonómica sen ter cumprida a Constitución despois de pasados os cinco anos das autonomías do 143. Pero esta mañá o que eu expuxen aquí non foi que agora queda-

sen quedas as autonomías do 151, dixen o contrario. Dixen claramente que para elas pedía novos avances, e falei cun termo que non leva a engano, que foi o de Administración única fóra dos termos expresamente reservados ó Estado pola Constitución. Polo tanto, esa observación non se pode tomar en conta.

Con respecto á conxuntura económica, hai que dicir que non é boa en Galicia, non é boa en España, e non é boa en Europa, e non é boa no mundo. Pero non fagamos aquilo de que como chove o Goberno rouba. Podíannos acusar tamén de que está crescendo a SIDA xa que é un síntoma que non vai ben. Vou ler aquí unha nota dun xornal nacional de onte que se titula "Como el cangrejo" e di: "La crisis retrotrae la instrucción de empleo al nivel de 1985 y la tasa de paro al de 1989". Podo ler aquí un artigo do profesor Samuelson, unha máxima autoridade non certamente da dereita americana senón da esquerda americana, onde di "The boom has come and gone". Alí danse os datos importantes de como a mesma Comunidade Económica baixou do 4% a 1,3% de crecemento, os datos de Alemaña, que eu mencionei esta mañá, e así sucesivamente.

Pero teño que dicir que non todos os índices son malos para Galicia neste momento. O paro estimado diminúe no período 88--91. Os parados que buscan o primeiro emprego diminúen nos mesmos termos nun 25%. Incrementábase o emprego nos sectores non agrícolas. Por certo, quero dicir que oímos algún xuicio estes días dicindo que é negativo aquilo que sempre dixeran os expertos e dixemos todos que era un obxectivo, que é que diminúe proporcionalmente o emprego agrícola e sobe --estabilizado como está na industria neste momento e eses son os datos-- nos servizos.

O IPC 80--91 en Galicia sitúase 1 punto por debaixo do xeral de España. Teños os datos de alimentación, vivenda, e o índice xeral á súa disposición. E en definitiva, nestes anos, é dun 11,4 no 89--91 a

subida para Galicia, 12,4 no conxunto de España. Na industria e na construción, hai un crecemento superior á media española, aquí están os datos igualmente. Igualmente, témo--la taxa en cobertura favorable en comercio exterior, superior en Galicia á do conxunto de España, e a evolución positiva do PIB vai cara ó equilibrio sectorial. A produtividade media da industria está por encima da nacional. Este é un dato moi importante, se sacámo--lo sector primario --que efectivamente ten unha produtividade baixa-- e computamos industria, construción e servizos.

E xa que falei do investimento estranxeiro, quero dicir que o 89 foi para Galicia un ano atípico porque o importante incremento que se produciu foi o resultado do investimento puntual de máis de 6.000 millóns de pesetas en Citroen que distorsiona calquera análise. Unha Citroen que estivo a punto de irse e que se salvou no tempo do Goberno Albor, do que eu non asumo responsabilidades, pero si que recoñezo os seus acertos. Se excluímos do conxunto esta cifra, a tendencia 89--90 é de estancamento, que se rompe en 1991 cun 0,7 de investimento galego no total de España, invertendo en Galicia a tendencia xeral á baixa.

Por comunidades autónomas, Galicia ocupa no 91 o lugar 11, no 90 tivo o 12 e no 89 tivo o 8. É importante sub--liñar que a presenza de Madrid e Barcelona supón máis do 75%, pero as rexións obxectivo 1 que presentan mellores resultados ca Galicia no 91 só son Andalucía, Canarias e Valencia, que son datos que contradín o que se dixo aquí. Naturalmente esta influencia sectorial é nos sectores que conveñen neste momento e axudan fundamentalmente ós que están no plan de desenvolvemento. Non é así por desgracia a pesar dos acordos varias veces loucados e mencionados.

Así, imos ve--la tendencia dos investimentos do Estado, e convén que recorde eses datos o señor Sán-

chez Presedo por razóns que el mesmo mencionou. Porque efectivamente o investimento por habitante pasou a representar en Galicia, neste presuposto, do 6,3 no 89 ó 5,3 no 92. O investimento por habitante no 92 é para Galicia de 4.718 pesetas, mentres que no conxunto das rexións do obxectivo 1 é de 10.000. Isto quere dicir que aí toda a colaboración será pouca como indican eses datos.

Pero non teño máis que dicir salvo que sería absurdo considerar que neste momento tódolos datos son negativos, ben ó contrario, nin que xustifican unha folga. A idea de que se presente agora en Galicia unha folga cando a houbo xa en Asturias, cando a vai haber, e antes ca nosa, en Cantabria, cando se saben os sucesos gravísimos que hoxe mesmo pasaron no País Vasco, parece que resulta, como soe dicirse, como colle--lo can polas orellas.

Non cremos, en definitiva, nunha economía que non naza dese esforzo, que con razón de todos foi defendido. Non cremos nunha economía total e permanentemente subvencionada. Pódese subvencionar, durante algún tempo, a un sector determinado, por razóns xustificadas e recordando sempre que esa subvención a pagan os demais sectores. Pero, repito, non se pode subvencionar a todos e de modo permanente. Supoño que, despois da catástrofe xa mencionada en Europa oriental, non teño máis que dicir a este respecto.

Nós imos continuar coa política na cal cremos e na cal Galicia se vai recuperar. Sabemos facerlles fronte a estas vacas fracas, e incluso cremos que non hai mal que por ben non veña. Cando as necesarias medidas de reforma das nosas obsoletas estruturas agrarias ou certas partes industriais reciban os impulsos inevitables da nova situación, non pasará iso que ocorre cando as cousas son fáciles, aínda que non vaian de todo ben, entón a maioría prefire seguir tirando. Agora todos sabemos que temos que

arrima--lo ombro e o Goberno de Galicia vaino facer.

En canto ás autovías, como varios dos señores deputados volveron expresa--las súas dúbidas sobre as datas, eu teño á disposición deles un documento oficial do Ministerio de Obras Públicas, do 7 de febreiro deste ano, onde están tódolos datos que eu dei esta mañá, e dos cales respondémo--lo Ministerio e mais eu.

Falouse naturalmente de gastos suntuarios, referíndose á Casa de Galicia en Madrid e supoño que á representación en Bruxelas. Estes foron dous necesarios investimentos deste Goberno. Son tamén representación da nosa Comunidade a maqueta da catedral de Santiago, o veleiro Galicia, o pavillón de Sevilla. ¿Acaso podemos facer outra cousa? Iso é promoción, igual que o é gañar--lo primeiro premio en FITUR dous anos seguidos --este ano en solitario, o ano pasado compartido-- ou lograr postos nos órganos europeos que nunca Galicia tivo, ou como foi unha viaxe a Cuba da que me preguntaron se sabía cantos millóns se gastaron na televisión a nivel mundial na promoción que se fixo de Galicia.

Pero, queridos amigos, cando se fixo o Escorial, as críticas foron tremendas; fíxose Versalles, unha dilapidación; fíxose San Pedro de Roma, Lutero invocouno para face-la Reforma. Pero vou ir máis lonxe: houbo unha muller que lle lavou os pés a Xesús e alguén dixo que aquel perfume era moi caro e que debería dárselles ós pobres. Di o evanxelista que Xudas, que tiña a administración e que foi o que o dixo, acabou vendendo a Cristo por 30 reais.

E con respecto ás viaxes, quero dicir que eu viaxo naturalmente moito menos, e a importancia tamén é menor, cá súa santidad o papa ou do que viaxaba o meu grande amigo Strauss. Pero voulles dicir que, como se pregunta polos resultados, é natural que un home que sementa e

rega tarda un certo tempo en chegar ós resultados. Vexan un destes resultados: a miña última viaxe a Bruxelas para que Galicia tomase posesión, por primeira vez, no Consello das Rexións Europeas serviu para deixar rematado e arranxado o financiamento do gas en Galicia, por varias decenas de miles de millóns. Supoño que iso consolará a algúns dos gastos modestísimos que eu fago en clase turística.

Señor presidente, señoras e señores deputados, creo sinceramente que o Goberno galego está a facelas cousas o menos mal que pode e o que sente é que, para seguir facéndoo, o día non teña 36 horas, o mes 40 días e o ano 500. Moitas grazas.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Na rolda de réplica, polo Grupo Mixto, señor Sánchez Castiñeiras e señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Sánchez Castiñeiras.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor presidente, señores deputados. Mal imos, señor Fraga, cando vostede para responder a unhas intervencións ten que caer na descualificación. Iso, indubidablemente, é porque non hai argumentos. O único falso, o único falso, que hai nesta Cámara son xustamente as súas formulacións, iso é o único falso. Os datos, señor Fraga, non se discuten, senón que se comprobán, e vostede non pode dicirme que os datos que eu dixen esta tarde, aquí na tribuna, non son certos.

O que si é verdade é que o investimento estranxeiro aquí en Galicia é do 0,5%, é un dato evidente que está aí. O que si é certo, señor Fraga, é que o valor engadido bruto descendeu 4 puntos, 1,8 e 1,3 na industria, na construción e nos servizos, aí están os datos, cómpreos. ¿Non é certo, señor Fraga,

que o paro está no 15,9% incrementado? Non me diga que é unha cuestión de tipo xeneralizado, porque eu voulle ler moi brevemente o informe da Comisión das Comunidades Europeas, que di o seguinte: "melloran tódalas posicións relativas das rexións españolas, agás Galicia e Asturias". Non me diga que é unha cuestión de tipo mundial. Galicia está mal gobernada.

¿Non é certo que o paro da muller é do 22%? ¿Non é certo que nos presupostos da Comunidade Autónoma do ano 92 se gastan 8.000 millóns de pesetas en propaganda? ¿Non é certo que a débeda se incrementou tres veces co seu Goberno? ¿Non é certo que o crecemento da economía galega foi inferior á media estatal? ¿Non é certo que ningunha das provincias galegas chega á media do PIB? ¿Non é certo, señor Fraga, que hai unha caída significativa da poboación activa? ¿Non é certo, señor Fraga, que hai unha forte contracción do emprego? ¿Non é certo que non temos un panorama excesivamente alentador? Non me diga que isto non se pode comprobar. Aí están os datos. ¿Non é certo que non dispoñemos dunha auténtica Policía autonómica senón que dispoñemos de gardas xurados e que pagamos 177 millóns de pesetas por poñerlles Xunta de Galicia na solapa? ¿Isto é certo ou non é certo?.

Pero paréceme moi ben que vostede descualifique porque non ten argumentos para contrarrestalo que é evidente. Comprobe os datos xa que ten máis facilidades ca min para comprobalos, e verá como esa é a realidade. Galicia hoxe, para desgracia dos galegos, está moito peor que hai dous anos. Eu o único que lles pido desde esta tribuna é que esperten. Díxenlle antes que estaba perdendo a oportunidade histórica, a oportunidade irrepetible para saír no mesmo posto de saída có resto dos países europeos. Iso é o que nós pretendemos.

Claro que si, que somos partidarios das gaitas e dos pandeiros, pero non queremos soamente unha Ga-

licia de gaitas e pandeiros. Cando eu me refería a que podían recordalo por ministro de Información e Turismo, estábame referindo a iso da información, polo ben que manexa vostede a información, polo ben que fai a propaganda, e de turismo porque non para de viaxar e non consegue nada para Galicia. Máis nada e moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias. A súa rolda, señor Nogueira. Rolda de réplica.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías. Deséxolle que se restableza, señor Vázquez Portomeñe, porque tivo que facer hoxe un esforzo ó subir a esta tribuna, demostrando que non ten quen o substitúa e que, realmente, ten un grupo parlamentario moi pouco valioso. Pero, en todo caso, vou despachalo que me dixo co seguinte. As súas palabras sobre os nosos aliados, sobre as nosas manifestacións, teñen o mesmo creto cás do señor Cuíña cando dixo que, se fose de esquerdas, sería do PSG--Esquerda Galega.

Señor Fraga, eu non me equivoco, eu non creo que unha sardiña é un elefante, senón todo o contrario. Eu demostrei hoxe que vostede non é un elefante senón unha sardiña, un presidente máis, iso si, unha sardiña belicosa. Como dixeran antes, é un "xíbaro" que vén aquí coa cabeza reducida no colo ou no cinto. Vostede mesmo recórdolle que tivo a indelicadeza de chamarlle ó anterior presidente, nunha ocasión xustamente, cabeza reducida. Ademais dun "xíbaro", podemos dicir que é un antropófago electoral.

Ten unha rara obsesión co noso partido, co PSG--Esquerda Galega, porque saben que nel, e noutra xente, pero nel está o xerme do nacionalismo modernizador de Galicia, do

galeguismo, porque somos continuadores de Castelao, de Bóveda e de Rosalía. Vostede é a negación de todo isto, é o continuador histórico dos que negaron a Galicia. Vostede é verme, señor Fraga, mentres nós somos mazá. Vostede castrounos, quere castrarnos, quere engordarnos coma a un capón de Vilalba a cambio de dignidade, pero con vostede non hai nin capón nin dignidade. Vostede, señor Fraga, pasará e o nacionalismo seguirá. En todo caso, hoxe comprobaría que estou ben guicho, outros quixeran estar igual. E eu, que son de Vigo, señor Fraga, para min esta expresión ten unha significación moi especial.

Señor Fraga, a autocrítica é unha postura intelixente para pasar a ser alternativa. Dixeran que vostede ten tódalas condicións para ser derrotado e por iso fago a autocrítica do comportamento da oposición, porque temos que ter un acordo político. Así, ofrézolle--lo meu concurso ós meus compañeiros da oposición, un acordo político profundo para ser alternativa. O día que nós cheguemos a un acordo os seus días como presidente están contados, señor Fraga. Ten tódalas condicións para ser derrotado, tódalas condicións, só falta que nós nos poñamos autenticamente de acordo, só falta que nós comprendamos que ningún dos partidos en si mesmo é alternativa, que todos xuntos facemos falta, que fai falta un programa.

A intelixencia, señor Fraga, parece que nos distingue. Un compañeiro seu, moi amigo, Calvo Sotelo, dixo unha vez: "en Fraga suele predominar la oposición sobre la posición y a veces el temperamento sobre la inteligencia". Pois ben, en min neste momento, cando ofrezco esa postura á oposición, predomina non o temperamento senón a intelixencia.

Señor Fraga, a metade de Galicia tenlle medo e a outra metade comeza a abri--los ollos e comeza a abrilos, entre outras cousas, porque vostede, sendo presidente da Xunta de Galicia e sendo continua-

dor de Albor, no ano 89, dicía: "continuarei a liña marcada por Albor" e hoxe acabou de desmarcarse. Todo isto era mentira, era el quen gobernaba en Galicia e defendía os garavanzos da dereita española, na década da marxinación. Pero, sendo o continuador de Albor e levando dez anos gobernando Galicia, non coñece as nosas cifras, señorías.

Cando este deputado fala de 100.000 millóns de pesetas, non está falando de ningunha utopía, está falando desde o nacionalismo democrático e reformador de Galicia. 100.000 millóns de pesetas, señorías, son pura e simplemente o que Galicia recibiría se recibise igual que Cataluña por habitante. Acaso teño que admitir que o comportamento do Goberno central e o do señor Fraga con Galicia sexa anticonstitucional, antiestatutario.

Cataluña ten este ano un presuposto dun billón catrocentos mil millóns de pesetas e unha poboación de 5.900.000 habitantes, divídan. Galicia ten 617.000, e unha poboación de 2.800.000 habitantes. Divídan e verán que o endebedamento é exactamente igual e proporcional e que perdemos aí 45.000 millóns de pesetas en relación con Cataluña. Porque, señorías, Cataluña recada uns impostos e nós non e estannos mentindo cando din que na recadación normativa, nese sentido, nós temos máis ca Cataluña. Estannos mentindo, e o señor Fraga acepta esa mentira, e prexudica gravemente a Galicia. Por outra banda, tamén prexudica a Galicia que perdamos de 30.000 a 50.000 millóns de pesetas cada ano e non o admitan. Trátase de enfermidades, mortes, médicos, enfermeiros, hospitais comarcais. Eu defendo, neste sentido, unha posición democrática, estatutaria e constitucional, como sempre fixen nos pasados dez anos. Sempre me propuxen que o Goberno galego administrase mellor os nosos recursos, que conseguise os recursos. A min nunca se me ocorrería, señorías, se son presidente da Xunta, que podo selo coma el, con máis méritos posiblemente en relación con Galicia,

nunca se me ocorrería converte--lo presuposto nunca banca paralela, na banca Fraga.

Claro que o señor Fraga non confunde un home cunha muller, vai moito máis alá. Dixo unha vez, non hai moito tempo: "desprecio el unisex porque yo soy un hombre, que es lo que necesita este país". Claro que non o confunde, vai máis alá aínda e iso ten un cualificativo. O señor Fraga, moito ruído e poucas noces, e eu, que levo a miña vida dedicada a Galicia, sei moito de noces.

Cada vez que vai a Madrid, Galicia segue máis empequenecida. Foi recentemente a Madrid a defender a Murcia, e eu tamén defendo a Murcia como autonomía, pero el foi como presidente da Xunta a pactar con Felipe González a autonomía de Murcia. Aínda non lle oín dicir que as nacionalidades históricas son unha cousa distinta. O señor Pujol recentemente dixo, na campaña electoral, que vai modifica--la Lei de normalización lingüística para que o catalán estea mellor, está infinitamente mellor có galego. Estou esperando que o señor Fraga diga que a Lei de normalización lingüística está curta, estou esperando, e estou esperando que defenda os 100.000 millóns de pesetas.

Eu, señorías, ofrecínlle o meu concurso á oposición, sabendo que crear unha alternativa xa non depende de Fraga, ese é o problema, xa non depende de Fraga senón de nós, de nós, ese é o medo do señor Fraga. E dicir, isto depende do noso acordo político e da medra na rúa da necesidade dun Goberno alternativo, esa é a súa desgracia, señor Fraga.

En todo caso, é certo, térao que recoñecer comigo, que se acabou o seu ciclo, porque, claro, vostede na transición --e eu non me quero meter noutros tempos, estou falando sempre do tempo democrático-- dixo que o que había que facer era, confundinme antes, outorgarlle a autonomía a Biscaia e a Guipúscoa, é

dicir, a autonomía que tiveron no franquismo Alava e Navarra, sendo ministro do Interior. No debate constituínte dixo: "rechazo, una vez más y con energía, la introducción del término nacionalidades, porque los términos nación y nacionalidad son lo mismo". Cando eu dicía que nós sómo--la mazá e el o verme que come a mazá por dentro, creo que tiña razón.

No pacto autonómico entrevistouse con Felipe González para defende--las autonomías do 143. Quero ver como se reúne con Felipe González para defende--lo dereito das nacionalidades históricas. Ese é o sentido profundo do dereito de autodeterminación a ter máis autogoberno se o quere, claro que o señor Fraga non o quere, eu si. E quero autogoberno nunha Europa pacífica e democrática. Teñen un afán necrológico, señorías. Son populistas e o populismo é a negación da democracia, da política auténtica, da seriedade, da imaxinación e do rigor. O populismo, incluso, non ten cualificativos. Cando se vai polo populismo, acábase sempre en posicións negativas.

Señor Fraga, e acabo xa, vostede xa non pode rectificar. O límite seu é o conservadurismo, o populismo e a sumisión a Madrid. Xa pasaron dez anos de xefe da oposición, de presidente de Galicia. Vivimos nun momento crítico, como nos momentos dos foros, do ferrocarril, no 36, no 62 e no 82. Neste momento fan falta decisións políticas positivas. Vostede, señor Fraga, está nervioso, xa sabe que só lle quedan dous anos de presidente. Eu ocuparei o meu traballo para que non teña ningún ano máis polo ben de Galicia, porque eu non quero un presidente que confunda o Escorial co Obradoiro. Un presidente de Galicia ten que face--los palacios no Obradoiro, e non no Escorial, que así nos foi. Moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira. Polo Grupo do BNG, o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Gracias. Señor presidente, señorías. Non me estraña que o señor Fraga quedase sen discurso de réplica porque llo usurpou o señor Portomeñe, que, en lugar de saír a fixar posicións do seu grupo respecto do discurso, como o discurso non tiña nada que comentar, usurpoulle o papel ó señor Fraga.

Señor Portomeñe, a vostede, coa intervención cirúrxica que lle fixeron, extirpáronlle a pouca gracia que tiña por un erro humano ou técnico, e así quedou. O señor Portomeñe veu aquí a ouvear, lembroume aquilo que dicía Castelao cando se discutía acerca dos idiomas, que é que os cans descubriran o idioma universal, ladran todos do mesmo xeito en tódolos puntos do planeta, pero como eu ese idioma non o sei nin o entendo, non podo dialogar con vostede. O que si podo facer é precisarlle un par de cousiñas.

Vostede di que é dicir non sei que cousas raras falar do tráfico de nenos e nenas. Eu referinme a Perú e a Brasil, pero foi por delicadeza. Agora quero dicirlle que se lle soa unha tal María Méndez e un asunto de nenos romaneses moi recente, e, se non, pregúntelle ó señor conselleiro de Industria, ¿verdade? Galicia, Galicia--Romanía: tráfico de nenos, non Perú e non Brasil.

Ah, está moi ben iso de de que parroquia somos. Fun eu, señor Portomeñe, o primeiro, xa na lexislatura pasada, que utilizou nesta Cámara de deputados a expresión "eu non son desta parroquia". Pregúntello a D. Victorino Núñez, que incluso me fixo o honor de citarme con cita de autor nun programa de televisión hai anos, cando el aínda non era presidente do Parlamento. Recoñeceume a autoría, de maneira que, evidentemente, nós non somos da súa parroquia, só faltaba, só

faltaba. Vostedes si que son todos por parroquias, son todos por parroquias, o PP é por parroquias. Así en realidade é absolutamente medieval, e como é absolutamente medieval, compréndese perfectamente o tipo de discurso --entre comiñas discurso-- que vostede solta aquí e tamén o tipo de discurso do señor Fraga.

¿Imos co señor Fraga? E unha delicia a súa intervención, señor Fraga, pretendidamente de réplica. Foi a mellor demostración de que eu dera absolutamente na diana, absolutamente. Tivo vostede que refuxiarse no que houbese de anécdota e de adobío na miña intervención para intentar botar unha cortina de fume sobre as cuestións cruciais que eu tratei e que mesmamente vostede non, e era vostede quen tiña que tratalas. E o debate do estado da nación, se vostede quere do estado da autonomía. Despois do seu discurso, é absolutamente certo xa para sempre, mentres vostede dure aquí, aquela denominación con que a bautizou a miña compañeira Pilar García Negro, xa hai tempo: "este estado de autonomía, estado de autoanemia".

E ten vostede delirio de grandeza, efectivamente. Mencinou o Escorial e dixo que todo foran críticas, seica, pero que aí está o esplendor do Escorial, si. Faltoulle menciona--lo Valle dos Caídos, que daquela nin sequera se puido criticar e ademais saíu gratis en man de obra porque o fixeron a traballos forzados os republicanos presos polo franquismo, incluso catedráticos de Universidade, como vostede ben sabe. A vostede tamén lle parecerá admirable "el Valle de los Caídos como el Escorial". Este país non necesita "Escoriales", señor, que ademais significa lugar onde se deposita "escoria", para iso chega coa que vostedes botan sobre o país.

Este país o que necesita é un Goberno que o dirixa e que o oriente democraticamente, e naturalmente que poña a enerxía que hai que po-

ñer, e a intelixencia da que vostedes, polo menos polos feitos, dan mostras de carecer por completo. Vostede preguntouse en voz alta: ¿que pretende o portavoz do BNG? Pois mesmamente que vostedes pensen que ben sei que é un imposible metafísico, pero nós, os de esquerdas de verdade, nunca descualificamos a priori o adversario.

Vostede dixo que Iribarne significaba no centro do pobo, xa o dixo outra vez, xa o sabiamos. Signifícao locacionalmente, xeograficamente, pero non socialmente, ¿comprende? Por exemplo, nas vilas galegas é claro que os señoritos do centro son os que menos están co pobo. Unha cousa é estar situado no centro do pobo e outra cousa é estar socialmente no medio do pobo. E a proba é que vostede di que é populista, ou sexa, que utiliza e manipula o pobo, que é o que fixeron os populistas agás esa caste inicial na historia dos movementos sociais e políticos dos populistas rusos a comezos de século ou finais do XIX, que era outra cousa distinta. Pero vostede é populista como Perón, e así acabou Arxentina, ou como Getúlio Vargas, xa llo dixer, e así acabou Brasil.

Di vostede: ¿que quedou das ideas socialistas en Europa? Pois o pouco de intelixencia que aínda existe no cerebro colectivo da humanidade, iso é o que quedou do socialismo en Europa, ¿comprenden? Do que non queda nada, evidentemente, é de Savonarola; non queda absolutamente nada de Francisco Franco; non queda absolutamente nada de Adolfo Hitler, que tamén chegou ó poder por rigoroso método de elección democrática e maioría absoluta no Bundestag. Vostedes lanzan os anatemas contra os fundamentalistas, ou sexa, ten obsesión cos "moros" como di el. Os "moros" hai que vixialos e mantelos coas rendas ben atadas, é o único que o preocupa. Claro, ben, iso ocorre en Alaxeria. Agora os fundamentalistas tamén gañaron por maioría absoluta, pero non os deixan gobernar.

Non sei se vostede está de acordo ou en desacordo pero quero dicirlle que teña coidado con esa idea que vostede ten do que é a maioría dun Parlamento. Mire vostede, a maioría nun Parlamento é un feito circunstancial, pero o Parlamento é unha institución composta por todos os membros e polo tanto polos representantes de todos os votantes. Neste Parlamento, hai máis deputados elixidos por vostedes ca polo resto nas candidaturas de vostedes. Pero hai máis cidadáns galegos que votaron ós 37 deputados da oposición ca cidadáns galegos que votaron ós 38 deputados de vostede, é unha "bromita de la Ley de D'Hondt" que falsea a proporcionalidade.

En todo caso, vostede si que é despectivo sistematicamente nos feitos, nas palabras e nas actitudes non só coa institución parlamentaria, senón co que vostedes chaman as minorías, que como vostede sabe xa dixo aquilo Churchill que a vostede lle gusta citar tamén: o problema das minorías é cando medran. E iso é o problema que teñen vostedes co Bloque. En 1989, o Bloque tiña un deputado no Parlamento de Galicia; en 1990, tiña elixidos 6, menos 1 que roubaron, quedaron 5. Neste momento, segundo as sondaxes do CIS, se houbera eleccións, eramos 10 e se houbera eleccións ás Cortes españolas, o BNG sen máis sacaba a representación, sacaba deputados no Parlamento das Cortes do Estado.

Iso é o que lle pon os nervios de punta ó señor Fraga porque sabe perfectamente que o Bloque si que é, irreductiblemente, inimigo político de vostede, non por ningún apriorismo, senón porque nós tivémo-la coraxe de, cando se presentou vostede aquí para ser investido como presidente, facer un breve resumo de cal fora a súa traxectoria. E tamén dixemos: o futuro vaine construír vostede, nós non lle negámo-lo futuro. Agora xa van dous anos, ese futuro é pasado e o balance de vostede non existe. Eu díxenlle que o señor Cacharro bota por terra a comarcalización da Ad-

ministración territorial de Galicia. Pois moi ben, vostede non é quen de impedilo e polo tanto non está contra o Bloque, está contra o Estatuto de Galicia. Con respecto ó plan galego de emprego ou simplemente unha política de emprego, vostede díxolles que non ós sindicatos, hai ben pouco, a todos os sindicatos, nacionalistas e non nacionalistas. Negóulle--lo pan e o sal e chegou a dicir que non estaba disposto a negociar con eles. Iso non foi dirixido ó Bloque, foi dirixido a todos os sindicatos, polo tanto a toda a clase obreira, non só á asalariada senón tamén ós labregos.

Vostede dixo que non a crear unha institución galega de crédito pública e non lle dixo que non ó Bloque. Díxolle que non a todo o empresariado autóctono galego, que non ten medios crediticios públicos, liñas preferenciais, para combater ese xigante que son mesmamente as grandes empresas, as grandes corporacións da Comunidade Económica Europea e mesmo de alén da Comunidade Económica Europea, é a ese a quen lle di non.

Vostede dixo que non á expansión e á defensa da economía gandeira no sector lácteo e non é que lle diga non ó Bloque, é que lle dixo vostede que non e ademais condenou á morte milleiros de explotacións gandeiras galegas, a labregos, moitos deles que o votan a vostede, porque ata agora tivo os mecanismos para enganalos. Vostede dixo que non, vostedes dixeron que non, señor Portomeñe, a unha Proposición de lei de comercio interior de Galicia. Eran vostedes o PP, eran vostedes o grupo parlamentario do PP e nin sequera estaban no Goberno, non sei por que saíron con ese non.

Vostedes dixeron que non efectivamente, vostedes e vostede persoalmente, que xa era señor deputado, ó proxecto de lei de medidas urxentes cando era indispensable ter medidas urxentes e programáticas para este país. Foron vostedes

os que pasaron amplamente desa cuestión e aínda vén aquí rufeño dicir que tivemos catro votos. Evidentemente, unha cousa son as proporcións cuantitativas e outra cousa é o fenómeno cualitativo.

Castelao --ese Castelao que vostedes enterraron definitivamente no Panteón de Galegos Ilustres poñendo unha lousa case tan grande en peso coma a que lle puxeron, seica, a Francisco Franco para que non poida nunca rexurdir--, ese Castelao, cando loitaba, estaba en absoluta e abafante minoría. Os deputados como Castelao, como Núñez Búa, como Suárez Picallo, como Ramón Otero Pedrayo, eran unha exigua minoría no Parlamento do Estado español, nin sequera conseguiron en cinco anos de república que fose levado a adiante, plebiscitado, o Estatuto ata 1936.

Era unha absoluta minoría, verdade, pero cualitativamente eran a grandeza e intelixencia deste país, a negación, a antítese do que vostedes son, mesmamente. Vostedes viven como parásitos do que eles fixeron e veñen aquí usurpar institucións autonómicas para travestilas, mesmamente en algo que é a antítese daquilo polo que loitaron Castelao e toda a xente que morreu no exilio ou neste país mesmo, e non digo xa os que morreron nos foxos.

Eu son un home con moi pouca memoria, afortunadamente. Como dixera, entre outros, Albert Camus, afortunadamente os seres humanos teñen a capacidade de esquecer, se non sería insoportable seguir vivindo en medio de cousas como as que hai aquí. Pero non teño tan pouca memoria como para esquecer aquilo que é a habenza da memoria histórica dun pobo indispensable para que ese pobo siga vivo.

Vostedes son a negación de todo isto, vostedes converten abelorios que prostitúen e converten en refugallo absolutamente inconsistentes tódolos valores que cualitativamente lle imprimiron unha orientación ou norte a este país. Vostedes ve-

ñen coma parásitos, coma os vermes parasitarios, a chuchar nos cadáveres, son necrófilos, e fixérono con Castelao e fano co que se lles poña por diante.

Esa é a traxedia deste país e a demostración está en que as nosas iniciativas traídas a esta Cámara non foron votadas en contra porque fosen do Bloque, foron votadas en contra porque non tiñan ideas para facelas vostedes, e porque están ó servizo duns poderes económico-sociais para os que é un estorbo a existencia dos labregos, para os que é un estorbo a existencia dun empresariado propio de Galicia, para os que é un estorbo todo aquilo que non sexa converter este país nesa colonia da fisterra, que incluso visto así xa non é nin colonia nin champú, necesita desodorizante mentres vostedes sigan gobernando.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras. Ten a palabra o señor Sánchez Presedo polo Grupo dos Socialistas de Galicia.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor presidente, señorías.

Eu asegúrolle ó señor presidente da Xunta de Galicia que a miña intervención non tiña por obxectivo entretelo, senón que trataba de comprometelo, que son dúas cuestións bastante diferentes.

Eu, realmente, non veño aquí para rebater absolutamente todo o que se dixo. Hai unha anécdota moi saborosa que é esa do reloxo parado, incluso un reloxo parado dá ben dúas veces ó día, ou sexa, como mínimo hai que admitir que sempre se ten unha parte de razón, incluso estando parado ou estando errado. Desde logo, o que si me agrada é que o presidente da Xunta de Galicia cando sae a esta tribuna, polo menos, fale de medias verdades. Eu creo que vostede tivo que esforzar-

se un pouco para falar de medias verdades, porque era evidente que había reflexións importantes sobre este país que non podían merecer unha descualificación.

Eu creo que vostede, que veu aquí e que realizou unha intervención lendo, debería tamén, ás veces, improvisar, porque isto é un debate político, isto non pode ser unha sucesión de monólogos. Eu creo, señor Fraga Iribarne, que sería bo, en moitas ocasións, que non contestase como contestou ós grupos parlamentarios, simplemente lendo as contestacións que tiña preparadas de antemán, senón respondendo ó que eles realmente dixeron no debate. Creo que iso sería un comportamento parlamentario máis correcto.

Creo tamén que non se trata en Galicia de facer cousas, trátase de facer cousas e trátase tamén de facelas ben. Hai a famosa anécdota desa enfermeira que dicían que espartaba os enfermos para dálle--lo somnífero, realmente ela facía cousas, pero iso non o estaba facendo ben, se estaban durmidos non necesitaban o somnífero.

Ademais, hai que tratar de face--las cousas cun ritmo axeitado, trátase de aproveitar ó máximo os nosos recursos. A Xunta de Galicia debería ter en conta o exemplo das familias modestas que cando teñen necesidades na casa saben que non poden destina--los seus recursos a cuestións que non sexan indispensables. Eu creo que vostede debía imitar esas familias modestas deste país que, sabendo que Galicia ten recursos e necesita utilízalos para necesidades inaprazables, non poden contemplar impasibles como vostede mete miles de millóns en, por exemplo, un palacete. Eu quixera un palacio para Galicia, non un palacete, pero paréceme que se pode establecer un ritmo axeitado e, sobre todo, iso de presumir por se--lo que máis gasta, ihome!, resultaría lóxico se fosémo--los que temos máis recursos, pero o problema é que o resto das comunidades autónomas teñen dignas representacións e

ningunha ten ese volume de recursos.

O que ocorre é que probablemente esteamos tamén como o famoso exemplo do desfile militar: o que leva o paso cambiado é o que di que non, que el é o que marcha ben, que realmente os que andan mal son tódolos outros. Pois Galicia neste caso é a única que segundo o seu presidente anda nunha vía razoable, todo o resto das comunidades deste país andan trabucadas, moi ben, iso é o sentido común que, loxicamente, como é o menos común dos sentidos, soamente funciona en Galicia. Probablemente esa sexa unha explicación razoable, ou probablemente debamos acostumarnos en Galicia a que cando se fala de viaxes a todos nos parezan ben, non queremos unha Xunta que traballe aquí soamente.

Dicía eu antes que Galicia hai que contemplala tamén en tódalas súas relacións, na riqueza das súas relacións, pero vostede pense: ¿que mandatario democrático europeo cando fai unha viaxe --e podemos poñer algún de nivel para que o exemplo teña máis valor: Kohl ou Major-- di que vai ve--los seus connacionais? iHome!, loxicamente verá os seus connacionais, pero fará algo máis porque incluso os seus connacionais na medida en que faga algo máis saben que as súas viaxes están sendo útiles, están valendo para algo. Polo tanto, esa argumentación de visita amigable é insuficiente, non chega con iso, necesitamos algo máis, e polo tanto creo que este é o momento en que se poden formular estas cuestións.

O señor presidente da Xunta de Galicia chega e di iso de "tarde piaches", eu agradézolle profundamente que diga que tarde piamos, porque iso demostra que vostede tiña unha confianza ilimitada na capacidade que nós tiñamos de facer cousas neste país, loxicamente agrádame que vostede teña unha confianza tan considerable sobre a nosa propia capacidade.

O que decidimos foi presentar

hoxe un paquete de iniciativas, oito iniciativas lexislativas, sobre os temas que neste momento máis preocupan ou afectan á sociedade galega. Non é que hoxe decidisemos toma--las iniciativas, o señor Portomeñe sabe que sómo--lo grupo que presentou máis iniciativas desde que comezou a lexislatura, o que ocorre é que hoxe queremos que este debate se traduza tamén en iniciativas políticas e pensamos que se o Grupo Parlamentario Socialista non presenta estas iniciativas o resultado en termos de conclusións de debate ía ser bastante escaso; loxicamente en termos de reflexión política, pois sempre podería algún considerar que o tema fora máis ou menos interesante.

Sobre temas sectoriais, miren: no tema da flota o que eu estou propoñendo é que exista un proxecto pesqueiro integral, saber que queremos facer coa pesca no noso país e a partir de aí que cada un o execute segundo as súas responsabilidades. Pero para saber realmente cal é o futuro do noso sector pesqueiro temos que dicir cal é a dimensión da capacidade de extracción en función da capacidade dos recursos, o resto é estar simplemente xogando a gana--lo tempo, é dicir, a non resolve--los problemas do sector. O que nós estamos pedindo son, precisamente, perspectivas, queremos que se definan, que se defina o ritmo tamén, que se busque a fórmula coa que se poida traballar mellor para aborda--los problemas da pesca. Iso é unha cuestión que, desde logo, está pendente.

Estráñanos moito que, se se considera que o turismo é un sector estratéxico, que é un sector de futuro para Galicia, a única iniciativa do Goberno fose un Proxecto de lei de disciplina turística. ¡Oia!, se é un sector tan importante mellor será "de promoción e de ordenación turística", por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta unha proposición de lei neste sentido. O turismo vai ser probablemente a primeira actividade econó-

mica no futuro e, loxicamente, é necesario face--las cousas e face-las ben.

Desde o punto de vista da creación de emprego empezamos a maqui-la--los datos e a utilizalos desde un punto de vista fragmentario, imos falar de emprego globalmente porque nos preocupa globalmente o emprego. O problema do emprego é que está diminuindo en Galicia, pero que ademais está diminuindo cun diferencial negativo respecto da evolución media do Estado. Hoxe aquí tiña que darse conta dese compromiso de creación de emprego industrial que o presidente da Xunta de Galicia asumiu no pasado debate sobre o estado da Autonomía. Vese que a creación de emprego é no sector servicios. Claro, é que é onde está a creación do emprego, é que Galicia é unha Comunidade que ten xa nestes momentos o maior volume da súa poboación activa no sector de servicios. Pero ¿que pasa entón co sector industrial? Señor presidente da Xunta de Galicia, esa é a cuestión e iso queda en evidencia, eses compromisos que o ano pasado se trataban de anunciar a través da prensa non se corresponden coa realidade.

Eu creo que non é bo, cando miramos cara a atrás, conta--la historia sen aterse á realidade. Mire, señor Fraga, creo que é bo que todos defendámo--lo Estatuto, pero se vostede o que pretende é alardear da súa posición no Estatuto, eu o que lle debo dicir é que para nós a política de cadeiras baleiras nunca foi boa para defender Galicia. Tráballase por Galicia ás once, ás doce, á unha da mañá, e vótase un Estatuto no momento en que hai que votar, non se está ausente. ¡Se quen votou en contra foi o Grupo Parlamentario Socialista!, foi o grupo que conseguiu que ese Estatuto que ía aproba--la UCD non saíse a adiante. Pero eu creo que iso non debe ser un motivo de fricción, simplemente hai que tratar de que a verdade histórica quede suficientemente esclarecida. Hai unha cuestión moi importante que se refire a

que modelo de país queremos, que proxecto de país queremos --un modelo sempre é unha cousa cerrada, un proxecto é máis aberto--. Quere-mos un país no que poidan traballar institucións con sensibilidades, con orientacións políticas distintas, no que exista unha idea común á que todos poidan servir, independentemente da súa adscrición política, que exista un terreo de cooperación e de colaboración entre todos.

Ese é o país polo que nós apostamos, e como é o país polo que nós apostamos non sabemos a que vén esa reforma da Lei electoral, señor Fraga Iribarne, esa reforma da Lei electoral que pretende excluír de representación unha parte do electorado deste país que ata agora tiña representación, porque, ata agora, ata o 3% tiña representación e a partir de agora vaise esixir que sexa ata o 5%. ¿Iso é facer un país unido realmente? ¿Ou facer un país unido, cando se fala de Administración única, é dicir: bes pois unha parte importante da Administración --porque os concellos son Comunidade Autónoma-- imos declarala inelible? ¿Esa é a Administración única é ese e o proxecto de traballo conxunto neste país? A min paréceme que é un grave erro, e creo que vostedes deberían asumir--los formulamentos políticos pero con sinceridade, é dicir, chegando ata as últimas consecuencias e non simplemente facendo cuestións de imaxe.

Miren, nós imos presentar tamén unha proposición de lei sobre as relacións das axudas da Xunta de Galicia cos concellos. Imolas facer incluso realizando unha proposta que é comprometida porque imos establecer un criterio de relacións entre a Xunta de Galicia e os concellos que sexa autenticamente de cooperación. A Xunta o que non pode é financiar nin subvencionar--la pasividade, a Xunta ten que tratar de estimular--lo dinamismo e a actividade dos concellos, por iso imos facer unha proposición de lei para que a Xunta soamente lles dea axudas ós concellos que teñan un es-

forzo fiscal equivalente ó 70% da media do seu tramo de poboación, é dicir, imos axudar a que os galegos se axuden e esperten. O que non podemos é mante--la ineficacia dos concellos enquistados e pasivos na actividade do país e, polo tanto, imos facelo. Vostedes teñen que mirar tamén para os grandes concellos. Os grandes concellos son parte da infraestrutura que ten este país para o seu futuro e se non se aposta por eles, que van se--los motores deste país, vai resultar moi difícil que consigamos poñer--lo país ó ritmo axeitado. Eu creo que vostedes deberían realizar unha política de cooperación cos grandes concellos de Galicia --o mesmo que se falaba de Sevilla, de Barcelona, de Madrid--, que se realicen en Galicia plans específicos porque todo o que redunde en beneficio dos concellos non vai afectar soamente ós seus veciños, vaise difundir a continuación polo resto do país. Non hai que miralo con receo, senón que se trata, en moitas ocasións, de apostar para a continuación obter unha rendibilidade para o conxunto do país.

Vostede falaba de Administración única, eu espero que iso non sexa unha nova proposta de recrear un novo modelo de neocentralismo. Hai unha pluralidade de administracións, nun Estado de benestar todas as administracións se consideran administracións únicas desde o punto de vista de que se fala dos poderes públicos e tódolos poderes públicos asumen responsabilidades diante dos cidadáns.

O problema desa proposta, desde o meu punto de vista, é que é unha proposta minimalista, é dicir, unha proposta de grandes palabras pero de cativos pasos; trata de crear--la sensación de que se vai facer algo importante. Cando miramos cales son, por exemplo, os funcionarios que existen en Galicia entre a Administración do Estado e a Xunta de Galicia, pois vemos que son 75.000; o 80% pertencen xa á Xunta de Galicia. ¿Que se vai da--lo 1%, o 2, o 3? Iso é minimalismo, iso é facer

política de minimalismo, é tratar de darlle a sensación a este país de que se están facendo grandes operacións, cando a gran operación está feita. Se vostede quere facer realmente unha transformación da Administración realice a descentralización, non aumente a burocracia; ten moitos concellos con capacidade de xestionar e que, ademais, estarían dispostos a asumir a capacidade de xestionar. Sería moito máis barato. Paréceme que iso sería o máis coherente.

Vostede dixo: "Non hai alternativa". Ben, paréceme perfecto que vostede o diga. Agrádame extraordinariamente que vostede diga que non hai alternativa. Nunca quixeramos nós ser unha alternativa tutelada polo señor Fraga Iribarne. O final van se--los electores os que digan se hai alternativa ou non a hai. Eu simplemente lles vou contar unha anécdota histórica que me parece importante. Houbo un político inglés eminente que foi Winston Churchill, citado hai un pouco por un portavoz dun grupo parlamentario. Vostede escribiu libros. El foi un bo escritor e premio Nobel. Vostede fala de grandes palabras; eu creo que son grandes palabras e pequenos pasos. El falou pouco pero ofreceulle unha gran solución ó seu país con sangue, dor e lágrimas. Gañou unha guerra, e ese foi o resultado. Tamén estaba seguro da súa victoria electoral, e sen embargo perdeu as eleccións. Vostede aquí non gañou ningunha guerra, señor Fraga Iribarne; polo tanto, teña coidado porque o pobo moitas veces dá curas de humildade e aposta pola eficacia.

Moitas grazas.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sánchez Presedo.

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez Presedo, nós non somos belicistas; mal podemos gañar guerras, porque non as provocamos.

Cando escoitei de novo o señor Castiñeiras e o señor Nogueira, e non digamos o señor Beiras, a min deume a impresión de que seguen a practica--la dialéctica da terra queimada. Teñen vocación de "Terminator", de Schwarzenegger; o que non sei é se é Terminator I ou Terminator II, ou acumulan tanto méritos que son os dous Terminator. É curioso. O señor Nogueira, pola súa banda, incluso afirmou que as súas expresións tiñan exactamente a mesma credibilidade cás do señor Cuíña --o meu compañeiro de Goberno--, cando afirmou que el de ser de esquerdas sería de Esquerda Galega. ¡Home!, señor Nogueira, non confunda. Vostede sempre fala de xeito e en ton transcendente, e o señor Cuíña é un gran humorista; ten o típico humor dun bo galego, e vostede pica. Creuno.

Seguindo co señor Nogueira, vou dar unhas breves pinceladas para terminar. A min a verdade é que me pareceu dramática a súa oferta, tamén en ton transcendente, feita desde esta tribuna a todo o bloque da oposición. Púxose vostede a si mesmo, señor Nogueira, de saldo, e a verdade é que nin así o aceptaron. Observará que o señor Beiras veu despois e falou de adquirir nove deputados sen liza electoral, cuestión que nesta Cámara ninguén lle cre salvo el. Pero, aínda que así sexa, debe ser contándoos a vostedes e mais a Coalición Galega na mesma lista, é dicir, nesta Cámara xa hai nove nacionalistas, se todos van na mesma lista, evidentemente poden chegar ós dez por aplicación da lei de onte, que tan sabiamente resucitou aquí o señor catedrático de Economía. Dito isto, xa sabe, bórrea, señor Beiras, do mapa; ou sexa, que non aceptou a súa oferta. É un saldo excesivamente desprazado, parece ser.

En canto ó señor Beiras, ¿que quere que lle diga? As súas palabras desde esta tribuna e a súa santísima ira recordáronme a Jomeini, pero a un Jomeini cauto que se refuxia en Castelao e en todo caso nos insultos, eso si, é unha salvagarda coa que pretende defenderse das invectivas dos que tamén temos lingua, señor Beiras. E xa sei que vostede é elitista, que tivo outro xeito de vida distinta á dos populares, que pretendemos ser populistas, pero que lle quede claro, o remedio é ben fácil: váiase vostede. Nós somos moitos e decidimos quedar, mentres Galicia decida que quedemos.

E saberá vostede, porque coñece a María Méndez, que ó parecer foi parte do axio de non se sabe que cuestión, que unha vez máis quere pintar Galicia como un país tercermundista. Vostede saberá por que a coñece, e chegado o seu momento xa nolo explicará.

En canto á gracia que di que me restaron nunha intervención cirúrxica, donosa elegancia, señor deputado, a que toca a circunstancias persoais non buscadas. Pero non se preocupe que eu nunca me poño sentimental. O certo é que eu xamais, nunca, pretendín a gracia, entre outras cuestións porque eu son un home. E dígolle máis: a gracia pode que a necesiten os "showman", os "camp" ou os sainetistas. Os populares que somos homes, nunca. Deixámosllela para as nosas donas deputadas e para as que non o son, que si a encerran en cantidades enormes exactamente igual có resto das deputadas presentes nesta Cámara, e canto público nos asiste tamén feminino.

De maneira que, señor Beiras, a súa corrección foi a destempo, como de costume, como mala é a súa memoria. Foi en novembro, e se quere o Diario ou o Boletín Oficial do Parlamento ensínolle que fala da votación. Este grupo parlamentario naquel momento non tivo a decisión de rexeita--la súa proposta, aínda que ganas non lle faltaron. Sígaa for-

mulando de aquí en adiante que naturalmente exercitarémo--las nosas ganas.

Conclúo dicíndolle a vostede que é un home de grande imaxinación; isto é evidente. Inventou neste país, á parte do terceiro mundismo, os muíños de vento, as ovellas e os odres. Nada diso existe, pero vostede converteuse en acometedor de muíños de vento, alanceador de ovellas e acoitelador de odres. E vostede un resucitado Alonso Quijano, pero decididamente, aínda que airado, fáltalle o quixotismo; esa era a gracia que Alonso Quijano tiña. Ten moito que aprender aínda.

Canto a vostede, D. Antolín Sánchez Presedo, señor portavoz da oposición, a verdade é que me pareceu inefable a defensa que a súa señoría fixo aquí das minorías e do nacionalismo, en canto á modificación da lei do 5%. ¿Quen vai crer que vostede veña esgrimir con sinceridade eses argumentos desde a tribuna?

Máis nada.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

(Pide a palabra a señora García Negro).

O señor PRESIDENTE: Señora García Negro, ¿para que pide a palabra?

A señora GARCIA NEGRO: Pídoa para unha petición.

O señor PRESIDENTE: ¿Para unha petición á Mesa?

A señora GARCIA NEGRO: Si, señor presidente, para unha petición.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora García Negro.

A señora GARCIA NEGRO: Que conste no "Diario de Sesións" que esta deputada non se sente de ningunha maneira incluída na abominable mención sexista que fixo o señor Vázquez Portomeñe, respecto das deputadas desta Cámara. Polo que a min respecta, non me considero en absoluto incluída, e o que poña ó servizo da miña formación política e do pobo galego, ó que estou representando nestes momentos, como en toda esta lexislatura, é a intelixencia e a defensa do noso proxecto político. Gracia que adquiran en cursiños de galego, por exemplo.

O señor PRESIDENTE: Que conste a súa protesta.

(Pide a palabra o señor Vázquez Portomeñe).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Portomeñe?

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Simplemente pido a palabra, señor presidente, para dicir que este deputado a exclúe moi gustosamente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente do Goberno para responder.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e señores deputados.

Comprendo que xa a fatiga chegue a moitos de nós e quizais a algúns dos que nos escoitan. De modo que vou ser breve. Nós presentamos catro volumes cheos de datos, que teñen pouco que ver con algunhas das improvisacións que se escoitaron. Teño que dicirlle ó meu paisano, señor Sánchez Castiñeiras, que falar de descualificación, cando eu non escoitei outra cousa nas palabras da oposición, paréceme unha

broma. Veu espertarnos. Ben. Eu insisto en que os datos que eu dei son os auténticos, todos teñen fonte oficial, e como é natural, non son propaganda. En todo caso, recórdolle que había unha meiga na miña vila, a famosa Freba, á que foi ve--lo señor cura para disuadila de continuar con aquelas prácticas, e citoulle varios textos importantes, e a meiga díxolle: "Señor cura, vostede ten os seus libros e eu teño os meus". Os nosos son os que dan as estatísticas oficiais e ós cales nos atemos.

Téñolle que reprochar ó señor Nogueira unha soa cousa, e a outro orador, do cal me sorprende menos que mencione a saúde dun deputado. É un tema moi serio. En tódolos parlamentos ben educados do mundo non se mencionan cuestións persoais. Pero, claro, el nunca se equivocou --xa o dixo--, ten a intelixencia da que nós carecemos, e pódese permitir certos excesos. Eu son, efectivamente, señor Nogueira --aínda que saiba menos de noces ca vostede, como é natural--, un galego máis que procura traballar á medida de Galicia. Falei de garavanzos cando tiña que ocuparme do conxunto das economías familiares de España, e falo moi pouco de capóns de Vilalba --que por certo son un bo produto e que ten o seu peso en medida--, que son os mellores do mundo, e dá moito traballo cebalos.

Quérolle dicir que as contas non son así. Cataluña ten 6 millóns de habitantes, nós non chegamos a 3. Se vostede fai as contas dos presupostos, verá que neste momento a súa cita é totalmente errónea.

Ben, señor Beiras, no seu catastrofismo, no seu tremendismo falou de tráfico de nenos --que evidentemente non hai en Galicia--, falou contra as parroquias, que son a base esencial do noso asentamento, espiritual e local. Ben. Vostede pode dici--lo que queira, pero en definitiva nós respectamos moito o concepto de parroquia. E di tamén que non falamos de nada. Recordo tamén que nun exame de química,

cando a un estudante lle preguntaron por algo, dixo: "Ben, eu collín o índice e aquí dicía: nitrato de prata, nitrato de cobre, de modo que non estudiei o libro, "e dixo o profesor: "Si, pero se vai máis adiante verá que aí hai citrato de prata, citrato de cobre...". Tratar tratamos de todo, naturalmente con puntos de vista diferentes. Hai quen se empeña en ver Galicia como un estado encerrado en si mesmo, con tódolos atributos dunha grande sociedade na que hoxe nin os Estados Unidos son capaces de ser autóctonos e que necesita un comercio mundial. Pois moi ben. Agora hai que ser ruso para ser bo populista polo visto. Populista é simplemente o home que cre no pobo, e que non trata de impoñerlle as súas ideas.

Tamén aquí, falouse da intelixencia que un ten, e se se ten que impoñer ós demais. Eu non teño inimigos na política, teño adversarios. E, naturalmente, procuro tratar mellor os amigos, e os aliados. Estaría ben que eu lles fixese máis caso ós que teñen ideas distintas das miñas sobre Galicia e soamente a descualificación, e que non ós amigos que me fan ver, de vez en cando, que se poden facer mellor as cousas. E rigorosamente falso que eu queira tratar cos sindicatos. Veñen moi a miúdo á nosa casa, tratamos constantemente, temos un Consello de Relacións Laborais, témosto propósito de facer un Consello Económico e Social, pero non negociámo--las decisións do Goberno. Nós escoitamos, falamos. Os sindicatos teñen o seu terreo de negociación no ámbito laboral. Na negociación da política industrial non é posible negociar.

En canto ó famoso banco público --que tanto lle doe ó señor Beiras, que non cre que ese si que sería a verdadeira banca Fraga--, convén recordar que un banco público sen poderes monetarios non é tal cousa. É simplemente unha broma das moitas a que nos ten acostumados o señor Beiras, que, polo visto, mesmo quería que estivese por aí voando o fantasma de Castelao, e non ente-

rrado onde debe estar, no Panteón de Galegos Ilustres, e por certo presidindo, porque alí está o Consello da Xunta, o que se seguirá facendo mentres eu a presida.

Señor Presedo, estou eu comprometido. Leo as notas que vou tomando, porque gústame reflectir exactamente o que se di. Sei dun discurso, o seu, que foi presentado previamente --porque o dixeron os xornais, se realmente din a verdade-- ó seu comité, e paréceme moi natural nas súas bases esenciais. Pero teño que dicir que, polo feito de vir dunha familia modesta, fago o que fan as familias modestas. Nós non sómo--los que máis gastámo--lo que hai que gastar. A vostede parécelle mal que, ademais de andar por aí procurando investimentos para Galicia, polo ben dos nosos produtos das feiras agrarias, ou facendo o que teño que facer nunha Comisión europea, onde nunca houbo tanto diálogo, e onde mencionei decenas de miles de millóns para investir en Galicia, eu vaia ve--los galegos; ó mesmo tempo sorpréndeme. Trinta saíron xa do cárcere en Cuba, e miles reciben en Arxentina axudas que nunca tiveron. Teño que dicir que vostede está mal informado. Cando van por aí os xefes de Goberno ingleses, alemáns, van ve--los seus paísanos, a diferencia está en que son países de menos emigración cá nosa. Penso eu que iso si o saben.

A política de turismo --e permítame que lle diga que eu teño recoñecida a autoridade a nivel mundial nesta materia, aínda que noutros aspectos non a teña e cada mes rexeite unha invitación para ir a unha conferencia internacional como relator-- teño que dicir que non se fai con leis, fai falla unha lei básica, unha lei de disciplina, e despois faise con isto e con moito gasto de zapatos. Creo que algo podo dicir diso, e non invento. Pero non é isto nin outras cousas aquilo que imos facer. ¿Non se está facendo a primeira autovía galega a Carballo? ¿Non se está facendo a vía do Salnés? ¿Non se están facendo

máis concentracións parcelarias agora nun ano ca antes en tres? Iso é o que se está a facer. Os polígonos que a vostede lle parecen moito, e os parques tecnolóxicos, e os parques ofimáticos, evidentemente son un indicio de que si pensamos na verdadeira promoción industrial.

Respecto das cadeiras baleiras, coidado con iso. Nós non deixámo-las cadeiras baleiras, a miña cadeira non está nunca baleira, nin de día nin de noite, e que non se fagan ilusións os que a queiran ocupar. Pero quero dicir que naquela ocasión o que votaron vostedes foi o Estatuto aquel da aldraxe que despois houbo que rectificar; iso foi o que votaron.

A lei electoral non era tema desta xuntanza, pero naturalmente eu recollo esa luva. Naturalmente que a nosa lei electoral se pode mellorar, naturalmente que a Constitución prevé unha modificación, naturalmente que non se pode facer unha lei electoral á medida do señor Nogueira, hai que facela a medida de Galicia. E fógome moito de escoitalle o eloxio de Winston Churchill, que certamente non era un político socialista. Eu, gracias a Deus, non teño que facer ningunha guerra, non participei en ningunha, fixen todo canto puider na miña vida por evitalas, pero si lle podo dicir que Churchill, comparado con calquera líder do seu partido na Europa do seu tempo, é outra cousa, é outra medida, e fógome moito de que vostede o recoñeza. Creo que non hai propostas de alternativas, nin xuntas nin separadas, pero si creo --e dígoo unha vez máis-- que todos queremos colaborar con Galicia por Galicia, toda proposta que veña dese espírito e feita desde a seriedade será certamente aceptada, loubada e agradecida polo noso Goberno.

Moitas gracias.

(Pide a palabra o señor Nogueira Román).

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, unha vez que acabaron, salvo que queira expoñer unha cuestión de orde, non hai máis rolda de intervencións.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Unha cuestión de orde, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Expoña e diga o precepto regulamentario ó que nos imos referir.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Si, voume acoller ó mesmo precepto que o señor Portomeñe, señor presidente, para dicirlle que vexo que o señor Fraga está obsesionado co señor Nogueira, mellor sería que coñecese os números do seu presuposto como...

O señor PRESIDENTE: Non é unha cuestión de orde. Retírolle a palabra.

(Pide a palabra o señor Sánchez Presedo).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Sánchez Presedo?

O señor SANCHEZ PRESEDO: Creo que debe constar en acta que, na votación do Estatuto, cando se produciu a votación na Comisión constitucional, foi precisamente o Grupo Socialista o que votou en contra. Isto é unha realidade histórica que non se debe desvirtuar, e quero dicirlle ó presidente da Xunta de Galicia que a cadeira do presidente lle pertence ó pobo galego e non a Manuel Fraga Iribarne.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Queda admitida a precisión histórica.

Estaba previsto, na ordenación

do debate, abrir un prazo ata as trece horas para a presentación de propostas de resolución. Dado que o debate propiamente dito remata no día de hoxe, pregúntolle á Cámara se este prazo se pode adiantar ás doce. (Negación).

Entón ás trece horas remata o prazo de presentación, e a Mesa reunirase a seguir para cualificarlas. Posteriormente seránlles notificadas ós grupos. O Pleno reanudarase pola tarde ás dezasete horas.

Suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión.

Eran as dez e corenta e cinco minutos da noite.

FOLLA DE SUBSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome.....
Domicilio.....
Cidade..... Teléfono.....
Desexo subscribirme ó Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día..... de..... de 19..... ata o 31 de decembro de 19.....
Con data..... de..... de 19....., envíolles por xiro ou talón nominativo, número....., a cantidade de.....pesetas.
..... de..... de 19.....
Asinado

Edición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Subscripción anual: 3.000 ptas. Número solto: 75 ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre.....
Domicilio.....
Ciudad..... Teléfono.....
Deseo suscribirme al Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas a partir del día..... de..... de 19..... hasta el 31 de diciembre de 19.....
Con fecha..... de..... de 19....., les envío por giro postal o talón nominativo, número..... la cantidade de.....pesetas.
..... a..... de..... de 19.....
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Suscripción anual: 3.000 ptas. Número suelto: 75 ptas.

NOTA:

A subscripción é anual, por anos naturais. O período da subscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, para efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.